

MEMORIA

*de responsabilidade
social universitaria*

2024





Entidade: Universidade de Vigo

Responsable da RSU: Vicerreitoría de Extensión Universitaria

Equipo redactor: Unidade de Análises e Programas

Cartas do presidente do Consello Social e do reitor	7
Carta do presidente do Consello Social.....	7
Carta do reitor	8
Capítulo 1. Introducción, alcance e obxectivos da memoria.....	11
1.1 Código ético	12
1.2 Normas de convivencia	12
1.3 Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social	13
1.4 Obxectivos e principios da memoria	14
Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo	18
2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo.....	18
2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo	18
2.2.1. Infraestruturas	19
2.2.2. Comunidade universitaria.....	20
2.2.3. Certificacións de sistemas de xestión de calidade.....	22
2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo	26
A) Órganos colexiados	26
B) Órganos unipersoais	28
2.4 Oferta académica	28
2.5 Principais indicadores en materia de investigación e de transferencia.....	33
2.6 Centros de apoio á investigación	37
2.7 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo	38
2.7.1 Premios e distincións	39
2.7.2. Posición nas clasificacións	39
2.8 O Plan estratéxico 2021-2026 e o seu seguimento	41
Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade.....	43
3.1 Axenda 2030 e ODS.....	43
3.2 A responsabilidade social nos procesos de ensinanza-aprendizaxe	43
3.2.1. Campus virtual	57
3.2.2. Innovación educativa.....	59
3.2.3. Accións de titorización do estudantado	59

3.2.4. Calidade na docencia	60
3.3 A responsabilidade social na investigación, na divulgación e na transferencia do coñecemento.	66
3.3.1. Grupos de investigación en áreas vinculadas coa responsabilidade social.....	66
3.3.2 Responsabilidade nas actividades de divulgación científica.....	73
3.3.3 A responsabilidade na transferencia.....	76
3.3.4 Centros de investigación: Atlanttic, CIM, Cinbio, Cintecx e Ecobas	77
3.3.5 Ética na investigación	85
3.4 Especialización dos campus.....	87
3.4.1 Campus do Mar	87
3.4.2 Campus Auga.....	89
3.4.3 Campus Crea.....	90
3.4.4 Vigo Tecnolóxico	92
3.5. THE Impact	94
3.6. Transparencia	95
Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas	99
4.1 Estudiantado	99
4.1.1 Orientación ao estudiantado	99
4.1.2 Bolsas.....	100
4.1.3 Prácticas e acceso ao mercado laboral.....	101
4.1.4 Inserción laboral	104
4.2 Persoal da Universidade de Vigo	107
4.2.1 Persoal docente e investigador (PDI).....	108
4.2.2 Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS)	108
4.2.3 Persoal investigador (PI)	109
4.2.4 Beneficios sociais	110
4.2.5. Formación do persoal	111
4.2.6 Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.....	112

4.3 Promovendo a igualdade de xénero e a integración	113
4.3.1 Igualdade de xénero	113
4.3.2 Conciliación da vida familiar e laboral	114
4.3.3 Medidas de apoio á inserción de persoas con necesidades específicas	115
4.4 Alumní	118
4.4.1. Observatorio de Persoas Tituladas.....	118
4.5 Internacionalización e mobilidade	121
4.5.1 Datos de mobilidade nacional e internacional	121
4.5.2 Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo	124
4.6 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria.....	126
4.6.1. Representación na xestión ordinaria da universidade nos seus órganos de goberno	126
4.6.2 Valedoría Universitaria	129
4.6.3 Xestión de conflitos.....	130
4.6.4 Caixa de queixas, suxestións e parabéns.....	131
4.6.5 Canles de comunicación coa sociedade.....	132
4.7. Persoal traballador non empregado.....	136
Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica	139
5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo	139
5.2. Relación económica coas partes interesadas.....	142
5.3. A contratación administrativa	143
5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos	144
5.5 Indicadores económico-financeiros e entidades participadas.....	146
5.6 Medidas antifraude.....	147
5.7 Impacto económico da actividade da Universidade de Vigo	148
Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente	150
6.1 Obxectivos e balance de actuación	150
6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos	150
6.4 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo.....	153
6.5 Boas prácticas cara á redución	156
6.6 Consumos	157

6.7 UI GreenMetric World University Rankings	159
6.8 Enquisa de autodiagnóstico de avaliación de sostibilidade ambiental (CRUE).....	160
Capítulo 7. Compromiso coa sociedade	163
7.1 Transferencia social e cultural.....	163
7.1.1 Participación da comunidade universitaria en actividades de responsabilidade social	163
7.1.2 A responsabilidade social nas actividades de extensión universitaria	163
7.2 Promovendo a colaboración cos axentes sociais.....	165
7.3 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado e a cooperación	165
7.4 Universidade saudable	168
7.4.1. Acceso ás instalacións.....	168
7.4.2. Iniciación deportiva e actividades na natureza	169
7.4.3. Competicións universitarias	169
7.4.4. Saúde.....	170
7.4.5. Formación.....	170
7.4.6. Outras actividades e eventos	170
7.5 Servizos de biblioteca.....	171
7.6 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega	172
7.7 Responsabilidade social e cooperación	173
Anexo I. Índice de contidos GRI.....	179
Anexo II. Relación de ODS.....	187
Anexo III. Outras memorias e fontes	189
Anexo IV. Metodoloxía	193



Cartas do presidente do Consello Social e do reitor

Carta do presidente do Consello Social

A Universidade de Vigo presenta unha nova memoria de responsabilidade social que manifesta o esforzo colectivo realizado para contribuír aos obxectivos que o conxunto da institución ten marcados neste ámbito. Un amplo traballo ben documentado que nos permite saber onde estamos, o que levamos andado e o camiño que vén a continuación.

Para nós é importante sabermos de onde vimos e cara a onde avanzamos, xa que a nosa responsabilidade é elevada e debemos responder a este compromiso. Ao dispormos desa información obrigámonos a traballar máis para obter máis e mellores respostas, propostas ineludibles para quen estamos comprometidos cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. Compartimos coa Unesco –na súa Declaración mundial sobre educación superior no século XXI– a convicción de que a educación é un instrumento poderoso para inducir cambios que logren un desenvolvemento sostible.

Avanzar nesta liña é avanzar en facermos da Universidade de Vigo unha institución socialmente máis responsable en cada eixe do seu quefacer, na docencia, na investigación, na transferencia do coñecemento, na internacionalización, no impacto no territorio, no compromiso social, medio ambiental e coas persoas e no desenvolvemento sostible.

E esta memoria, este informe, recolle a evolución da UVigo cara a un modelo de universidade transformadora que é tamén unha forma de devolverlle á sociedade todo o apoio e confianza que ela deposita en nós. Debemos ser conscientes e continuar nese camiño, neses cambios, porque temos o coñecemento e a capacidade de transmitilo e aplicalo.

Quero agradecerlles a dedicación e o esforzo ás persoas que recolleron todos os datos e actuacións, un traballo que nos axuda a avanzar e a valorar o feito e tamén a darlles luz aos camiños do futuro.

Ernesto Pedrosa Silva

Presidente do Consello Social

Carta do reitor

A Universidade de Vigo marca como prioridades da súa acción influír na contorna e seguir alumeando, con base no coñecemento, a sociedade na que se insire. En primeiro lugar, facendo do mellor modo posible e cos máximos niveis de compromiso e esforzo as tres misións básicas da universidade. Entendemos como institución que a formación dos nosos egresados e egresadas é a primeira fonte de coñecemento que ten que mellorar a sociedade. A formación de calidade que acadamos na nosa universidade pública, galega e de calidade, é o mellor e o primeiro fito para conseguir unha sociedade máis próspera, máis baseada no coñecemento..., pero tamén máis relacionada con valores como a solidariedade, a igualdade entre homes e mulleres, o respecto e o agarimo polas distintas realidades sociais ou o esforzo partillado para acadar unha sociedade na que ninguén quede atrás, moito máis inclusiva.

A segunda grande achega da Universidade de Vigo á sociedade ten que ver coa investigación. Somos unha universidade que sempre fixo fincapé na calidade e na intensidade da xeración de coñecemento, ata acadar postos moi relevantes na escena internacional. Tamén temos en conta a investigación relacionada cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), o que amosa unha forte ligazón entre o noso tecido investigador e as solucións que precisa a sociedade para responder aos grandes retos do futuro da sociedade.

Tamén forma parte da nosa marca como universidade a implicación en tarefas de transferencia do coñecemento. Non só as empresas, que por suposto son receptoras de gran parte dos nosos esforzos, senón tamén institucións e organizacións coas cales podemos traballar xuntos na busca do ben social.

Os nosos valores, máis alá de sermos unha universidade pública de calidade, son a tolerancia, a solidariedade, o respecto pola diversidade, o esforzo por acadar a igualdade entre homes e mulleres, o compromiso cos obxectivos de desenvolvemento sostible e, moi especialmente, a sustentabilidade como institución e como sociedade.

Na presente memoria recóllense os datos sobre o noso compromiso social e sobre a actividade da comunidade universitaria nos campus de Pontevedra, Ourense e Vigo, e o que se fai internacionalmente, tanto a través da nosa universidade europea ATHENA coma en moitas outras alianzas. En especial, inclúense as achegas realizadas pola UVigo ao respecto dos ODS da Axenda 2030 das Nacións Unidas.

Os datos recollidos permiten albiscar unha visión da nosa institución universitaria na que se amosa a solidez institucional, o carácter inclusivo, a aposta polo progreso, a preocupación e a mellora da calidade da docencia, o enorme potencial das accións de I+D levadas a cabo polo noso persoal, o noso compromiso coa mellora do medio ambiente e coa axenda sociocultural, e os nosos esforzos.

Por suposto, quedan aínda cousas por facer e melloras que, sen dúbida, virán nos anos vindeiros. Pero o traballo xa feito, xunto cos esforzos para medir a nosa actividade neste eido, fan presaxiar un círculo virtuoso para o futuro inmediato.

Aproveito esta carta para agradecer o traballo, o compromiso e o esforzo de todos e todas para facer da UVigo unha institución socialmente máis responsable, eficiente, excelente e sostible, que sexa quen de construír unha sociedade mellor.

Manuel Reigosa

Reitor



Capítulo 1. Introducción, alcance e obxectivos da memoria

A publicación da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, supón un novo contexto normativo no ámbito universitario aliñado cos informes de sostibilidade e nos que se reporta o desempeño ambiental, social e económico da organización. A citada lei, coñecida como LOSU, establece no seu artigo 3.5 o seguinte: «...as universidades deberán renderlle contas á sociedade do uso dos seus medios e recursos humanos, materiais e económicos, desenvolver as súas actividades mediante unha xestión transparente e ofrecer un servizo público de calidade», cuxo enunciado coincide plenamente cos obxectivos que reportan os informes de sostibilidade ou responsabilidade social.

A LOSU consagra plenamente en moitos dos seus artigos os temas materiais recollidos na presente memoria e que segue o estándar universal «GRI 3. Temas materiais». Os temas materiais son os temas que representan os impactos máis significativos sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluídos os impactos que afectan aos dereitos humanos. Eses temas materiais quedan recollidos nos seguintes artigos:

- ...a Lei consagra a transparencia e o rendemento de contas das universidades públicas... (preámbulo).
- ...fomento da participación da comunidade universitaria e da cidadanía (artigo 2.2.j)).
- ...fomento da equidade e igualdade, o impulso da sostibilidade, a loita contra o cambio climático e os valores... dos ODS (artigo 2.3).
- ...fomentarán a participación da comunidade universitaria... na promoción da democracia, igualdade..., asemade nos ODS (artigo 18.1).
- ...velarán por que os seus campus sexan climaticamente sostibles..., Estratexia de mitigación e adaptación ao cambio climático... para facer fronte á emerxencia climática (artigo 18.2).
- ...implicaranse de maneira directa no desenvolvemento do seu contorno.... (artigo 18.3).
- ...promoverán un desenvolvemento económico e social equitativo, inclusivo e sostible... (artigo 18.4).
- ...deberán establecer mecanismos de rendemento de contas e de transparencia na xestión... (artigo 39.1)
- ...deberán establecer nos seus estatutos os mecanismos de rendemento de contas... (artigo 39.2).
- ...deberán contar cun portal de transparencia e garantir o dereito de acceso á información que consideren institucionalmente relevante... (artigo 39.3).
- ...información actualizada nos portais de transparencia dos espazos de participación... (artigo 44.6).
- ...someterase aos principios de transparencia e rendemento de contas... (artigo 59.1).

A Universidade de Vigo vén presentando anualmente memorias de responsabilidade social desde a súa primeira edición de 2010 como un xeito de rendemento de contas á sociedade e que agora, como se comentou anteriormente, a lei consagra e obriga. A presente memoria édítase de conformidade co estándar Global Reporting Initiative (GRI) para a elaboración de memorias de sostibilidade e cuxo índice de contidos GRI queda detallado no anexo I. A explicación do proceso de elaboración queda detallada na metodoloxía seguida e que se pode consultar no anexo IV.

A LOSU establece o fomento dos valores que se desprenden dos obxectivos de desenvolvemento sostible (artigo 2.3), así como a participación da comunidade universitaria neles (artigo 18). Na presente memoria recóllese no anexo II un índice detallado dos apartados aliñados cos ODS.

Por último, a LOSU establece no artigo 39.4 que «As universidades velarán polo cumprimento dos principios éticos e de integridade académica, así como das directrices antifraude, que deben guiar a función docente e a investigación, en colaboración cos organismos e plans dos que, para estes efectos, dispoña cada universidade», que a continuación se detalla.

1.1 Código ético

O artigo 19 do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro de 2017, indica que «O código ético aprobado pola Xunta de Galicia será de aplicación na universidade, sen prexuízo de que esta decida aprobar as normas específicas de adaptación ao ámbito universitario». Polo tanto, son de aplicación como principios éticos na Universidade de Vigo os recollidos no código ético da Xunta de Galicia.

Na Universidade de Vigo desenvolvéronse normas específicas de aplicación ao ámbito universitario co seu propio código ético, aprobado polo Claustro Universitario o 18 de abril de 2023, e que foi elaborado pola Comisión de Ética da Investigación (CETIC) da nosa universidade. No período de outubro a decembro de 2022 tivo lugar o proceso aberto de participación da comunidade universitaria, durante o cal se recibiron numerosas achegas, que foron valoradas e, nalgúns casos, incorporadas ao texto. Este código ético, de acordo co Plan estratéxico 2021-2026, ten como misión contribuír a mellorar a vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

O obxectivo do código ético é ser unha guía de actuación que oriente e apoie os dereitos e as obrigas da comunidade universitaria no exercicio da súa liberdade e responsabilidade. Así mesmo, a Universidade de Vigo ten un compromiso académico e social cos dereitos humanos, as institucións, os dereitos e os ideais democráticos da cidadanía. A este código ético está suxeita toda a comunidade universitaria e todos os ámbitos de actuación: a investigación, a docencia, a aprendizaxe, a transferencia de coñecemento, a formación continua, a extensión cultural e científica, a comunicación, a xestión, a administración e os servizos, entre outros.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/513>

1.2 Normas de convivencia

En cumprimento da Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria, a Universidade de Vigo elaborou as súas propias normas de convivencia, que foron aprobadas polo Claustro Universitario o 18 de abril de 2023. O obxectivo é favorecer o entendemento, a convivencia pacífica e o pleno respecto dos valores democráticos, os dereitos fundamentais e as liberdades públicas no ámbito universitario.

A normativa foi elaborada coa participación e coa audiencia de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus respectivos órganos de representación, en coordinación coa Unidade de Igualdade e a Unidade de Diversidade, e tendo en conta o Protocolo de acoso sexual e por razón de sexo, os demais protocolos, diagnoses e plans previos existentes sobre a materia, como o Plan estratéxico 2021-2026.

A normativa establece as medidas preventivas de resposta contra a violencia, a discriminación e o acoso, e asemade a protección das vítimas. Establece os principios fundamentais para a convivencia como a liberdade académica, a liberdade de expresión e o dereito de reunión e asociación fundamentado nos valores de transparencia, integridade, respecto, igualdade, responsabilidade e sostibilidade, e na calidade e excelencia.

Queda regulada a Unidade de Xestión Positiva de Conflitos e Convivencia e os principios aplicables aos medios positivos de solución de conflitos de convivencia. Finalmente, establécese a composición e o procedemento ante a Comisión de Convivencia e Bo Goberno, cuxa composición será aprobada polo Consello de Goberno, e que terá como misión resolver calquera dúbida ou denuncia con respecto ao cumprimento do código ético como a toma de consideración dos procedementos de mediación.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/569>

1.3 Alcance e cobertura da memoria de responsabilidade social



O período cuberto por esta memoria correspóndese, en termos xerais, co curso académico, aínda que, debido á existencia dalgúns informes de xestión que contabilizan os datos por anos naturais, nalgúns casos incorpórase información relativa ao ano natural correspondente. Esta flexibilidade permite ofrecer unha visión máis completa e precisa do desempeño da Universidade de Vigo.

Esta memoria é a **décimo quinta** dunha serie elaborada con periodicidade anual. A primeira memoria baseouse no ano 2010, con datos do curso académico 2009/2010, e así sucesivamente ata a última, que recolle o desempeño acadado no curso 2023/2024 e incorpora datos do ano natural 2024.

O informe inclúe os resultados dos impactos ambientais, económicos e sociais máis relevantes xerados pola actividade da Universidade de Vigo, sen limitacións de alcance. Ademais, recolle algúns dos contidos especificados nos estándares «GRI 1: Fundamentos 2021», «GRI 2: Contidos xerais 2021» e «GRI 3: Temas materiais 2021», cubrindo así as principais esixencias internacionais en materia de reporte de sustentabilidade. A información abrangue a Universidade de Vigo cos seus campus e, só parcialmente, as entidades xuridicamente independentes nas que participa a universidade.

En liña co principio de mellora continua e cun enfoque participativo, faise un chamamento aos distintos grupos de interese para que acheguen as súas contribucións, co obxectivo de perfeccionar tanto as políticas de responsabilidade social da Universidade de Vigo coma a calidade desta serie de memorias. A participación activa dos grupos de interese é fundamental para garantir que a memoria reflecta de forma fiel e útil a realidade e o compromiso da institución.

1.4 Obxectivos e principios da memoria



Os obxectivos básicos que persegue a Universidade de Vigo coa elaboración desta serie de memorias son os seguintes:

- Incorporar a sustentabilidade como valor clave de xestión, buscando o equilibrio entre o curto e o longo prazo, e favorecendo a evolución e a fortaleza institucional.
- Integrar o concepto de responsabilidade social no seu acervo cultural, convertendo o rendemento de contas e o diálogo cos grupos de interese nun hábito consolidado dentro da universidade.
- Dispor dunha ferramenta de xestión adicional que permita fixar obxectivos e avalialos a través do triplo balance: social, económico e ambiental, facilitando así a toma de decisións fundamentadas e a mellora continua.

Para garantir a calidade e a relevancia destas memorias, seguiuuse como referencia os principios establecidos pola Global Reporting Initiative (GRI) no estándar universal «GRI 1: Fundamentos 2021». Estes principios, que deben empregarse de xeito combinado, permiten definir tanto o contido coma a calidade das memorias de sustentabilidade. Os principios GRI son:

Precisión

O principio de **precisión** esixe que a organización presente información correcta e suficientemente detallada para permitir unha avaliación rigorosa dos seus impactos. No caso da Universidade de Vigo, a responsabilidade de garantir a precisión dos datos, tanto cuantitativos coma cualitativos, recae na Unidade de Análises e Programas. Esta unidade encárgase de recoller, centralizar e almacenar os datos estatísticos da universidade, así como de realizar estudos, informes e análises a demanda dos órganos de goberno e da comunidade universitaria. Ademais, subministra información tanto a usuarios/as internos (comidade universitaria e órganos de goberno) coma a usuarios/as externos (INE, IGE, Xunta de Galicia, SIIU...), e xestiona a publicación desta información no portal de transparencia institucional.

Equilibrio

O principio de **equilibrio** esixe que a organización presente información de maneira obxectiva, sen negos, e que realice unha representación xusta tanto dos impactos negativos coma dos positivos derivados da súa actividade. Isto implica recoñecer os logros e os avances, pero tamén identificar e comunicar de forma transparente os aspectos nos que existen retos, dificultades ou áreas de mellora.

Na memoria da Universidade de Vigo, este principio reflíctese na presentación de datos acompañados de gráficos que ilustran as tendencias anuais, tanto cando estas son favorables como cando amosan retrocesos ou desafíos. Estes gráficos permiten visualizar de maneira clara a evolución dos principais indicadores, facilitando así unha análise equilibrada e honesta do desempeño institucional.

Claridade

O principio de **claridade** require que a información presentada na memoria sexa comprensible, accesible e fácil de interpretar para todos os grupos de interese.

Segundo as orientacións da Global Reporting Initiative (GRI), a memoria debe estar redactada de forma que o seu contido sexa transparente e accesible, proporcionando explicacións claras para termos especializados e estruturando a información de maneira lóxica e coherente. Ademais, o uso de recursos visuais como gráficos, táboas e esquemas contribúe a mellorar a comprensión e a facilitar a análise dos datos.

Comparabilidade

O principio de **comparabilidade** require que a organización seleccione, compile e presente a información de maneira sistemática, facilitando así tanto a análise da evolución dos seus impactos ao longo do tempo coma a comparación destes impactos con outras organizacións. Na Universidade de Vigo, este principio cúmprese mediante a publicación de datos en series temporais e gráficos no portal de transparencia institucional, o que permite visualizar tendencias e evolucións relevantes.

Ademais, a universidade publica informes de posicionamento, informes de seguimento, memorias de actividades e a conta anual, ofrecendo así unha visión completa do período obxecto da memoria e permitindo comparar os datos con exercicios anteriores.

Exhaustividade

O principio de **exhaustividade** esixe que a organización presente información suficiente e detallada para que os grupos de interese poidan avaliar de maneira completa os seus impactos durante o período do informe. Isto implica cubrir todas as dimensións relevantes –económica, social e ambiental– e ofrecer datos tanto cualitativos coma cuantitativos, así como evidencias sobre o alcance e a cobertura das actividades reportadas.

Na memoria da Universidade de Vigo, búscase garantir esta exhaustividade detallando a información relevante directamente no documento e, cando é necesario, indicando claramente onde se pode atopar información complementaria. Para facilitar o acceso a máis datos ou evidencias, en cada apartado inclúese unha ligazón específica que remite ao portal de transparencia ou a outras fontes institucionais. Deste modo, calquera persoa interesada pode profundar na análise dos indicadores, metodoloxías ou resultados presentados.

Contexto de sostibilidade

O principio de **contexto de sostibilidade** esixe que a organización presente información sobre os seus impactos considerando o marco máis amplo do desenvolvemento sostible. No caso da Universidade de Vigo, este requirimento cúmprese a través da determinación dos temas materiais, explicitados na metodoloxía e desenvolvidos nos apartados da memoria relativos ás dimensións económica, ambiental e social. O obxectivo é ofrecer a máxima transparencia sobre como a universidade contribúe ao desenvolvemento sostible, tanto a nivel interno coma no seu contorno.

A Universidade de Vigo participa activamente en referencias internacionais e nacionais que avalían o seu desempeño en sostibilidade, como o **THE Impact Rankings** (apartado 3.5), que mide o impacto das universidades nos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030; o **UI GreenMetric World University Rankings** (apartado 6.7), que compara o compromiso ambiental das universidades a través de indicadores específicos; e a **Enquisa de autodiagnóstico de avaliación de sostibilidade ambiental da CRUE** (apartado 6.8), que permite situar a universidade no contexto das universidades españolas en materia ambiental.

Ademais, a Universidade de Vigo desenvolve plans e programas propios, como o **Plan Suvi** (Plan de Sostibilidade da Universidade de Vigo), centrado no desenvolvemento e na aplicación de enerxías limpas, aforro enerxético e mellora continua na xestión ambiental.

Puntualidade

O principio de **puntualidade** require que a organización presente a información de forma periódica e a poña á disposición do público a tempo para que as persoas usuarias poidan tomar decisións informadas. Na Universidade de Vigo, cada memoria indica claramente o seu alcance e cobertura (apartado 1.3), e a información relevante publícase tanto no portal de transparencia coma na web institucional, cumprindo coas obrigas das leis estatal e autonómica de transparencia, así como co propio regulamento interno (apartado 3.6).

Ademais, a Universidade de Vigo sométese á verificación de organizacións externas da sociedade civil, como a Fundación Haz e a plataforma colaborativa Dyntra. Estas entidades avalían periodicamente o grao de cumprimento dos estándares de transparencia e gobernanza das universidades españolas.

Verificabilidade

O requirimento de **verificabilidade** establece que a organización debe recoller, rexistrar, compilar e analizar a información de maneira que poida ser examinada para determinar a súa calidade. No caso da Universidade de Vigo, este principio cúmprese grazas á existencia da Unidade de Análises e Programas, que centraliza e almacena os datos estatísticos da universidade, elabora informes e estudos, e xestiona o portal de transparencia institucional. Esta unidade garante que toda a información publicada, especialmente no portal de transparencia, indique claramente a súa fonte e se publique en formatos reutilizables, facilitando así a comprobación e a reutilización dos datos por calquera parte interesada.

Ademais, a Universidade de Vigo está sometida a numerosas auditorías e procesos de certificación coordinados pola Área de Calidade, o que reforza a fiabilidade e a trazabilidade dos datos presentados (apartado 2.2.3). Estes procedementos inclúen tanto revisións internas coma externas, asegurando que os datos e os indicadores utilizados na memoria de responsabilidade social sexan obxectivos, consistentes e contrastables.



Capítulo 2. Datos básicos da Universidade de Vigo

No capítulo 2, preséntanse as principais actividades e magnitudes de referencia da institución, aplicando as recomendacións dos estándares universais GRI 1, GRI 2 e GRI 3. Esta adaptación aos principios da Global Reporting Initiative, iniciativa inserida no Pacto Mundial ao que a Universidade de Vigo está adherida, contribúe a garantir a normalización e a actualización dos indicadores dispoñibles no portal de transparencia, servindo de base para o avance da responsabilidade social universitaria e a participación dos grupos de interese.

A finalidade deste informe é informar os grupos de interese sobre quen é a Universidade de Vigo, os seus valores, a dimensión e o alcance do seu traballo, así como o compromiso cos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. Ademais, pretende abrir un espazo permanente de diálogo e mellora continua, facilitando a transparencia, o rendemento de contas e a participación activa de toda a comunidade universitaria

2.1 Presenza da responsabilidade social na Universidade de Vigo.



Misión e visión

Segundo o Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026), a súa misión é contribuír a mellorar a vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

O mesmo plan estratéxico define a visión da Universidade de Vigo como a dunha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove valores fundamentais como a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.

A universidade persegue estes obxectivos mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade, orientadas á creación e á transferencia de coñecemento no tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual nunha sociedade pluricultural e plurilingüe.

Ademais, a Universidade de Vigo aspira a ser recoñecida por un goberno transparente e participativo, centrado na satisfacción integral do estudantado e do persoal, na captación de talento e nun maior grao de recoñecemento internacional nos ámbitos das humanidades, xurídico-social, das ciencias experimentais, das ciencias da saúde e da enxeñaría.

2.2 Principais magnitudes da Universidade de Vigo



A Universidade de Vigo, creada en 1989, é unha institución de servizo público, moderna e innovadora, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, comprometida coa igualdade e co progreso económico e o benestar social de Galicia. No ámbito das súas competencias, correspóndelle ao servizo

público da educación superior, tal e como establece a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia.

Conta con personalidade xurídica e un patrimonio propios, e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades, como se especifica no artigo 1 dos seus estatutos.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/arquivo-normativa/estatutos-universidade>

A universidade está estruturada en tres campus: Ourense (As Lagoas, 32004 Ourense), Pontevedra (A Xunqueira, 36005 Pontevedra) e Vigo (As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo), onde tamén se atopa a sede da Reitoría (contido 2-1). Esta institución está estreitamente vinculada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedicando especial atención ao estudo e desenvolvemento da súa cultura e medio, e proxectándose activamente sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, investigación e desenvolvemento.

En canto á súa estrutura organizativa, a universidade intégrase por escolas, facultades, departamentos e outros centros ou estruturas necesarias para o desempeño das súas funcións, tal e como se recolle no título I dos seus estatutos, «Estrutura, goberno e administración da universidade» (artigos do 6 ao 50).

2.2.1. Infraestruturas

Infraestruturas da Universidade de Vigo (2023/2024)

Campus	3
Centros universitarios propios	26
Centros adscritos	7
Centros de apoio á investigación	4
Centros interuniversitarios	3
Centros de investigación	4
Institutos de investigación	3
Departamentos	47
Áreas de coñecemento	140
Edifícios	44
Superficie construída (m ²)	446 371
Residencias universitarias	3

Número de departamentos por ámbito de coñecemento

Ámbito científico	11
Ámbito xurídico-social	13

Ámbito humanístico	9
Ámbito tecnolóxico	14

Servizos da Universidade de Vigo

A estrutura organizativa administrativa desagregada por servizos da área académica, económica, institucional, investigación, recursos humanos, desconcentrada e xerencia pódese consultar nas seguintes ligazóns:

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa>


2.2.2. Comunidade universitaria

A Universidade de Vigo está constituída por dous grandes grupos de persoas: o estudantado e o persoal traballador.

Estudiantado en titulacións oficiais no curso 2023/2024

Estudo	Estudiantado matriculado	Mulleres	% de mulleres
Graos de 1.º e 2.º ciclo	15 966	8330	52,17 %
Mestrado	2153	1174	54,53 %
Programas de doutoramento	1609	850	52,83 %
Total	19 728	10 354	52,48 %

Comparativa interanual no número de estudantes que cursan os seus estudos na nosa universidade



Desde o ano 2019, a matrícula na Universidade de Vigo experimentou unha lixeira diminución, ao situarse arredor dos 19 700 estudantes matriculados. Esta tendencia reflicte un pequeno descenso no número total do alumnado, que pode estar influído por diversas variables demográficas e sociais, así como por cambios na oferta educativa ou nas demandas do mercado laboral.


Persoal traballador a 31/12/2024

Tipo de persoal	Total	% de mulleres	% de persoas estranxeiras
PDI	1571	43,09 %	0,72 %
PTXAS	789	60,58 %	0 %
PI	836	50,72 %	12,08 %
Total	3196	45,62 %	2,69 %

PDI (persoal docente e investigador)

PTXAS (persoal técnico, de xestión e de administración e servizos)

PI (persoal investigador)



2.2.3. Certificacións de sistemas de xestión de calidade

A Universidade de Vigo conta con diversas certificacións de sistemas de xestión de calidade que avalan tanto a súa actividade xeral coma a de centros e laboratorios específicos. Na seguinte listaxe inclúese, ademais do modelo de xestión ou estándar de referencia, a entidade certificada ou acreditada.

Centro certificado	ESG/ENQAF IDES-Audit (implantación)	ISO 9001	ISO 14000	ISO/IEC 17025	ISO/IEC ENAC	Selo Q UVigo	Acreditación institucional
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	✓					✓	✓
Facultade de Bioloxía	✓					✓	✓
Escola Superior de Enxeñaría de Minas e Enerxía	✓					✓	✓
Facultade de Filoloxía e Tradución	✓					✓	✓
Escola Superior de Enxeñaría Informática	✓					✓	✓
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	✓					✓	✓
Facultade de Dereito	✓					✓	✓
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	✓					✓	✓

Centro certificado	ESG/ENQAF IDES-Audit (implantación)	ISO 9001	ISO 14000	ISO/IEC 17025	ISO/IEC ENAC	Selo Q UVigo	Acreditación institucional
Escola de Enxeñaría Forestal	✓					✓	✓
Facultade de Ciencias da Educación e Traballo social	✓					✓	✓
Facultade de Historia	✓					✓	✓
Facultade de Química	✓					✓	✓
Escola de Enxeñaría Industrial	✓					✓	✓
Facultade de Fisioterapia	✓						
Laboratorio da Área de Microbioloxía		✓		✓	✓	✓	
Biblioteca Universitaria		✓				✓	
Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat)		✓				✓	
Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio)		✓				✓	
Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI)		✓				✓	
Centro de Investigacións Tecnolóxicas, Enerxías e Procesos Industriais (Cintecx)		✓					

Outras acreditacións e recoñecementos no ámbito da investigación

- **Estándares de investigación, innovación e transferencia**

HR Excellence in Research Award (European Charter for Researchers and the Code of Conduct for the Recruitment of Researchers-European Commission)

A Universidade de Vigo conta co recoñecemento HR Excellence in Research Award (HRS4R), que foi concedido pola axencia EURAXESS da Comisión Europea (CE) desde 2017. Trátase dunha iniciativa do espazo europeo de investigación, que prové información e servizos para o persoal investigador e para as organizacións de investigación, dando soporte a entidades de investigación na implantación dos estándares, políticas e prácticas recollidos na Carta e no Código do persoal investigador.

A Universidade de Vigo renovou o selo en 2023 tras unha avaliación da Comisión Europea e está actualmente na cuarta fase do proceso, desenvolvendo a súa estratexia e o plan de acción HR 2022-2026, co obxectivo de adaptarse aos novos estándares europeos que entrarán en vigor en 2026.

+ Información

<https://www.uvigo.gal/investigar/idi-uvigo/estratexia-investigadora/estratexia-persoal-investigador-hrs4r>

• Acreditación dos centros CIGUS/GUSiR

Acreditación promovida pola Xunta de Galicia para fortalecer a investigación de excelencia na rede de centros de investigación do sistema universitario de Galicia (Rede CIGUS).

- Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio, campus de Vigo), 2018.
- Atlanttíc, Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (campus de Vigo), 2018.
- Centro de Investigacións Mariñas (CIM, campus de Vigo), 2018.

Acreditacións nacionais e internacionais de titulacións oficiais (grao, mestrado e doutoramento)

O programa de renovación da acreditación **Acredita** encárgase da avaliación continua das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento na Universidade de Vigo. O seu obxectivo principal é garantir que o desenvolvemento das titulacións se realiza conforme a memoria que obtivo a verificación inicial, incluíndo todas as modificacións aprobadas posteriormente.

Titulacións que obtiveron a renovación da acreditación (Acredita) no ano 2024

Graos e mestrados

Mestrado en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	Facultade de Ciencias (campus de Ourense)
Mestrado en comunicación en medios sociais	Facultade de Comunicación (campus de Pontevedra)
Mestrado en economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (campus de Vigo)

Programas de doutoramento

Programa de doutoramento en ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión	Escola Internacional de Doutoramento (Uvigo)
--	--

Programa de doutoramento en auga, sustentabilidade e desenvolvemento Escola Internacional de Doutoramento (UVigo)

Programa de doutoramento en creatividade e innovación social e sostibilidade Escola Internacional de Doutoramento (UVigo)

Outras acreditacións e recoñecementos internacionais para as titulacións oficiais

- **Selo EURACE (ANECA-ENAE)**
 - Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
 - Grao en Enxeñaría Forestal
 - Grao en Enxeñaría en Química Industrial
 - Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
 - Grao en Enxeñaría Mecánica
 - Grao en Enxeñaría Eléctrica
 - Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática
 - Grao en Enxeñaría en Organización Industrial
 - Mestrado universitario en enxeñaría de Minas
- **Selo EUROINF (ANECA-EQANIE)**
 - Grao en Enxeñaría Informática
 - Mestrado universitario en enxeñaría informática
- **ABET (Accreditation Board for Engineering and Technology)**
 - Mestrado en enxeñaría industrial (Escola de Enxeñaría Industrial) desde 2015
- **Mención de excelencia do SUG (sistema universitario de Galicia)**
 - Mestrado en tradución para a comunicación internacional (Facultade de Filoloxía e Tradución) desde 2021
 - Mestrado en biotecnoloxía avanzada (Facultade de Bioloxía) desde 2021

Xestión da prevención de riscos laborais

O sistema de xestión de prevención de riscos laborais da nosa universidade está baseado na aplicación do marco legal vixente e é conforme os requisitos do estándar OHSAS 18001, que certificou o seu sistema no ano 2010.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/certificacions-acreditacions>

2.3 Sistema de goberno da Universidade de Vigo



Organización institucional

A organización institucional da Universidade de Vigo baséase nos principios directores recollidos nos seus estatutos, que garanten a representación de todos os sectores da comunidade universitaria a través dos seus órganos colexiados e unipersoais, así como a elección democrática das persoas que ocupan cargos académicos, agás as excepcións previstas explicitamente nos estatutos.

Así mesmo, propicia a presenza equilibrada de homes e mulleres nos seus órganos de goberno, a través das normas de paridade entre xéneros aprobadas pola comisión electoral.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo>

O goberno da Universidade de Vigo

O goberno, a participación social, a representación e a administración da Universidade de Vigo artículanse, cando menos, a través dos órganos indicados a continuación:

A) Órganos colexiados

Están compostos polo Consello Social, o Claustro Universitario, o Consello de Goberno, as xuntas de escola e de facultade, os consellos de departamento e de instituto universitario, os consellos de campus (Ourense e Pontevedra), as xuntas de titulación e as xuntas, consellos ou outros órganos doutros centros que se puidesen crear.

Consello Social

O Consello Social da Universidade de Vigo é o órgano de participación da sociedade na universidade, que goza de plena independencia no exercicio das súas competencias. A súa misión principal é impulsar a colaboración entre a universidade e a sociedade, contribuíndo de maneira eficaz ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia. Ademais, vela pola mellora da calidade na educación superior universitaria e procura obter os recursos necesarios para garantir a suficiencia económica e financeira da institución. A súa composición e funcións veñen establecidas nos artigos 17 e 19 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O Consello Social da Universidade de Vigo está concibido como a principal canle de participación social dentro da universidade, permitindo que a institución teña presente a problemática real do seu contorno no desenvolvemento da súa misión docente e investigadora. Ao mesmo tempo, facilita que o propio contorno socioeconómico coñeza as necesidades e as potencialidades da universidade, favorecendo así unha relación bidireccional e eficaz entre ambas as partes.

Ao Consello Social correspóndelle supervisar as actividades de carácter económico da universidade –incluída a aprobación do orzamento e das contas anuais–, do rendemento dos servizos e da colaboración da sociedade no financiamento da universidade.

Durante o ano 2024 este órgano estivo composto por 31 membros (pleno e comisións delegadas).

+ información

<https://consellosocial.uvigo.gal/es/organizacion-y-funcionamiento/pleno/>

Claustro Universitario

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria regulado polos artigos 11 a 13 dos Estatutos da Universidade de Vigo. O Claustro está formado por membros natos e membros elixidos entre os distintos colectivos integrantes da comunidade universitaria mediante sufraxio universal, libre, directo e secreto.

O Claustro debe servir de ámbito para formularlles interpelacións ao reitor e aos membros do seu equipo, así como ao resto do Consello de Goberno.

O 27 de maio de 2024 renováronse os membros do sector de estudantes e o Claustro quedou formado por 225 membros, dos cales un 47 % foron mulleres.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/claustro>

Consello de Goberno

O Consello de Goberno é o órgano de goberno da universidade e está regulado polos artigos 14 a 18 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Entre as funcións do Consello de Goberno están establecer as liñas estratéxicas e programáticas da universidade, e aprobar a ordenación xeral da actividade académica e investigadora. Ademais, encárgase de aprobar os proxectos de orzamento e de programación plurianual, así como das contas anuais da universidade para tramitalas ao Consello Social, de autorizar os cadros de persoal ou de propoñer plans de estudo.

No ano 2024 a composición do Consello de Goberno foi de 60 membros, dos cales un 60 % foron mulleres.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-goberno>

Consellos de campus

Campus de Ourense: 21 membros, dos cales 8 son mulleres (38 % de mulleres).

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-ourense>

Campus de Pontevedra: 16 persoas, das que 8 son mulleres (50 % de mulleres).

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-pontevedra>

B) Órganos unipersonais

Na Universidade de Vigo, os e as titulares dos órganos unipersonais deben ser elixidos, agás excepcións previstas nos estatutos, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Estes postos inclúen as figuras de reitor/a, vicerreitores/as, secretario/a xeral, xerente/a, decanos/as e vicedecanos/as de facultades, directores/as e subdirectores/as de escolas e departamentos, así como secretarios/as de facultades, escolas, departamentos, institutos ou doutros órganos que poidan ser creados.

A información actualizada sobre o organigrama do goberno da Universidade de Vigo pode consultarse na súa web institucional, onde se detallan as diferentes vicerreitorías, as súas competencias e as persoas responsables de áreas, direccións e cargos adxuntos.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organigrama-goberno-universidade-vigo>

2.4 Oferta académica



A oferta académica durante o curso académico 2023/2024 foi a seguinte:



Titulacións oficiais

Núm. de titulacións de grao	53
Núm. de titulacións de programación conxunta	7
Núm. de dobres titulacións con universidades estranxeiras	3
Núm. de titulacións de mestrados oficiais	68
Núm. de programas de doutoramento	40

+ información

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar>

Indicadores académicos




+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/51>


Persoas matriculadas e alumnado egresado por rama de coñecemento

No curso 2023/2024, un 74,46 % do estudiantado matriculado na Universidade de Vigo cursou carreiras pertencentes aos ámbitos de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Esta proporción mantense ano tras ano, o que reflicte unha clara preferencia do alumnado por estas ramas do coñecemento. Ademais, esta distribución tamén se observa no perfil do estudiantado egresado.

Matriculados por rama de coñecemento 2023/2024



Estudiantado egresado por rama de coñecemento 2023/2024



+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/51>

Alumnado participante noutros cursos ofertados durante o curso académico de referencia:

Estudos propios 2023/2024	Cursos ofertados	Matriculados/as
Actividades de voluntariado e cooperación	1	21
Cursos de extensión universitaria	73	1443
Cursos de galego	13	304
Cursos de idiomas (ano 2023)	120	1254
Diplomado/a de curso avanzado de posgrao	4	114
Diplomado/a de curso de formación universitaria	17	495
Programa de maiores	2	490
Título de especialista	3	61
Título de experto/a	1	3
Outros cursos	58	2128
Total	292	6313

+ información


<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/3>

Programa universitario de maiores (PUM)

Dentro do marco xeral dos programas das aulas de formación aberta da Universidade de Vigo, desenvólvese o Programa universitario de maiores. Trátase dun proxecto científico-cultural dirixido a promover a ciencia e a cultura entre as persoas maiores, teñan ou non titulación académica, ao tempo que fomenta as relacións interxeracionais. Esta oferta de estudos está pensada para as persoas que, por diferentes razóns, non puideron acceder á universidade no seu momento ou que, xa tituladas, se atopan nunha idade pouco habitual para realizar estudos universitarios. O proxecto educativo pretende favorecer a súa incorporación á vida universitaria a través de programas de formación paralelos ás ensinanzas regradas, ao tempo que mellora a súa calidade de vida e facilita o acceso a ensinanzas e experiencias propias do ámbito universitario, tanto de carácter científico coma cultural. Ademais, busca fomentar a súa participación na sociedade actual, axudándolles a adaptarse aos cambios do noso tempo e impulsando o seu papel na dinamización do seu contexto sociocultural máis próximo.

Número de estudiantado matriculado no programa de formación para maiores
Curso 2023/2024

	Homes	Mulleres	Sen asignar	Total
Universitario/a en Cultura e Sociedade	153	282	1	436
Universitario/a Superior Sénior	26	26	2	54
Total	179	308	3	490



Podemos observar que a maioría das matrículas no programa de formación para maiores se corresponden con mulleres, que no último ano representaron un 62,86 %. Por tanto, este programa está a permitir que moitas mulleres accedan á formación universitaria á que, por diversos motivos, moitas veces relacionados con responsabilidades familiares e domésticas, non puideron acceder anteriormente.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/53/16>

2.5 Principais indicadores en materia de investigación e de transferencia



Grupos de investigación por área de coñecemento e número de persoas integrantes en 2024

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN	ÁMBITO						Total	Estranxeiros/as
	Artes e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Ciencias sociais e xurídicas	Enxeñaría e arquitectura			
Grupos de investigación	28	45	8	44	47		172	
Membros dos grupos de investigación	310	587	95	534	545		2071	163
Mulleres	194	304	60	287	176		1021	76
Investigadores/as principais	40	65	10	56	56		227	
Mulleres investigadoras principais	22	23	5	28	9		87	

Recursos externos captados en concorrencia competitiva. Comparativa interanual

A continuación realízase unha comparativa interanual dos recursos captados segundo se pode ver na seguinte táboa:

Recursos externos captados	2023	2024	Variación
Proxectos de investigación da Administración Xeral do Estado	11.603.650 €	16.057.397 €	4.453.747 €
Proxectos de investigación da Xunta de Galicia	4.651.059 €	7.659.280 €	3.008.221 €
Convenios	489.596 €	246.243 €	-243.353 €
Proxectos de investigación europeos	12.908.238 €	10.647.005 €	-2.261.233 €
Proxectos de investigación Interreg	2.087.154 €	1.241.136 €	-846.017 €
Infraestruturas	--	2.975.056 €	2.975.056 €
Facturación do CACTI	192.267 €	135.712 €	-56.554 €
Facturación da Ecimat	11.778 €	4.845 €	-6.932 €
Facturación do CITI	12.718 €	3.872 €	-8.846 €
Facturación do Cinbio	12.454 €	8.222 €	-4.232 €

Recursos externos captados	2023	2024	Variación
Contratación I+D	7.481.466 €	7.613.814 €	132.348 €
INOUE	59.000 €	58.955 €	-45 €
INPO	63.200 €	79.000 €	15.800 €
Total	39.572.583 €	46.730.540 €	7.157.957 €
Orzamento da UVigo (previsións iniciais)	227.915.618 €	248.762.967 €	20.847.349 €
%	17,36 %	18,79 %	1,42 %

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2024 representaron un 18,79 % do orzamento (previsións iniciais).

Pódese atopar máis información sobre a orixe detallada do financiamento, distribución por ámbito de coñecemento, número e importe dos proxectos no seguinte enlace:

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/36/24>

Axudas da UVigo (con orzamento propio) á investigación


	Solicitadas	Concedidas	Importe
Contratos-programa con grupos de investigación	4	4	32.000,00 €
Axudas para realizar, comisaría e montar exposicións artísticas	7	4	3.890,00 €
Organización de congresos	23	17	56.254,00 €
Proxectos internacionais de I+D	8	7	29.000,00 €
Reparación de equipos	1	1	1.000,00 €
Visitas de investigadoras e investigadores	9	8	6.200,00 €
Bolsas de viaxe	60	49	19.925,00 €
Estadías en centros de investigación	27	21	60.045,00 €
Axudas predoutorais	57	10	625.000 €
Total	196	121	833.314,00 €

Resultado da área de transferencia por campus. Ano 2024


TRANSFERENCIA		Campus de Ourense	Campus de Vigo	Campus de Pontevedra	Total
Contratos de licenza en 2024			5		5
Empresas derivadas en 2024	Titorizadas	1	3		4
	Creadas		2		2
Patentes solicitadas en 2024	Nacionais	1	6		7
	Internacionais		6		6
Patentes concedidas en 2024	Nacionais	1	2		3
	Internacionais		6		7
Patentes en explotación a 31/12/2024	Nacionais		4	1	5
	Internacionais		6		6
Patentes postas en explotación en 2024	Nacionais				0
	Internacionais		1		1
Número de patentes nacionais activas					222
Rexistros de propiedade intelectual en 2024	Software	2	5		7
	Outros (audiovisual)				0
Modelos de utilidade solicitados en 2024			1	1	2
Modelos de utilidade concedidos en 2024					0
Modelos de utilidade en explotación en 2024					0
Número de empresas emerxentes (<i>start-up</i>) creadas por persoas tituladas da UVigo en 2024			5	1	6

No ano 2024, a Universidade de Vigo solicitou 13 patentes, das cales foron concedidas 10. O número de patentes en explotación aumentou a 11 e o número de *start-up* vinculadas á universidade foi de 6.

Segundo os datos reflectidos no gráfico, a evolución dos importes das actividades de I+D na Universidade de Vigo desde 2019 ata 2024 mostra un valor mínimo no ano 2020 e un valor máximo en 2024.



Segundo o gráfico, a evolución dos importes dos proxectos de investigación na Universidade de Vigo desde 2019 ata 2024 mostra que en 2022 se alcanzaron máis de 30 millóns de euros, mentres que o valor máximo se rexistrou en 2024. Polo tanto, superou esa cifra e reflectiu un crecemento continuado no financiamento dos proxectos de investigación.



+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/36/28>

Investigo é o repositorio institucional da Universidade de Vigo que recolle, difunde e preserva a produción científica do seu persoal investigador. Os seus principais contidos inclúen artigos, libros, capítulos ou partes de libros, contribucións a congresos e teses de doutoramento lidas na universidade. A xestión e o mantemento de Investigo correspóndelle á Biblioteca Universitaria.

Este portal, creado en 2016, ten como obxectivo reunir a produción científica da universidade nun espazo institucional de acceso aberto, facilitando que os resultados da investigación estean dispoñibles en internet sen barreiras de prezo nin restricións de consulta e uso derivadas da propiedade intelectual. Con Investigo, a Universidade de Vigo uniuse ao movemento internacional de acceso aberto, promovendo a visibilidade, o impacto e a preservación a longo prazo da súa produción científica.

+ información

<https://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui/>

2.6 Centros de apoio á investigación



A Lei orgánica do sistema universitario (LOSU) establece, no seu artigo 11, que a investigación é unha das funcións fundamentais das universidades. Ademais, no punto 4 deste artigo, indícase que as universidades deben impulsar estruturas de investigación, transferencia e intercambio de coñecemento e innovación que favorezan a interdisciplinariedade e a multidisciplinariedade.

No punto cinco do artigo 11, a LOSU dispón que as universidades deben promover as relacións entre a investigación universitaria, as necesidades sociais e culturais e a súa articulación co sistema produtivo, prestando especial atención á estrutura social e económica do territorio no que están implantadas. Tamén deben impulsar iniciativas para compartir, difundir e divulgar os resultados da investigación ao conxunto da sociedade.

Polo que respecta á organización, o artigo 40 da LOSU permite que as universidades se estruturen en campus, facultades, escolas, departamentos, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento ou outros centros ou estruturas que consideren necesarios para desenvolver as súas funcións. Isto outórgalles liberdade para crear centros propios de investigación, facilitando así o establecemento de vínculos coa sociedade e a transferencia de coñecemento.

No caso da Universidade de Vigo, os centros de apoio á investigación teñen como obxectivo prestar asistencia instrumental, científica e tecnolóxica en todos os ámbitos do coñecemento, tanto para actividades propias coma para outros organismos públicos ou empresas, centralizando equipos e instalacións de alto custo ou tecnoloxía avanzada.

O Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (**CACTI**), adscrito á Vicerreitoría de Investigación, exemplifica esta función, proporcionando apoio científico e tecnolóxico aos labores de investigación e desenvolvemento nos distintos ámbitos científicos da universidade.

+ información

<http://webs.uvigo.gal/cactiweb/>

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación **(CITI)** da Universidade de Vigo ten como obxectivo potenciar o desenvolvemento da I+D+i nas empresas mediante a creación de espazos de colaboración que favorezan e transfiran coñecemento desde a universidade ao tecido empresarial. Este labor realízase a través de proxectos conxuntos de I+D+i en ámbitos como o agroalimentario, a biotecnoloxía, a enerxía, o medio ambiente e as tecnoloxías da información.

+ información

<http://www.citi.uvigo.es/gl/index.html/>

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla **(Ecimat)** é a principal infraestrutura de investigación mariña do Centro de Investigacións Mariñas (CIM) e da Universidade de Vigo. Situada na marxe sur da ría de Vigo, ofrece instalacións de vangarda ao pé do mar e servizos científico-técnicos especializados a calquera entidade pública ou privada interesada na investigación mariña.

A Ecimat é un elemento clave na estratexia de internacionalización do CIM, participando en numerosas iniciativas internacionais. Destaca especialmente a súa participación como unha das dúas estacións mariñas que integran o nodo español da infraestrutura europea **EMBRC-ERIC** (European Marine Biological Resource Centre).

+ información

<https://cim.uvigo.gal/ecimat/a-estacion-de-ciencias-marinas-de-toralla/>

Máis información sobre a facturación dos centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo pode consultarse no portal de transparencia institucional.

+información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/36/28>

2.7 Principais fitos acontecidos na Universidade de Vigo



Entre os principais fitos acadados pola Universidade de Vigo no período citado destacan:

- A UVigo superou en 2023 os 14 millóns de euros en captación de fondos internacionais.
- A universidade impulsou o nacemento de 14 novas iniciativas empresariais e contribuíu ao desenvolvemento do tecido produtivo galego.
- O satélite Lume-1 concluíu a súa misión, mentres que o Grupo de Tecnoloxías Aeroespaciais xa planifica un novo lanzamento para 2027.
- Tivo lugar a toma de posesión de preto dun cento de docentes catedráticos e titulares.
- No 8M, a UVigo entregou o Premio Uviguala 2024 á iniciativa Elas Fan CienTec para recoñecer o seu labor na construción de oportunidades para as mulleres na ciencia.
- Grazas ao Programa Atræe, incorporouse o catedrático Carlos García de Leaniz, referente mundial en salmónidos.

- A clasificación CWUR situou de novo a UVigo no top 4 % das universidades do mundo.
- Foron concedidos á UVigo catro proxectos Interreg Sudoe financiados con máis de 8 millóns de euros.
- Sete novas axudas da FECYT permitiron seguir impulsando actividades de divulgación científica.
- Celebráronse os 30 anos do CACTI, centro pioneiro de apoio científico e tecnolóxico.
- A UVigo captou 1,2 millóns de euros en axudas para incentivar a consolidación investigadora.
- O mellor equipo español de debate universitario está na UVigo.
- A UVigo mantense na franxa 801-1000 das mellores universidades do mundo segundo a clasificación Times Higher Education 2025.
- Captáronse máis de 5 millóns de euros para grupos, unidades de investigación e persoal investigador con traxectoria excelente.
- Foi investida doutora honoris causa a maxistrada María Emilia Casas, pioneira na defensa dos valores de xustiza e igualdade.
- Luiz Liz conseguiu un Synergy Grant cun orzamento de 9 millóns de euros para desenvolver nanopartículas á carta.
- A UVigo destaca como a oitava universidade máis sostible do Estado.
- Acadáronse 4011 matriculados e unha taxa de ocupación do 105 % no novo ingreso de grao, cifras récord para a institución.
- A UVigo conseguiu 5,2 millóns de euros de fondos para investigación procedentes do Plan Nacional.

2.7.1 Premios e distincións

A comunidade universitaria da Universidade de Vigo está formada por alumnado, persoal docente e investigador (PDI) e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS). Todos estes colectivos constitúen o principal capital humano da institución, cuxo esforzo e excelencia son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto no ámbito nacional coma internacional.

Desde o ano 2017, a Universidade de Vigo recompila estes logros nun boletín de premios e distincións, que inclúe a edición correspondente ao ano 2024.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/58>

2.7.2. Posición nas clasificacións

A Universidade de Vigo é consciente da importancia do rendemento de contas á sociedade, polo que participa activamente nas clasificacións nacionais e internacionais máis relevantes no ámbito da educación superior. Estas clasificacións valoran aspectos como a capacidade investigadora, a docencia, a produción científica, a transferencia do coñecemento, a sustentabilidade e a reputación académica, reflectindo a posición consolidada e o crecemento da institución en distintos ámbitos do coñecemento.

Na seguinte táboa podemos ver a posición da nosa universidade nas principais clasificacións:

+

Clasificación	Posición
Academic Ranking of World Universities ARWU Shanghai 2024	801-900
Centre for World University Rankings CWUR 2024	811
Dyntra 2024	3
Lista Forbes mellores universidades 2024	25
Exame de transparencia Fundación Haz	†***
Indicadores ranking CYD	11
UI Greenmetric World University ranking 2024	262
Incities Essential Science Indicators 2024	1137
CWTS Leiden Ranking	693
Nature Index 2024	1085
Ranking World Universities NTU Ranking 2024	651-700
QS World University Ranking 2025	901-950
QS World University Ranking Sustainability 2024	281
QS European Ranking 2024	322
Webometrics 2024	919
World University Ranking Round University Ranking 2024	614
Scimago Institution Ranking 2024	887
THE World University Ranking 2025	801-1000
THE Young University Ranking 2024	201-250
THE Impact Ranking 2024	101-200
Unirank University Ranking 2024	703
Grupo do U-Ranking 2024	Grupo 4
University Ranking by Academic Performace (URAP) 2023/2024	672
Best Global Universities Ranking US News 2024	818

información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56>

2.8 O Plan estratéxico 2021-2026 e o seu seguimento



En decembro de 2020, o Consello de Goberno e o Consello Social da Universidade de Vigo aprobaron o Plan estratéxico 2021-2026, un documento que recolle a reflexión conxunta dos distintos grupos de interese da universidade. Durante o proceso de elaboración, redefiniuse a misión institucional, establecendo como meta principal contribuír a mellorar a vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

O plan estrutúrase arredor de cinco eixes estratéxicos que guían a planificación da universidade, nados do espírito de servizo e de mellora continua que caracteriza a institución como xeradora e transmisora de coñecemento ao servizo da cidadanía. Estes eixes son a formación impartida, a relación da universidade coa sociedade, a investigación e a transferencia, a organización dos recursos propios e as persoas.

O cumprimento destes eixes concrétese no establecemento de 28 obxectivos, nos que se definen accións e indicadores para medir o seu grao de consecución. Cada obxectivo está vinculado co eixe estratéxico correspondente, cos valores institucionais e cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030.

O plan identifica como valores transversais que definen a identidade da Universidade de Vigo o fomento da lingua galega, a defensa da igualdade e a internacionalización.

A visión da Universidade de Vigo é ser unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.

Informe de seguimento

Segundo o informe de seguimento de 2024, realizouse unha revisión exhaustiva do Plan estratéxico da Universidade de Vigo. Analizouse a evolución dos indicadores dispoñibles e redefiníronse os que estaban pendentes de reformulación. O resultando da reformulación foi de 34 indicadores. O número total de indicadores dispoñibles aumentou a 113, fronte aos 106 do seguimento anterior.

No seguimento de 2024, destacouse unha mellora xeneralizada dos indicadores, xa que o 54,8 % dos avaliados presentaron unha evolución positiva. Pola contra, os indicadores con evolución negativa representaron só o 8,5 % do total. Ademais, durante este período, xeráronse 22 evidencias e substituíronse 8 indicadores.

En canto á execución do Plan estratéxico, dos 29 obxectivos e 118 accións incluídos inicialmente, en 2024 contabilízanse 30 obxectivos e 124 accións. Do total de accións, 22 (17,7 %) están pendentes de iniciarse e 11 (8,9 %) xa foron completadas, o que reflicte un bo ritmo de progreso na execución do Plan estratéxico.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-estrategico-2021-2026>



Capítulo 3. A Universidade de Vigo e a responsabilidade social. Creación de valor para a sociedade

3.1 Axenda 2030 e ODS



Desde 2015, coa aprobación da Axenda 2030 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, a responsabilidade social universitaria adquiriu unha nova dimensión, orientando as estratexias das institucións públicas, incluídas as universidades, cara á consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Estes obxectivos teñen un carácter universal e transversal: diríxense tanto ás persoas coma ao planeta, e buscan inspirar medidas para acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

A Universidade de Vigo asume un papel activo neste contexto, comprometéndose a aliñar as súas políticas e accións cos ODS, tanto interna coma externamente. A responsabilidade social é unha das funcións básicas da UVigo, integrando a comunidade universitaria cos representantes da sociedade baixo principios como a solidariedade, a igualdade de xénero, a xustiza, a equidade, o respecto aos dereitos humanos e a defensa do medio ambiente.

O Plan estratéxico 2021-2026 da UVigo está totalmente aliñado coa Axenda 2030, organizando a súa planificación arredor dos 17 ODS e promovendo accións que contribúen á súa consecución. A universidade traballa para sensibilizar, formar e implicar a súa comunidade no coñecemento e no cumprimento dos ODS, desenvolvendo campañas, actividades de formación, innovación docente e proxectos de cooperación e igualdade.

Así, a UVigo consolídase como unha institución responsable socialmente, comprometida co desenvolvemento sostible, a inclusión e a transformación social, en consonancia cos retos e oportunidades que representa a Axenda 2030.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/conecenos/responsabilidade-social-axenda-2030>

3.2 A responsabilidade social nos procesos de ensinanza-aprendizaxe



A Universidade de Vigo está firmemente comprometida coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030. No eido da docencia, este compromiso aparece incluído na acción 4 do obxectivo 1 do Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo: «Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna, na que se prevé a inclusión de contidos específicos

obrigatorios de carácter transversal en aspectos como as competencias dixitais e informativas, a igualdade, o desenvolvemento sostible, o emprendemento, o compromiso social ou a inclusión (obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030)».

En coherencia con este compromiso, a oferta formativa da Universidade de Vigo inclúe a responsabilidade social e a Axenda 2030 como eixe transversal en diferentes estudos de grao e de posgrao, así como tamén conforma por si mesma o obxecto de estudo en programas académicos e en cursos específicos (no apartado 7.7 poden consultarse as formacións extracurriculares en materia de RSU e Axenda 2030).

Conscientes tamén de que a consecución dos ODS implica desenvolver un conxunto de capacidades que non se poden adquirir unicamente a través da formación teórica, e que o estudantado se debe relacionar co seu contorno social, económico e natural mediante un proceso de aprendizaxe participativo onde as competencias técnicas e sociais, así como os valores, sexan ensinados e se practiquen, a universidade impulsa as metodoloxías transformadoras na aula, como é o caso da metodoloxía aprendizaxe-servizo. O impulso desta metodoloxía materialízase nunha convocatoria de proxectos anuais, a oferta de formación en materia de aprendizaxe-servizo integrada no plan de formación docente, así como a contribución á visibilización dos logros dos proxectos, mediante a realización de xornadas e participación en simposios, ademais da difusión nos medios dos seus logros.


Durante o ano 2024, publicouse a quinta convocatoria de proxectos aprendizaxe-servizo, no cadro da Axenda 2030 e os seus ODS, na que 13 proxectos realizados en colaboración con entidades sociais e outros axentes sen ánimo de lucro foron aprobados para desenvolverse durante o curso 2024/2025.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-continua-coa-sua-aposta-metodoloxia-aprendizaxe-servizo>

A continuación reflíctense en dúas táboas a relación de diferentes graos, mestrados e programas de doutoramento e a súa relación cos ODS.

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española	  
Grao en Linguas Estranxeiras	  
Grao en Intelixencia Artificial	    
Grao en Tradución e Interpretación	  
Grao en Xeografía e Historia	     

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Belas Artes	 
Grao en Enfermaría	 
Grao en Fisioterapia	
Grao en Bioloxía	     
Grao en Ciencias do Mar	
Grao en Química	 
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	    
Grao en Ciencias Ambientais	      
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	    
Grao en Enxeñaría da Organización Industrial	    
Grao en Enxeñaría Eléctrica	   
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	    




Graos/Mestrados	ODS
Grao en Enxeñaría Química Industrial	    
Grao en Enxeñaría Mecánica	   
Grao en Enxeñaría Biomédica	 
Grao en Enxeñaría da Enerxía	    
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	  
Grao en Enxeñaría das Tecnoloxías das Telecomunicacións	  
Grao en Enxeñaría Informática	  
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	   
Grao en Enxeñaría Agraria	       
Grao en Enxeñaría Forestal	       
Grao en Administración e Dirección de Empresas	      
Grao en Deseño	  

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Economía	      
Grao en Turismo	     
Grao en Comercio	     
Grao en Dereito	      
Grao en Educación Infantil	     
Grao en Educación Primaria	     
Grao en Educación Social	     
Grao en Traballo Social	    
Grao en Comunicación Audiovisual	 
Grao en Dirección e Xestión Pública	     
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	 
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	   

Graos/Mestrados	ODS
Grao en Relacións Internacionais	 
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	    
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	       
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Enxeñaría Informática	      
PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica/Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	      
PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica/Grao en Enxeñaría Mecánica	      
PCEO Grao en Enxeñaría Mecánica/Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	    
PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia	       
Mestrado universitario en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa	  
Mestrado universitario en comercio internacional (non presencial)	  
Mestrado universitario en comercio internacional (presencial)	  
Mestrado universitario en dirección de pemes	  

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en enerxía e sustentabilidade	   
Mestrado universitario en enxeñaría da automoción	  
Mestrado universitario en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións	
Mestrado universitario en finanzas	
Mestrado universitario en investigación química e química industrial	 
Mestrado universitario en lingüística aplicada	
Mestrado universitario en mecatrónica	
Mestrado universitario en menores en situación de desprotección e conflito social	
Mestrado universitario en neurociencia	 
Mestrado universitario en prevención de riscos laborais	 
Mestrado universitario en tradución multimedia	 
Mestrado universitario en tradución para a comunicación internacional	 

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en xenómica e xenética	
Mestrado universitario en xestión do desenvolvemento sostible	    
Mestrado universitario en xestión e dirección laboral	 
Mestrado universitario en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais	  
Mestrado universitario en dirección de arte en publicidade	  
Mestrado universitario en dirección integrada de proxectos	 
Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional	   
Mestrado universitario en investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria	  
Mestrado universitario en necesidades específicas de apoio educativo	  
Mestrado universitario en arqueoloxía e ciencias da antigüidade	 
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	    
Mestrado universitario en dirección e planificación do turismo interior e de saúde	 

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos	  
Mestrado universitario en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	 
Mestrado universitario en acuicultura	     
Mestrado universitario en avogacía e procuradoría	      
Mestrado universitario en biodiversidade terrestre	      
Mestrado universitario en bioloxía mariña	      
Mestrado universitario en biotecnoloxía avanzada	   
Mestrado universitario en ciberseguridade	  
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca	      
Mestrado universitario en desafíos das cidades	     
Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en moda	    
Mestrado universitario en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	   

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en dirección e innovación da cadea de subministración	   
Mestrado universitario en dirección TIC para a defensa (semipresencial)	    
Mestrado universitario en economía	      
Mestrado universitario en enxeñaría de minas	   
Mestrado universitario en enxeñaría de telecomunicación	  
Mestrado universitario en enxeñaría industrial	    
Mestrado universitario en enxeñaría informática	  
Mestrado universitario en industria 4.0	  
Mestrado universitario en actividade física, deporte e saúde	   
Mestrado universitario en matemática industrial	  
Mestrado universitario en nanociencia e nanotecnoloxía	  
Mestrado universitario en nutrición	 

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en oceanografía	     
Mestrado universitario en profesorado	    
Mestrado universitario en sistemas aéreos non tripulados	
Mestrado universitario en técnicas estatísticas	
Mestrado universitario en visión por computador	
Mestrado universitario en exercicio terapéutico e fisioterapia	
Mestrado universitario en fabricación aditiva	   
Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía de información cuántica	  
Mestrado universitario en enxeñaría aeronáutica	  
Mestrado universitario en xestión empresarial do deporte	   
Mestrado universitario en intelixencia artificial	 
Mestrado universitario en xestión sostible da auga	    

Graos/Mestrados	ODS
Mestrado universitario en enxeñaría biomédica	 
Mestrado universitario en química teórica e modelización computacional	
Programas de doutoramento	ODS
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar)	     
Creatividade, innovación social e sustentable	    
Auga, sustentabilidade e desenvolvemento	   
Creación e investigación en arte contemporánea	  
Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura	 
Estudos lingüísticos	 
Estudos literarios	
Tradución e paratradución	
Comunicación	

Programas de doutoramento	ODS
Protección do patrimonio cultural	
Bioteecnoloxía avanzada	
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	 
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	
Ciencia e tecnoloxía química	
Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	  
Física aplicada	  
Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida	 
Química teórica e modelización computacional	
Estatística e investigación operativa	
Endocrinoloxía	
Neurociencia e psicoloxía clínica	

Programas de doutoramento	ODS
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura	  
Enxeñaría química	 
Investigación en tecnoloxía e procesos avanzados na industria	
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	  
Nanociencia e biomedicina	 
Sistemas de software intelixentes e adaptables	 
Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica	
Tecnoloxía da información e as comunicacións	
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	  
Ciencias da educación e do comportamento	 
Análise económica e estratexia empresarial	
Educación, deporte e saúde	 

Programas de doutoramento	ODS
Ordenación xurídica do mercado	 
Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica	
Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable	 
Equidade e innovación en educación	     
Matemáticas e aplicacións	 
Ciencias sociais e envellecemento	   
Turismo	     
Láser, fotónica e visión	

3.2.1. Campus virtual

As tecnoloxías da información e das comunicacións contan cunha grande implantación na Universidade de Vigo, poñendo á disposición do estudantado, PDI e PTXAS un bo número de servizos virtuais, coa finalidade de facilitar trámites ou, simplemente, de achegarse dun xeito sinxelo aos usuarios e usuarias.

Moovi é o sistema de teledocencia da Universidade de Vigo, que permite acceder aos contidos virtuais de materias e de cursos. Trátase dunha iniciativa desenvolvida pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións (ATIC) –sobre o software de código aberto Moodle– e integrado cos diferentes ERP de xestión académica (Sigma, Xescampus, Bubela, CentroDeLinguas), o que permite que se replique a información académica oficial.

O seu propósito é ofrecer un servizo de complemento á docencia baseado en internet e dirixido, por unha banda, ao profesorado, estudantado e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos; por outra banda, ao alumnado preuniversitario que teña en mente cursar os seus estudos superiores nesta universidade. Permite a consulta e a descarga dos apuntamentos que publica o profesorado, así como de documentos, probas (de

moitos tipos distintos), vídeos, ficheiros de audio etc. Tamén soporta chats e foros que se poden empregar para fins de titorización, discusión e debate.

+ información

<https://moovi.uvigo.gal/>

Campus Remoto permítelle á comunidade universitaria ter unha plataforma de comunicación e de reunións en liña, baseada no software de código aberto BigBlueButton. Esta plataforma fai posible a docencia en remoto, titorías e reunións virtuais, dunha maneira intuitiva e cómoda para todas as persoas usuarias. Unha vantaxe engadida é a posibilidade de acceder a Moovi desde as aulas en directo, o que permite unha gran flexibilidade na docencia. Conta tamén coa posibilidade de gravar as clases, de xeito que o alumnado poida acceder a unha clase xa impartida e, polo tanto, volver ver o seu contido. Hai aulas e despachos en todos os centros da universidade, incluídos os adscritos, a Escola Aberta de Formación Permanente (EAFP), o Programa universitario de maiores, os centros de investigación e un pazo de congresos, o que lle permite a calquera persoa acceder á universidade de xeito remoto e utilizar os seus servizos.

+ información

<https://campusremotouvigo.gal/>

De xeito complementario a Moovi e a Campus Remoto, o sistema **UNiverso** –actualmente en proceso de depuración, con vistas á implantación no curso 2024/2025– ofrece un metaverso creado como espazo para o encontro de membros da comunidade universitaria e para levar a cabo actividades que serían imposibles ou máis complexas de realizar nunha contorna real, debido a cuestións loxísticas ou simplemente pola evolución cara a modelos de interacción cada vez máis desacoplados no tempo e no espazo. UNiverso inclúe espazos de usos comúns (salóns de actos de distintos tamaños, áreas de exposicións, aulas de traballo en grupo, seminarios) e tamén de propósito específico (laboratorio de audiovisuais, práctica da oratoria etc.), dos cales se poden crear tantas réplicas como sexa preciso para usar por parte de distintos grupos. Preténdese con este sistema conferir unha maior sensación de presencialidade e corporeidade ás interaccións en liña, ao tempo que se ofrece un espazo aberto para a innovación funcional e técnica.

A **aplicación UVigo** persegue o obxectivo de mellorar a comunicación a través dos teléfonos móbiles entre as institucións universitarias e a comunidade que as integra. CRUE Universidades Españolas, a través de Santander Universidades, creou unha plataforma móbil personalizada que incorpora contidos e diversos servizos. O estudantado, o profesorado e o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos teñen acceso a esta aplicación que conta con información útil para os tres sectores e permite consultar as materias matriculadas e o expediente académico, ao tempo que incorpora a tarxeta universitaria intelixente (TUI) na súa versión dixital.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/15>

Office 365 é unha ferramenta que se atopa incrustada dentro da secretaría virtual para a comunidade universitaria e que lle proporciona a todo o persoal a capacidade de utilizar as ferramentas do paquete ofimático Office de Microsoft: Word, Excel, PowerPoint, Access, Teams, Notes, SharePoint, Sway, OneDrive, Forms etc. Desta maneira, non é necesario dispor dun paquete externo para poder utilizar ferramentas necesarias para o traballo diario con documentos, follas de cálculo, bases de datos,

presentación, creacións, reunións de equipos, creación de formularios, compartido de documentos e demais.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/19>

PeopleNet é a ferramenta empregada para a xestión de persoal, simplificando os procesos previos e mellorando a relación entre as distintas áreas con responsabilidades nestas xestións. Destaca nos procesos de organización e administración de persoal e de nóminas. Sigma, pola súa banda, permite o control da xestión dos distintos procesos administrativos académicos da universidade, simplificándoos e permitindo a mellora no control dos datos da propia universidade e a interacción entre as distintas áreas implicadas nos procesos de oferta académica, planificación docente, análise de datos, informes e enquisas, entre outros.

3.2.2. Innovación educativa

Para seguir impulsando a reflexión sobre a práctica docente e apoiando as iniciativas que dean un impacto na mellora da calidade docente, a Universidade de Vigo mantén os grupos de innovación docente (GID). Son grupos de traballo estables de profesorado universitario que teñen como finalidade desenvolver accións dirixidas á formación, á innovación e á renovación do modelo educativo co obxectivo de favorecer a aprendizaxe do estudantado.

+ información

<https://cpfp.uvigo.gal/gl/estudios/formacion-e-innovacion-educativa/gid/>

3.2.3. Accións de tutorización do estudantado

Un plan de acción tutorial é un conxunto estruturado de accións, previamente planificadas e desenvolvidas coa colaboración da comunidade universitaria, que ten como finalidade guiar, orientar e acompañar o estudantado durante a súa etapa universitaria.

As accións tutoriais están dirixidas a facilitar a integración do estudantado na institución, servindo de ponte entre o alumnado e os diferentes servizos universitarios. Ademais, permiten personalizar a educación, ofrecendo soporte individualizado ao estudantado no seu proceso de formación, axudando a resolver dúbidas, afrontar retos académicos e tomar decisións sobre o seu itinerario formativo e profesional.

A tutoría contribúe a mellorar a calidade da docencia universitaria, incrementando o nivel dos servizos ofrecidos e converténdose nun elemento de prestixio para a universidade. O acompañamento tutorial fomenta a motivación, o rendemento académico e a satisfacción do alumnado.

A participación activa de diferentes membros da universidade, tanto estudantado coma profesorado, é especialmente positiva, pois xera un sentimento de comunidade e identificación cos valores institucionais. Ademais, promove a convivencia, a colaboración e a participación nos procesos universitarios. Estes lazos afectivos e profesionais, creados a través das accións tutoriais, perduran no tempo e constitúen un elemento fundamental de arraigamento e identificación persoal e colectiva coa universidade.

+ información

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/plans-accion-tutorial>

3.2.4. Calidade na docencia

A calidade percibida polos grupos de interese implicados mostra o grao de satisfacción coas súas necesidades e expectativas, que deben ser avaliadas e satisfeitas con criterios de excelencia.

Os programas de medición da satisfacción e da avaliación da actividade docente son propios da nosa universidade e están baseados nos estándares nacionais e internacionais, así como nas esixencias de calidade do espazo europeo de educación superior. Os seus obxectivos son recoller e analizar información do estudantado e doutros grupos de interese das titulacións oficiais para contribuír á súa mellora e á mellora da nosa universidade.

A metodoloxía máis empregada é a realización de enquisas en liña, utilizando unha escala numérica de 1 a 5, onde o 1 corresponde a «moi insatisfactorio» e o 5 a «moi satisfactorio».

Estes resultados constitúen tamén unha fonte de información para outros programas de calidade, como o sistema de garantía dos centros ou o seguimento e a acreditación das titulacións oficiais.

Os programas de calidade permiten orientar e organizar as actividades relacionadas coa calidade durante un período determinado, dirixíndoas a un ámbito e propósito específicos. En concreto, os estándares de calidade no espazo europeo de educación configuran a base dos programas de calidade na docencia e na formación, así como a súa conexión coa investigación e a innovación. A avaliación da calidade na docencia está orientada á mellora dos procesos de ensinanza e aprendizaxe nos tres ciclos da educación superior (grao, mestrado e doutoramento), á formación integral do estudantado e ao aumento da transparencia da nosa universidade.

A Universidade de Vigo realízalles habitualmente enquisas a varios colectivos para recoller opinións sobre a calidade das titulacións oficiais. Así, a enquisa dirixida ao alumnado e ás persoas egresadas é anual, mentres que a realizada ao persoal docente e ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos é bianual.

A calidade percibida polos axentes ou grupos de interese implicados nos nosos ensinos reflicte o grao de satisfacción coas súas necesidades e expectativas, que deben ser avaliadas e satisfeitas con criterios de excelencia.

O programa de medición da satisfacción é propio da nosa universidade, baseado nos estándares nacionais e internacionais e nas esixencias de calidade do EEES. O seu obxectivo é recoller e analizar información válida e fiable sobre a satisfacción do estudantado e doutros grupos de interese cos programas formativos, co fin de contribuír á súa mellora e á da nosa universidade.

A recollida e a análise de información esténdese aos grupos de interese máis relevantes relacionados coas titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento (estudentado, persoal docente e investigador, persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, titulados e tituladas, e empregadores).

As medicións da satisfacción institucionais seguen os estándares normativos para deseñar as metodoloxías de medición máis axeitadas a cada grupo de interese e ao tipo de información que se precisa recoller: realízanse enquisas, organízanse grupos de discusión, efectúanse as medicións, elabóranse e difúndense os resultados, e analízanse estes para tomar decisións de mellora.

Estes resultados, ademais, son unha valiosa fonte de información para mellorar os programas de calidade, como o sistema de garantía dos centros ou o seguimento e a acreditación das titulacións oficiais.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia>

Enquisa de satisfacción do estudantado

Esta enquisa é realizada anualmente polo estudantado que se matricula por primeira vez no penúltimo curso dos graos e no último curso dos mestrados. Estrutúrase en dous bloques. No primeiro valóranse numericamente aspectos da titulación como a súa organización e desenvolvemento, a información que se publica, os seus recursos humanos e materiais, e os seus resultados de aprendizaxe; e no segundo bloque o estudantado pode matizar as súas valoracións respondendo unhas preguntas abertas.

No curso 2023/2024, responderon 1016 estudantes dun total de 4108 que podían participar, o que corresponde a unha participación do 25 %. Isto supón un aumento do 5% con respecto ao curso pasado, que foi do 20 %. Con respecto á valoración da satisfacción xeral do estudantado na Universidade de Vigo, no curso 2023/2024 foi de 3,31, o que supón un descenso con respecto ao curso 2022/2023, que foi do 3,41. O estudantado dos mestrados cunha valoración de 3,55 amosa unha maior satisfacción ca o dos graos, cunha valoración de 3,19.

As preguntas mellor valoradas son as relacionadas cos espazos para o traballo autónomo e co trato recibido polo persoal técnico, de xestión de administración e servizos, mentres que as menos valoradas teñen que ver coa atención ás queixas e coa coordinación entre as materias.

Os centros mellor valorados son a Facultade de Dirección e Xestión Pública, cun 4,22, e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, cun 4,06. Os menos valorados son a Facultade de Belas Artes, cun 2,51, e a Facultade de Deseño, cun 2,54.

As titulacións cunha participación representativa que reciben mellor puntuación son o Mestrado en matemática industrial, cun 4,69, e o Mestrado en técnicas estatísticas, cun 4,64.

Pola contra, as titulacións cunha valoración máis baixa foron o Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Enxeñaría Biomédica e o Grao en Enxeñaría en Electrónica, cun 2,06, e o Grao en Linguas Estranxeiras, cun 2,16.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/51>

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas

Esta enquisa realízase anualmente polas persoas egresadas que finalizaron os seus estudos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario no curso 2022/2023. A enquisa estrutúrase en dous bloques. No primeiro valórase numericamente aspectos da titulación como a súa organización e desenvolvemento, a información e transparencia, os recursos humanos e materiais, os resultados de aprendizaxe e, no caso de que se realizasen, as prácticas externas. No segundo bloque pódense matizar as valoracións respondendo preguntas abertas.

No curso 2023/2024, responderon 783 dun total de 3522 persoas tituladas. Isto supón unha participación do 22 %, superior á do curso 2022/2023, que foi do 15 %. Con respecto á valoración da satisfacción xeral na Universidade de Vigo, no curso 2023/2024 foi de 3,39, o que supón un descenso con respecto ao curso 2022/2023, que foi do 3,43. A valoración dos mestrados cunha valoración do 3,51 é superior á valoración dos graos, cun 3,32.

As preguntas mellor valoradas foron as tres relacionadas coas prácticas externas e as menos valoradas son as relacionadas coa orientación laboral recibida e coa resolución de queixas ou problemas.

Os centros mellor valorados foron a Escola de Enxeñaría Forestal, cun 4,41, e a Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense, cun 4,31. Os centros menos valorados foron a Facultade de Belas Artes, cun 2,63, e a Facultade de Deseño, cun 2,75.

As titulacións cunha participación representativa que reciben mellor puntuación son o Mestrado en tradución multimedia, cun 4,65, e o Mestrado en dirección pública e liderado institucional cunha valoración de 4,50. Pola contra, as titulacións menos valoradas foron o Mestrado en profesorado en ESO, bacharelato, FP e ensino de idiomas, coa especialidade de Arte e debuxo, cun 1,80, e o Mestrado en avogacía de Pontevedra, cunha valoración de 2,40.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/56>

Enquisa de satisfacción do PTXAS

Esta enquisa realízase cada dous cursos académicos ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) que, polas características do seu posto de traballo, poden valorar o desenvolvemento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario. Nesta enquisa, co fin de simplificar a súa realización, as titulacións agrúpanse por graos e mestrados, de xeito que se pregunta pola satisfacción co conxunto dos graos e mestrados impartidos nun centro. A enquisa está estruturada en dous bloques: no primeiro valóranse aspectos das titulacións como a información xeral, a comunicación, os recursos humanos e materiais, e a xestión de calidade. No segundo bloque pódense matizar as súas valoracións respondendo preguntas abertas.

No curso 2022/2023 responderon 219 cuestionarios dun total de 931, o que corresponde a unha participación do 24 %. Supón un aumento con respecto á última enquisa realizada no curso 2020/2021, que contou cunha participación do 20 %. Con respecto á valoración da satisfacción xeral, no curso 2022/2023 foi de 3,61, o que supón un descenso con respecto á enquisa do curso 2020/2021, que foi de 3,75. Os mestrados teñen unha mellor valoración, cun 3,76, ca os graos, que teñen unha valoración de 3,36.

As preguntas mellor valoradas foron as relacionadas coa comunicación coas persoas responsables do centro, departamento e titulación e con outros servizos. Mentres que as preguntas menos valoradas están relacionadas coa dotación do PTXAS e coa oferta de formación.

Os centros cunha maior valoración foron a Escola Universitaria de Enfermaría de Povisa, cun 4,55, e as facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e de Comercio, ambas cunha valoración de 4,24. Os centros menos valorados foron a Facultade de Belas Artes, cunha valoración de 2,90, e a Facultade de Dirección e Xestión Pública, cunha valoración de 2,96.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/58>

Enquisa de avaliación docente

Esta enquisa é realizada polo estudantado cunha periodicidade semestral, co fin de avaliar a actividade docente do profesorado. Está estruturada en dous bloques: no primeiro valóranse aspectos relacionados coa materia, como a guía docente, a coordinación do profesorado e o volume de traballo. No segundo bloque valórase a planificación, o desenvolvemento e os resultados da docencia impartida polo profesorado da Universidade de Vigo.

No curso 2023/2024, no primeiro cuadrimestre, respondéronse 13 073 cuestionarios e, no segundo, 14 630. En total, foron 27 703 cuestionarios sobre un total de 230 781 posibles, o que supón unha participación do 12 % e representa unha baixada respecto ao curso 2022/2023, no que a participación foi do 21 %.

Con respecto á valoración da avaliación, na Universidade de Vigo houbo un lixeiro aumento, xa que pasou do 4,09 do curso 2022/2023 ao 4,11 no 2023/2024. Os mestrados teñen unha valoración máis alta, cun 4,31, ca os graos, cunha valoración do 4,10.

As preguntas mellor valoradas foron o cumprimento dos criterios de avaliación establecidos na guía docente, cun 4,36, e a claridade e a comprensión do desenvolvemento da materia na guía docente, cun 4,26. Pola contra, as cuestións menos valoradas foron a organización das clases, cun 3,99, e a percepción de que as probas e as actividades de avaliación facilitan a aprendizaxe, cunha valoración de 4,00.

Os centros co profesorado mellor valorado son a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, cun 4,52, e a Facultade de Ciencias, cun 4,46. Doutra banda, os centros co profesorado cunha valoración máis baixa son o Centro Universitario para a Defensa, cun 3,69, e a Escola de Enxeñaría Forestal, cun 3,89.

+información

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia/enquisas-avaliacion-docente>

Enquisas de satisfacción do estudantado de doutoramento

Trátase dunha enquisa de frecuencia anual dirixida ás persoas matriculadas no primeiro e no terceiro ano dos estudos de doutoramento no curso 2023/2024. Esta enquisa encádrase na programación da avaliación da satisfacción da Eido para o período 2022/2023 a 2025/2026.

Na seguinte táboa pódese observar a participación dos últimos anos:

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024	
1.º ano	3.º ano	1.º ano	3.º ano	1.º ano	3.º ano	1.º ano	3.º ano
48,56 %	49,75%	52,55%	47,39%	48,26%	46,50%	46,59%	41,06%

Mantense unha lixeira tendencia negativa no primeiro ano, coa taxa de participación que diminúe do 48 % do ano anterior ao 46 %. No terceiro ano tamén se aprecia unha tendencia negativa, coa participación que pasa do 46 % ao 41 %. En todo caso, ambas mantéñense en valores históricos relativamente estables.

Na seguinte táboa pódese observar a satisfacción dos últimos anos:

Curso 2020/2021		Curso 2021/2022		Curso 2022/2023		Curso 2023/2024	
1.º ano	3.º ano	1.º ano	3.º ano	1.º ano	3.º ano	1.º ano	3.º ano
4,19	3,97	4,15	3,97	4,14	3,86	4,13	3,93

A tendencia á mellora estabilízase no primeiro ano, que pasa do 4,14 o ano anterior ao 4,13 no primeiro ano, e de 3,86 a 3,93 no terceiro ano. Ambos os valores están por riba do obxectivo de calidade 2024 (3,9), pero cada vez con menos marxe, o que pode indicar que, sen actuacións específicas nas temáticas menos valoradas, se está a acadar o límite de satisfacción.

Por temáticas, os aspectos mellor valorados seguen a ser a dirección e a titorización da tese e o fomento da crítica científica (arredor de 4,5/5).

Por debaixo do obxectivo de calidade quedan a información pública (web) (no primeiro ano), a información sobre as axudas ou contratos predoc e posdoc, así como sobre mobilidade (no primeiro e terceiro ano), a información sobre a presentación da tese, as súas modalidades ou mencións (no terceiro ano), os trámites informáticos asociados ao plan de formación e de investigación (no primeiro e terceiro ano), as avaliacións anuais e a orientación profesional (no terceiro ano). A maioría dos aspectos, tanto positivos coma negativos, mantéñense respecto a anos anteriores.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/28/84>

Enquisas de satisfacción do profesorado de doutoramento

Trátase dunha enquisa de frecuencia bianual dirixida a directores/as e titores/as de teses no período dos cursos 2022/2023 e 2023/2024. A enquisa encádrase na programación da avaliación da satisfacción da Eido para o período 2022/23 a 2025/2026.

Na seguinte táboa pódese observar a participación dos últimos anos:

2018 (cursos 2012/2013 a 2017/2018)	2020 (cursos 2018/2019 a 2019/2020)	2022 (cursos 2020/2021 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/2023 a 2023/2024)
52,73 %	52,59 %	41,86 %	35,85 %

Tras as dúas primeiras enquisas, en 2018 e 2020, emerxe unha tendencia negativa que diminúe a taxa de participación do 52 % ao 42 % (2022) e agora ao 36 %.

2018 (cursos 2012/2013 a 2017/2018)	2020 (cursos 2018/2019 a 2019/2020)	2022 (cursos 2020/2021 a 2021/2022)	2024 (cursos 2022/2023 a 2023/2024)
3,65	3,88	4,08	4,06

O resultado global é satisfactorio na escala de valoración, cun valor de 4,06 sobre 5. A tendencia positiva estabilízase (o ano pasado o resultado foi de 4,08). O valor supera o obxectivo de calidade para 2024 (3,90), aínda que con menos marxe ca a avaliación anterior.

Por temáticas, os aspectos mellor valorados son:

- Por seccións: os resultados do programa formativo, a valoración xeral e os recursos materiais e servizos (sen cambios respecto á avaliación anterior). O máis negativo son os recursos humanos (sen cambios).
- Por preguntas: a información, planificación e coordinación da CAPD (por primeira vez, o máis valorado), a supervisión da CAPD, a formación investigadora adquirida polo estudiantado e a adecuación e dispoñibilidade dos recursos materiais. Os máis negativos son o apoio económico a estudantes e os recoñecementos á titorización e dirección de tese (que non acadan os obxectivos), así como a información da web da Eido.

3.3 A responsabilidade social na investigación, na divulgación e na transferencia do coñecemento



3.3.1. Grupos de investigación en áreas vinculadas coa responsabilidade social

Discapacidade	– Didáctica Especial 6-Actividade Física, Expresión e Creatividade (HI6) – Literatura Infantil e Xuvenil Angloxermana e a súa Tradución (AI1) – Psicoloxía da Educación e Desenvolvemento da UVigo (HI9) – Teoría Feminista (SP1) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT) – Wellness and Movement Research Group (HI23) – Grupo de Dereito Procesual (DL1) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES) – Organización e Comercialización (OC2) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – Linguaxes e Sistemas Informáticos (SI1) – Estudos de Tradución, Interpretación, Linguas Orais e Signaturas (HI25) – Observational Research Group (XO1) – GIST (Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos) (ET1) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – HealthyFit (HI22) – MEDEA IURIS Crea (MDA-IC) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Historia Contemporánea 1 (HC1) – Dereito Mercantil e do Traballo (DMT) – Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4) – Grupo de Tecnoloxías da Información (TC1)
Ergonomía	– Bioenxeñaría e Procesos Sostibles (BIOSUV) – BiotecnIA_Biotecnoloxía Industrial e Enxeñaría Ambiental (EQ11) – Biotecnoloxía e Calidade en Industrias Agroalimentarias e Medio Ambiente (ByCIAMA) – Innovación en Agroalimentación e Saúde (CI8) – Novos Materiais (FA3) – Observational Research Group (XO1)

	– AgroBioTech for Health (ABH1Q) – Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (EA5) – Aplicacións Industriais dos Láseres (FA5) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Dereito Penal (DP1) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS) – Medicina e Saúde Pública (MP1) – Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4) – TEAM NANO TECH (Grupo de Nanotecnoloxía) (TNT) – MEDEA IURIS Crea (MDA-IC) – GED (Grupo de Enxeñaría e Deseño) (EG2) – Xenómica e Biomedicina (XB5)
Enfermedades dexenerativas	– HealthyFit (HI22) – Wellness and Movement Research Group (HI23) – Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4)
Autismo	– Grupo de Servizos para a Sociedade da Información (ET2) – Astronomía, Astrofísica, Antropoloxía Cultural e Educación (AS1) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES)
Lingua de signos	– Estudos de Tradución, Interpretación, Linguas Oraís e Signaturas (HI25) – Gramática, Discurso e Sociedades (GRADES) – Grupo de Tecnoloxías Multimedia (SC9)
Invidentes	– Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Grupo de Procesamento de Sinal en Comunicacións (SC10) – Grupo de Tecnoloxías Multimedia (SC9) – Observational Research Group (XO1) – Grupo de Investigación en Comunicación (CS1) – Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BiFeGa) – Literatura Infantil e Xuvenil Angloxermana e a súa Tradución (AI1) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS) – COmputational LEarning (IA1) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Digital & Graphic Art Research (DX5) – HealthyFit (HI22) – Bioenxeñaría e Cronobioloxía (SC4)

	– Laboratorio de Intelixencia Artificial Aplicada (LIA2)
Maiores e saúde	– Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – Astronomía, Astrofísica, Antropoloxía Cultural e Educación (AS1) – HealthyFit (HI22) – GIST (Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos) (ET1) – Organización e Comercialización (OC2) – Wellness and Movement Research Group (HI23) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Observational Research Group (XO1) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT) – Didáctica Especial 6-Actividade Física, Expresión e Creatividade (HI6) – Sistemas Radio (SR) – Grupo de Tecnoloxías Multimedia (SC9)
Envellecemento activo	– REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) – Grupo para a Análise Empresarial «GRUPAEM» (OE10) – Astronomía, Astrofísica, Antropoloxía Cultural e Educación (AS1) – ECOSOT: Economía, Sociedade e Territorio (EA7) – Governance And Economics Research Network (GEN) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – GIST (Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos) (ET1) – HealthyFit (HI22) – Observatorio de Gobernanza G3 (CPS1) – Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) – Enxeñaría de Equipos Electrónicos (E03) – Investigacións Agrarias e Alimentarias (AA1) – Wellness and Movement Research Group (HI23) – Inmunoloxía (IN1) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT)
Minorías étnicas, pobreza e exclusión social	– Gramática, Discurso e Sociedades (GRADES) – Feminario Interdisciplinar, Teoría Feminista e Teoría QUEER (FH1) – Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (BiFeGa) – Comunicación Persuasiva (CP2) – GRIEE (Group of Researchers in Empirical Economics) (EA10) – ECOSOT: Economía, Sociedade e Territorio (EA7) – Historia Contemporánea 1 (HC1)

		– Dereito Mercantil e do Traballo (DMT) – Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (EA5) – Governance And Economics Research Network (GEN) – Enxeñaría Eficiente e Dixital (EN.EDI) – Teoría Feminista (SP1) – Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance-RGEAF (EA8) – MEDEA IURIS Crea (MDA-IC) – Grupo de Tecnoloxías Multimedia (SC9) – Medicina e Saúde Pública (MP1) – G4 Plus Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorio (OC1) – REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) – Organización do Coñecemento (OE7) – Investigación en Comunicación para o Servizo Público (SEPCOM) – Comunicación Persuasiva (CP2) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT) – Observatorio de Gobernanza G3 (CPS1) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES) – Grupo de Investigación en Comunicación (CS1) – PosT Growth Innovation Lab (PGILaB) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Psicoloxía Xurídica e da Saúde: Convivencia e Benestar (PS1) – Psicoloxía da Educación e Desenvolvemento da UVigo (HI9)
Prevenção da violencia, familiar	da mediación	– Psicoloxía Xurídica e da Saúde: Convivencia e Benestar (PS1) – Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Dereito Penal (DP1) – Observational Research Group (XO1) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Grupo de Investigación en Comunicación (CS1) – HealthyFit (HI22) – Wellness and Movement Research Group (HI23) – Fisioterapia (FS1) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS) – Observatorio de Gobernanza G3 (CPS1) – Teoría Feminista (SP1) – Agrupación Grupos de Investigación de Dereito Administrativo e Filosofía do Dereito (AGAF) – Grupo de Dereito Procesual (DL1) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT)

	– Psicoloxía da Educación e Desenvolvemento da UVigo (HI9) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – Investigación en Comunicación para o Servizo Público (SEPCOM) – Governance And Economics Research Network (GEN) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES)
Inmigración	– GRIEE (Group of Researchers in Empirical Economics) (EA10) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT) – Negociacións Textuais e Culturais no Ámbito Anglófono (NeTeC) – Tradución e Paratradución (TI4) – Governance and Economics Research Network (GEN) – Teoría Feminista (SP1) – Dereito Penal (DP1) – MEDEA IURIS Crea (MDA-IC) – Comunicación Persuasiva (CP2) – Observatorio de Gobernanza G3 (CPS1) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Astronomía, Astrofísica, Antropoloxía Cultural e Educación (AS1) – ECOSOT: Economía, Sociedade e Territorio (EA7) – Gramática, Discurso e Sociedades (GRADES) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) – Psicoloxía Xurídica e da Saúde: Convivencia e Benestar (PS1) – Psicoloxía da Educación e Desenvolvemento da UVigo (HI9) – Wellness and Movement Research Group (HI23) – HealthyFit (HI22) – Feminario Interdisciplinar, Teoría Feminista e Teoría QUEER (FH1) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Didáctica Especial 6-Actividade Física, Expresión e Creatividade (HI6) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES)
Accesibilidade das TIC en persoas con deficiencias, discapacidades. Aprendizaxe en liña	– GIST (Grupo de Enxeñaría de Sistemas Telemáticos) (ET1) – Psicoloxía da Educación e Desenvolvemento da UVigo (HI9) – Didáctica Especial 6-Actividade Física, Expresión e Creatividade (HI6) – Sistemas Informáticos de Nova Xeración-SING (SI4) – Grupo de Tecnoloxías da Información (TC1) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES) – HealthyFit (HI22)
Responsabilidade social corporativa	– Márketing-Vigo (IMARK) – Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance-RGEAF (EA8)

	– Post Growth Innovation Lab (PGILaB) – Dereito Mercantil e do Traballo (DMT) – G4 Plus Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorio (OC1) – Investigación en Comunicación para o Servizo Público (SEPCOM) – Organización do Coñecemento (OE7) – Organización e Comercialización (OC2) – REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT)
Ética	– Teoría Feminista (SP1) – Dereito Mercantil e do Traballo (DMT) – Grupo de Tecnoloxías Multimedia (SC9) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT) – Ontoloxías da Diferenza. Fundamentos Teóricos e Repercusións Prácticas (ONTDIF) – GRIEE (Group of Researchers in Empirical Economics) (EA10) – Comunicación Persuasiva (CP2) – Research Group In Economic Analysis, Accounting and Finance- RGEAF (EA8) – Post Growth Innovation Lab (PGILaB) – Agrupación Grupos de Investigación de Dereito Administrativo e Filosofía do Dereito (AGAF) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES) – Observatorio de Gobernanza G3 (CPS1) – Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos (HI14) – Governance and Economics Research Network (GEN) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Psicoloxía Xurídica e da Saúde: Convivencia e Benestar (PS1)
Cooperación internacional	– Empresa Internacional e Capital Intelectual (EF5) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES) – Organización do Coñecemento (OE7) – REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) – MEDEA IURIS Crea (MDA-IC) – Ephyslab (FA9) – Observatorio de Gobernanza G3 (CPS1) – Post Growth Innovation Lab (PGILaB) – ERENEA (Economía dos Recursos Naturais e Ambientais) (HI8) – Grupo para a Análise Empresarial «GRUPAEM» (OE10) – Governance and Economics Research Network (GEN) – G4 Plus Desenvolvemento Estratéxico: Organización e Territorio (OC1)

		– ECOSOT: Economía, Sociedade e Territorio (EA7)
Benestar		– Psicoloxía Xurídica e da Saúde: Convivencia e Benestar (PS1) – ECOSOT: Economía, Sociedade e Territorio (EA7) – Observatorio de Gobernanza G3 (CPS1) – Organización do Coñecemento (OE7) – Análise de Políticas Públicas (EA4) – Governance and Economics Research Network (GEN) – Organización e Comercialización (OC2) – REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) – Grupo para a Análise Empresarial «GRUPAEM» (OE10) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3) – Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) – Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETSIT) – Equipo de Investigación en Rendemento e Motricidade do Salvamento e Socorrismo (REMOSS)
Pegada ecolóxica		– REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) – Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (EA5) – ERENEA (Economía dos Recursos Naturais e Ambientais) (HI8) – Governance and Economics Research Network (GEN) – Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social (CIES) – Organización e Comercialización (OC2) – Agrobioloxía Ambiental: Calidade, Solos e Plantas (BEV1) – AgroBioTech for Health (ABH1Q) – Enxeñaría Agroforestal (AF4) – Biotecnoloxía e Calidade en Industrias Agroalimentarias e Medio Ambiente (ByCIAMA) – Bioloxía Ambiental (BA2) – Ecoloxía Animal (GEA) – Investigacións Agrarias e Alimentarias (AA1) – Enxeñaría Química, Térmica e Medioambiental (ChETE) – GTE (Grupo de Tecnoloxía Enerxética) (EM1)
Explotación dos recursos	sostible	– Bioenxeñaría e Procesos Sostibles (BIOSUV) – Xestión Segura e Sostible de Recursos Minerais (CI5) – Márketing-Vigo (IMARK) – AgroBioTech for Health (ABH1Q) – Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (EA5) – Planta, Solo e Aproveitamento de Subprodutos (BV1) – Ecoloxía Evolutiva (RE6) – Agrobioloxía Ambiental: Calidade, Solos e Plantas (BEV1) – Investigacións Agrarias e Alimentarias (AA1) – Enxeñaría Agroforestal (AF4)

	– ERENEA (Economía dos Recursos Naturais e Ambientais) (HI8) – Ecoloxía Animal (GEA) – Ecoloxía e Zooloxía (EZ1) – Bioloxía Ambiental (BA2) – Biotecnoloxía e Calidade en Industrias Agroalimentarias e Medio Ambiente (ByCIAMA) – Governance and Economics Research Network (GEN) – Grupo para a Análise Empresarial «GRUPAEM»(OE10) – Innovación en Agroalimentación e Saúde (CI8) – Xeoloxía Mariña e Ambiental (XM2) – BiotecnIA_Biotecnoloxía Industrial e Enxeñaría Ambiental (EQ11) – REDE: Investigación en Economía, Enerxía e Medio Ambiente (EA3) – Oceanografía Biolóxica (OB)
Dependencia	– GRIEE (Group of Researchers in Empirical Economics) (EA10) – Psicoloxía Xurídica e da Saúde: Convivencia e Benestar (PS1)
Riscos laborais	– Dereito Mercantil e do Traballo (DMT) – Xestión Segura e Sostible de Recursos Minerais (CI5) – Dereito Penal (DP1) – Enxeñaría Eficiente e Dixital (EN.EDI) – Repercusións Educativas, Saudables e Psicomotrices da Actividade Física (HI10) – Saúde, Sexualidade e Xénero (PT1) – Educación, Actividade Física e Saúde. GIES (DE3)

3.3.2 Responsabilidade nas actividades de divulgación científica

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) da Universidade de Vigo, dependente da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación e da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, iniciou a súa actividade en marzo de 2019. Desde entón, constitúese como un eixe fundamental para a promoción e a difusión da cultura científica na institución e na sociedade.

Principais liñas de actuación

- Difusión dos resultados da I+D+i.
- Promove a divulgación dos avances en investigación, desenvolvemento e innovación realizados na Universidade de Vigo.
- Destaca o impacto destes resultados na sociedade e valoriza a figura da persoa investigadora.
- Divulgación xeral de ciencia e tecnoloxía.
- Asesoramento e formación ao corpo investigador en comunicación científica e comunicación social da ciencia.
- Fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas.
- Investigación nos procesos da comunicación social da ciencia.

Ámbitos de actuación da UCC+i

A Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) da Universidade de Vigo traballa de maneira transversal en todos os ámbitos de coñecemento presentes na institución:

- Científico
- Humanístico
- Tecnolóxico
- Xurídico-social

Principais grupos de interese e público obxectivo

As actividades da UCC+i están dirixidas a varios colectivos clave:

- **Público xeral:** inclúe a poboación da zona de influencia da Universidade de Vigo e, por extensión, o conxunto da sociedade.
- **Poboación nova:** especialmente escolares e mocidade en idade de escoller o seu camiño académico, co obxectivo de fomentar vocacións científicas e tecnolóxicas.
- **Persoal investigador:** dirixido ao persoal investigador da propia universidade, ofrecendo apoio en comunicación e divulgación científica.
- **Tecido industrial:** en menor medida, tamén se dirixen ao sector empresarial e industrial, favorecendo a transferencia de coñecemento e a colaboración universidade-empresa.

A continuación recóllense algunhas das accións desenvolvidas no ano 2024:

- Mantemento e actualización de contidos da páxina web e das redes sociais da UCC+i.
- Xeración de contido audiovisual para as redes sociais.
- **Branded content.** Desde a UCC+i coordinouse a publicación de diferentes artigos de *branded content* sobre o plan anual de actividades «Ciencia de ida e volta».
- **Coordinación con The Conversation España.** Desde a UCC+i encargámonos de coordinar as publicacións do persoal investigador da Universidade de Vigo na edición española da publicación dixital de divulgación científica *The Conversation*. Neste 2024 publicáronse arredor de 42 artigos (incluídas as diferentes traducións), por 34 autores e cun total de 452 255 lecturas.
- **11 de febreiro na UVigo.** Na liña de traballo pola inclusión da perspectiva de xénero na investigación e do fomento das vocacións femininas, coordináronse desde a UCC+i charlas do persoal investigador da universidade en centros educativos de toda Galicia e dentro da iniciativa 11 de febreiro na edición de 2024, coa que se conmemora o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Realizáronse un total de 82 charlas en 55 centros de toda Galicia, que chegaron a un total de 3350 escolares. Ademais, realizouse un ano máis a xornada «Elas fan CienTec», un día de portas abertas e obradoiros para rapazas de secundaria no campus de Vigo. Esta xornada está coorganizada coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, o Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (Cinbio) e as tres escolas de enxeñaría do campus de Vigo: a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Participaron un total de 168 alumnas de catro institutos de Vigo e concellos próximos, que foron os seguintes: IES Santa Irene, IES Monte Carrasco, IES Ricardo Mella e IES Castelao.
- **Publicación Quero ser investigadora 4.** Cuarta edición deste catálogo de dez investigadoras da Universidade de Vigo dirixido a escolares de primaria, ESO e bacharelato coa finalidade de visibilizar o traballo das investigadoras e proporcionar referentes actuais e próximos.

- **Publicación do Minidicionario de xustiza social.** Co obxectivo de favorecer o coñecemento e o debate sobre algúns dos conceptos relacionados coa xustiza social, deseñouse un minidicionario que comprende termos sobre xustiza social, interseccionalidade, pobreza, mercado laboral, movementos migratorios, infancia, saúde, dependencia, discapacidade, igualdade de xénero, violencia machista, violencia intrafamiliar e sociedade. Podes descargar [aquí](#) a edición dixital do minidicionario.
- **Serie de vídeo-podcast polo Día Mundial da Saúde.** Desde a UCC+i tamén se elaboraron cinco entrevistas en formato vídeo-podcast para conmemorar o Día Mundial da Saúde.
- **Ciclo de charlas Galinfluencers.** Dentro das actividades polo Día da Ciencia en Galego levouse a cabo un ciclo de charlas no que diferentes creadores de contido en galego, que realizan divulgación a través das redes sociais, achegaron a súa experiencia ás persoas asistentes ao edificio Redeiras. Os protagonistas foron María Rodríguez Rúa, Prado Rúa, Iago Gordillo e Esther Estévez.
- **G-Night, Noite Galega das Persoas Investigadoras.** A G-Night é a cuarta edición da Noite Galega das Persoas Investigadoras, coordinada pola Universidade de Vigo, e tivo lugar o 27 de setembro de 2024 con máis de 100 actividades en sete cidades galegas. Forma parte da Noite Europea das Persoas Investigadoras, impulsada pola Comisión Europea. Este ano, nas actividades coordinadas na UVigo o total de público asistente foi de 1426 persoas.
- **Concurso de vídeos «Youtubers científicos» e formación para persoal investigador.** En 2024 tivo lugar a terceira edición do concurso de vídeos científicos da Universidade de Vigo, na que os investigadores e investigadoras podían participar presentando vídeos de contido científico divulgativo sobre o seu traballo. Baixo o título «Claves para un vídeo divulgativo perfecto» e co obxectivo de desenvolver as competencias en comunicación social da ciencia, organizouse unha formación en liña previa para a comunidade investigadora, que foi impartida polo xornalista Gabriel Fuentes.
- **Embaixadores da ciencia e do coñecemento.** Esta actividade, realizada por terceiro ano consecutivo xunto co Programa universitario de maiores (PUM), enmárcase no plan anual de «Ciencia de ida e volta».
- **Publicación do Minidicionario de vocabulario científico-técnico en galego.** Realizado en colaboración coa Área de Normalización Lingüística, búscase o triplo obxectivo de normalizar o uso do idioma propio no ámbito escolar e universitario, visibilizar o traballo investigador realizado na UVigo en galego e apoiar o traballo científico nesta lingua. Nesta primeira edición, recolle termos de áreas temáticas como o ámbito xurídico, o medio ambiente e a micoloxía, para o que se contou coa colaboración dos investigadores Xosé Manuel Pacho, Manuel Ángel Pombal e María Cabaleiro.
- **Edición 2024/2025 do concurso de vídeos «Youtubers científicos» e formación para persoal investigador.**
- **Concurso #HiloTesis.** Desde a Unidade de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) tamén se coordinou a participación da UVigo na cuarta edición do concurso Hilo Tesis. Este certame, organizado pola CRUE, ten como obxectivo promover o desenvolvemento das habilidades de comunicación e divulgación científica entre o estudiantado de doutoramento e o acabado de titular no doutoramento.

+ información

<http://ucc.webs.uvigo.es/>

3.3.3 A responsabilidade na transferencia

A Oficina de I+D ten como misión levar a cabo labores de transferencia das capacidades e resultados de I+D+i desenvolvidos na Universidade de Vigo cara á contorna socioeconómica. Este labor enmárcase dentro da chamada terceira misión da universidade, promovendo a relación da institución co seu contorno e partindo do convencemento de que a colaboración activa entre a comunidade investigadora e o tecido produtivo contribúe a xerar crecemento e riqueza.

Deste xeito, acádase o obxectivo de que os resultados da investigación xerados polas investigadoras e investigadores sexan aproveitados para o avance da sociedade a través dun desenvolvemento sostible e responsable.

Todas as actuacións que desenvolve a Oficina de I+D para cumprir a súa misión ante a sociedade comezan coa protección e coa valorización dos resultados de investigación, incluíndo a difusión, promoción e mercadotecnia da I+D+i, así como a transferencia tecnolóxica mediante contratos, convenios e licenzas.

Neste aspecto, a universidade conta cunha extensa carteira de resultados de I+D+i conformada por 222 patentes activas, ademais de tecnoloxías e *know-how* dispoñibles para o seu licenciamiento e explotación.

Como mostra do volume das actuacións que se xestionan desde a Oficina de I+D, no ano 2024 asináronse un total de 747 actividades de I+D+i por un importe de máis de 7,5 millóns de euros e ingresáronse en concepto de regalías por licenza de resultados de I+D+i máis de 70.000 €.

A maduración dos resultados xerados pola comunidade investigadora e o acompañamento a través de todo o proceso de valorización, necesario para que un resultado poida ser explotado con certas garantías, é unha das funcións destacadas que se desenvolven na Oficina de I+D. Ademais da protección do coñecemento por medio de patentes ou medios similares, os equipos investigadores tamén precisan elaborar probas piloto, plans de negocio, estudos de mercado ou plans de empresa, que permitan eliminar todas as incertezas que xeran os novos produtos e servizos antes de chegar ao mercado.

Un caso de éxito paradigmático na valorización de resultados é o proxecto Celia, desenvolvido por persoal investigador da UVigo e cunha ruta de implantación na sociedade asesorada pola Oficina de I+D. O proxecto parte dun asistente conversacional orientado a persoas maiores, con capacidades baseadas na intelixencia artificial para avaliar a saúde dos usuarios e usuarias, á vez que ten a capacidade de detectar e combater outros problemas como a soidade non desexada. A Oficina de I+D ten acompañado este proxecto desde o seu nacemento e a súa consolidación, grazas á participación en diferentes convocatorias de valorización. Durante o ano 2024, o proxecto conseguiu un financiamento adicional de preto de 400.000 € na convocatoria de Espacio de datos sectoriales do Ministerio de Transformación Dixital, o que permitirá acelerar a súa implantación na sociedade.

A maiores, o traballo de valorización dos resultados tamén pode desembocar na posta en marcha de iniciativas empresariais que explotan o coñecemento xerado na UVigo e serven para achegar valor, crear emprego de alta cualificación e contribuír á creación dunha economía baseada no coñecemento. Neste senso, as case medio centenar de iniciativas promovidas, que se converteron en 47 empresas *spin-off*, constitúen unha importante fórmula de transferencia e de explotación do coñecemento. En 2024 creáronse dúas novas empresas baseadas no coñecemento: NSILICA Simulation Technologies S. L. e Voltai Innovation S. L., que beben directamente dos resultados de investigación dos grupos da UVigo nos campos da simulación numérica para a fabricación de prototipos industriais e o uso da intelixencia artificial na optimización da produción de enerxía eléctrica de autoconsumo.

A Oficina de I+D tamén contribúe ao fomento e ao acompañamento de grandes proxectos colaborativos entre a nosa universidade e as empresas. En 2024, a oficina colaborou na negociación dos acordos de sete proxectos no marco do Programa tecnolóxico espacial, promovido polo CDTI, para desenvolver

novas tecnoloxías no campo das comunicacións e dos satélites de baixa altura (LEO). O valor conxunto destes proxectos ascende a 1.490.000 €.

Por outra parte, no campo da fabricación industrial, continuouse o apoio ás iniciativas Facendo Plus e Fistera, nas que a UVigo é parte de consorcios liderados por Stellantis e Norvento respectivamente, ao abeiro da convocatoria de «Fábrica intelixente e sustentable» da Xunta de Galicia.

A incorporación de tecnoloxías novas e disruptivas nas pequenas empresas da comunidade experimentou un pulo moi importante durante este ano 2024, grazas á participación da universidade no programa de apoio aos Digital Innovation Hubs, onde a Oficina de I+D continuou a ser o enlace entre investigadores/as que ofertaban solucións tecnolóxicas e as empresas que demandaban estes novos servizos. A execución de servizos a pemes amparados neste programa PADIH supuxo a concesión de 19 servizos de apoio tecnolóxico e probas de concepto, por un valor de 466.000 €.

Como parte do labor de difusión das capacidades de transferencia da universidade, a Oficina de I+D participou en 2024 en importantes eventos no ámbito europeo, como o Foro Internacional de Transferencia «Transfiere» ou as feiras sectoriais Science4Industry, Navalía e Galicia Biodays.

En definitiva, as actividades de transferencia desenvolvidas desde a Oficina de I+D contribúen a reforzar a terceira misión da universidade e a que os resultados xerados nos laboratorios cheguen á sociedade e produzan retornos, tanto no ámbito económico coma de mellora social.

+ información

<https://www.uvigo.gal/i-d-i/transferencia-conecemento>

3.3.4 Centros de investigación: Atlanttic, CIM, Cinbio, Cintecx e Ecobas

A evolución e a consolidación dos grupos de investigación aconsellan establecer centros singulares de investigación como estruturas específicas. Estes centros axudan a proporcionar un marco legal axeitado aos labores de I+D+i no ámbito da súa competencia, xa teñan un carácter estratéxico sectorial ou transversal, ademais de dar apoio instrumental, científico e tecnolóxico.

Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (Atlanttic)

Atlanttic é o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo. Fundado en 2010, Atlanttic está consolidado como referente rexional, nacional e internacional na I+D+i no eido das tecnoloxías de telecomunicación e os servizos dixitais, sendo recoñecido como centro de investigación do sistema universitario de Galicia.

O centro destaca polo seu papel como axente tractor da I+D+i e a competitividade económica mediante a creación, posta en valor e fortalecemento dun polo tecnolóxico e interdisciplinar de referencia en Galicia con proxección internacional, apoiado nun sólido ecosistema e dotado dunha ampla rede de colaboradores de referencia nacional e internacional.

+ información

<http://atlanttic.uvigo.es/gl/quen-somos/o-centro/>

Centro de Investigación Mariña (CIM)

O Centro de Investigación Mariña (CIM) da Universidade de Vigo é o eixe central da estratexia mariña da universidade e un referente interdisciplinar no ámbito local, estatal e internacional na xeración e transferencia de coñecemento sobre o mar. Conta co recoñecemento CIGUS da Xunta de Galicia, que acredita a calidade e o impacto da súa investigación, e reúne 15 grupos de investigación e máis de 200 persoas investigadoras.

O CIM é un dos oito centros singulares de investigación de Galicia e aspira a converterse nunha referencia europea e líder na euronrexión Galicia-Norte de Portugal en investigación mariña. A súa misión céntrase na xeración de coñecemento de excelencia en ciencia mariña, na transferencia dese coñecemento para beneficio da sociedade e na internacionalización da actividade investigadora da Universidade de Vigo neste ámbito.

O centro destaca pola súa capacidade organizativa e pola súa masa crítica investigadora, o que lle permite proxectar internacionalmente a marca UVigo no ámbito mariño e actuar como xanela única para a transferencia de I+D+i cara aos sectores empresariais mariños e marítimos. Así, convértese nun foco de atracción de talento no ámbito internacional.

Entre as súas infraestruturas salientan a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat), con recursos únicos para investigación en acuicultura, cambio climático, biotecnoloxía mariña e observación oceánica. O CIM lidera o Campus do Mar, forma parte do European Marine Biological Resource Centre (EMBRIC-ERIC) e participa activamente en redes e proxectos europeos como o European Plate Observatory System (EPOS) e o European Multidisciplinary Seafloor and Water Column Observatory (EMSO).

O CIM tamén mantén acordos estables con entidades como DualSPHysics e colabora en proxectos de dixitalización e tecnoloxías mariñas, como a xestión intelixente do océano e a observación en tempo real de ecosistemas costeiros, reforzando o seu papel na transformación dixital da investigación mariña.

Ademais, o CIM contribúe á formación e á transferencia de coñecemento a través de actividades de divulgación, programas académicos mariños e colaboracións con axencias de xestión ambiental. Isto garante a relevancia social e política da súa investigación.

Accións en RRI

As accións desenvolvidas durante a presente anualidade responden aos criterios fundamentais sobre investigación responsable acordados no ámbito internacional e ao selo de HRS4R do que dispón o centro. Estas accións resúmense na seguinte figura e estrutúranse nos seis eixes de RRI.

Algunhas das accións de divulgación científica relacionadas coa RSU durante o ano 2024 son as seguintes:

- A Unidade de Investigación Responsable do CIM (RRI) opera cun sistema de xestión que garante os principios de ética e investigación responsable. Neste aspecto cabe destacar o asesoramento aos investigadores/as para cumprir o Convenio de biodiversidade e o Protocolo de Nagoya, relativo á participación xusta e equitativa dos beneficios derivados da utilización de recursos xenéticos, a través do desenvolvemento dunha guía para persoal investigador (Guía ABS), varios talleres e conferencias realizados baixo diferentes eventos e a implantación dun *checkbox* no sistema de solicitudes de servizos da Ecimat.
- O CIM conta co selo HSR4R que reconece as institucións que fan progresos no aliñamento das súas políticas de RRHH cos 40 principios da Carta europea e do Código de conduta, entre eles, a

diseminación e a explotación de resultados baixo a denominada ciencia aberta. Ademais, elaborou un plan de xestión de datos para ser tomado como referencia por todo o persoal investigador. Durante este período, o plan foi actualizado e foron recollidas información e ferramentas de apoio para a elaboración de plans de xestión de datos por parte dos investigadores/as, nunha nova sección na páxina web dedicada aos seis aspectos da RRI.

- Iniciouse a elaboración dun novo plan de acción de xénero e sostibilidade con decenas de accións, que servirá de ferramenta operativa de futuro para implementar o compromiso coa igualdade, a diversidade e a sostibilidade do centro. Este plan apoiouse na información do estudo demográfico realizado para o persoal co fin de realizar un diagnóstico das condicións laborais e facilitar a conciliación e a carreira profesional no centro. Este estudo permitiu establecer a estrutura demográfica, hábitos, situación familiar e aspectos de sostibilidade. En xuño de 2024, o CIM organizou o «Faladoiro sobre diversidade de xénero e de sexo», no que o persoal do CIM se formou en materia de diversidade de xénero e en como engadir estes aspectos tanto en actividades de docencia coma de investigación.
- Realizou máis de cen accións de divulgación científica, que foron seguidas presencialmente por máis de 4629 persoas e visualizadas tras a súa publicación en liña por case 9000 persoas. Entre estas, destacamos as xornadas de portas abertas, tanto para a sociedade coma para empresas e entidades colaboradoras, a celebración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, a participación nas feiras científicas organizadas pola UCC+i da UVigo ou a colaboración do noso persoal investigador na G-Night 2024.

O CIM está levando a cabo os proxectos de ciencia cidadá «Iberia nun grao de area, Iberarenum» e «ImpactArte». O primeiro, cun financiamento de 22.000 €, busca implicar activamente a cidadanía na creación dun banco nacional de areas de praia; o segundo, cun financiamento de 14.000 €, pretende identificar e mostrar os impactos do clima marítimo no litoral en obras artísticas do pasado. Con este proxecto búscase implicar a cidadanía no proceso de descubrimento, xa que, a través destas ferramentas, o público poderá contribuír proporcionando información adicional sobre obras non identificadas. O CIM presentou á convocatoria FECYT 2024 o proxecto de monitorización cidadá de praias Ecocosta, continuación do proxecto de ciencia cidadán do CIM «Centinelas da Costa», en colaboración con entidades como a Universidad de Cádiz, o SOCIB, a Universidad de Sevilla, a Universidad Católica de Valencia, o IIM, entre outras. Por último, o CIM levou a cabo reunións de colaboración co experto internacional en ciencia cidadá mariña Jaume Piera, membro do comité asesor externo do CIM, co fin de deseñar unha estratexia internacional neste ámbito. Como acción inicial, o centro xa solicitou a adhesión ás redes de ECSA (European Citizen Science Association) e RICAP (Red Iberoamericana de Ciencia Participativa).

- Por outro lado, en colaboración co Campus do Mar, púxose en marcha un programa itinerante en colexios de educación primaria e centros para persoas con diversidade funcional para fomentar a alfabetización oceánica. Esta actividade tamén forma parte das accións oficiais do Decenio das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible.

+ información

<https://cim.uvigo.gal/o-centro/presentacion/>

Centro de Investigacións en Nanomateriais e Biomedicina (Cinbio)

O Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (Cinbio) está integrado por unha comunidade de máis de 180 persoas, que inclúe persoal docente e investigador, investigadores/as posdoutorais, doutorandos/as, así como persoal técnico, de xestión e de apoio en laboratorio.

A súa creación responde á vontade da Universidade de Vigo de impulsar un espazo común que favoreza a investigación colaborativa, tanto en áreas experimentais coma en enfoques interdisciplinares, especialmente nos ámbitos da biomedicina e dos nanomateriais. Trátase dun centro que destaca pola súa natureza multidisciplinar, reunindo profesionais de campos como a medicina, a bioloxía, a química, a física, as matemáticas e a informática.

A actividade do Cinbio orienta a súa misión cara ao desenvolvemento e á transferencia de coñecemento no ámbito da I+D+i, fomentando o aproveitamento eficiente dos recursos mediante a creación de sinerxías internas e o impulso de resultados innovadores con impacto social.

Ademais, todas as actuacións do centro están aliñadas cos obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible. A súa especialización na investigación e na formación superior convérteo nun lugar idóneo para dar resposta a desafíos sociais actuais. Neste sentido, destaca a súa implicación no ODS 3, «Saúde e benestar», dado o enfoque do centro cara a mellorar a saúde a través da investigación biomédica. Cómpre subliñar, tamén, que todos os grupos de investigación do Cinbio participan activamente na docencia universitaria, a través de programas de doutoramento, graos e mestrados.

Na actualidade, boa parte das iniciativas e proxectos científicos desenvolvidos no Cinbio integran unha perspectiva orientada á sustentabilidade ambiental e ao impacto social positivo. A pesar diso, o compromiso do centro por evolucionar cara a un modelo máis sostible, inclusivo, ambientalmente responsable e atento á igualdade e á cooperación interna reflíctese tamén na posta en marcha de actuacións específicas dirixidas a tratar estes retos.

Ao longo do ano 2024, desenvolvéronse diversas accións orientadas a fortalecer a relación co conxunto de grupos de interese e persoas vinculadas ao Cinbio. Estas actuacións tiveron como obxectivo fomentar a implicación da comunidade e darlles visibilidade ás actividades do centro. Entre elas, destacan as seguintes:

- Programa «Ciencia con C de Cinbio»: nesta cuarta edición consecutiva, o ciclo de divulgación científica «Ciencia con C de Cinbio» continuou achegándolle á sociedade o traballo que se realiza no centro. A iniciativa permitiu que o público coñeza de primeira man os avances científicos do Cinbio, promovendo o diálogo directo entre a cidadanía e o persoal investigador mediante actividades dentro e fóra das instalacións.
- Seminarios #CoñeceaoTeamCinbio: esta serie de encontros internos tivo como finalidade fomentar o coñecemento mutuo entre os distintos grupos de investigación, poñendo en valor as súas capacidades e abrindo novas vías de colaboración multidisciplinar dentro do propio centro.
- Xornada de portas abertas. En setembro, o Cinbio organizou unha xornada de portas abertas que contou cunha excelente resposta, cubrindo as 80 prazas dispoñibles e atraendo visitantes de idades comprendidas entre os 5 e os 93 anos. As persoas asistentes foron recibidas pola dirección do centro e guiadas por diferentes laboratorios, onde puideron coñecer o labor científico de maneira directa e participar en experimentos deseñados para a ocasión. Convertéronse, así, en protagonistas dunha xornada lúdica e formativa.
- Participación noutras iniciativas de divulgación: o centro tamén colaborou activamente noutras actividades promovidas por entidades externas, como a conmemoración do 11 de febreiro (Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia), a G-Night ou «Noite Galega das Persoas Investigadoras» –organizada polas tres universidades galegas no marco da iniciativa europea–,

así como noutras feiras e proxectos incluídos na programación de «Ciencia de ida e volta», impulsada pola UCC+i da Universidade de Vigo.

- **Cinbio Gold Talk:** este evento reconece o papel de persoas que, desde diferentes ámbitos (investigación, xestión, transferencia ou divulgación), contribúen de forma significativa ao avance da ciencia, en especial nas áreas estratéxicas do centro: a biomedicina e os nanomateriais. Trátase dunha actividade que pon en valor o esforzo colectivo no ecosistema científico.
- **CinVigo, Ciencia na rúa:** CinVigo consolidouse como un evento destacado de promoción da cultura científica, centrado en espertar vocacións entre a mocidade. Ao longo de dúas xornadas, estudantes de ESO, bacharelato e formación profesional –procedentes de Galicia e doutras comunidades– presentan proxectos científicos na rúa, nun formato de feira, explicando conceptos de física, química ou ciencias naturais. O Cinbio proporciona as pautas metodolóxicas previas e apoia o proceso de desenvolvemento dos traballos, que son avaliados ante o público xeral e optan a diferentes recoñecementos.
- **Compromiso coa sustentabilidade ambiental.** No ámbito medioambiental, o Cinbio mantén unha serie de boas prácticas destinadas a reducir o seu impacto.
 - **Reciclaxe e aforro enerxético:** foméntase a separación de residuos mediante contedores específicos (papel, vidro, envases e residuos xerais), así como medidas de eficiencia enerxética como o apagamento de luces ou o peche de instalacións en datas sinaladas.
 - **Redución do uso de plásticos:** adoptouse a eliminación de botellas de auga de plástico non reutilizables, substituíndoas por fontes con filtros accesibles e distribuindo cuncas de cerámica para reducir o uso de vasos desbotables.

+ información

<http://cinbio.gal/gl/portada/>

Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx)

Tras ser recoñecido como centro de investigación colaborativo (na senda da excelencia) pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na súa convocatoria de 2023, o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais (Cintecx) da Universidade de Vigo ten como misión xerar e difundir coñecemento excelente e transferir innovación no eido da enerxía, tecnoloxías e procesos industriais, poñendo o foco nas persoas e no desenvolvemento sostible. Ademais, a visión do centro é lograr a súa consolidación como centro de referencia no ámbito tecnolóxico-industrial a través da excelencia investigadora, o que produce un impacto real na contorna e nos socios tecnolóxicos e industriais, e xera masa crítica na investigación. Os valores nos que se desenvolve a misión e a visión do centro son a sustentabilidade, a confianza, a eficiencia, a excelencia e a igualdade.

No seu novo plan estratéxico para 2024-2027, Cintecx recolle obxectivos estratéxicos enfocados a achegarlle valor á sociedade galega en varios aspectos:

1. **Innovación tecnolóxica:** liderando avances tecnolóxicos que melloran a eficiencia e a competitividade das empresas galegas.
2. **Desenvolvemento sostible:** traballando no desenvolvemento e optimización de tecnoloxías de enerxía renovable, sistemas de almacenamento de enerxía, eficiencia enerxética e redución de emisións, o que contribúe á sostibilidade e á loita contra o cambio climático.

3. Xeración de coñecemento: realizando investigacións que expanden o coñecemento científico e contribúen á comprensión científica no seu campo, o que permite a súa aplicación práctica, xa sexa a través da formación de profesionais ou da transferencia de tecnoloxía ás empresas.
4. Colaboración e sinerxías: cooperando con diversas entidades para fomentar a transferencia de tecnoloxía e a creación de redes.
5. Formación de profesionais cualificados: formando persoal altamente capacitado que atrae investimentos e oportunidades de emprego.

As persoas constitúen un dos catro eixes estratéxicos do centro. A xeración dun ambiente motivador, respectuoso e seguro, a xestión sostible, a creación de espazos de encontro para o fomento de proxectos colaborativos e actividades de lecer e deporte, e a formación e o apoio ao longo da carreira investigadora, especialmente na etapa predoutoral, son os piares que constitúen este eixe.

Do mesmo xeito, os valores e a identidade de Cintecx confirman o seu compromiso coa mellora da sociedade e o desenvolvemento sostible:

- Sostibilidade, tanto no desenvolvemento da súa actividade, en todos os niveis, coma a través das solucións tecnolóxicas xeradas.
- Confianza, a través da creación de relacións prolongadas, co fin de contribuír á mellora da competitividade do ecosistema innovador do contorno.
- Eficiencia, na xestión e en todos os aspectos da actividade do centro.
- Excelencia, na obtención de resultados de investigación e o seu impacto.
- Igualdade, efectiva no desenvolvemento do labor investigador entre homes e mulleres.

Cintecx está aliñado cos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030. Pola súa misión e natureza, o centro encaixa especialmente co ODS 9 «Industria, innovación e infraestrutura», que busca construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación. Ademais, destaca a súa contribución ao **ODS 4 «Educación de calidade»**, a través da formación de profesionais e o apoio á carreira investigadora. As liñas de investigación e as seis áreas tecnolóxicas de Cintecx permiten contribuír a outros ODS relevantes, como o ODS 6 «Auga limpa e saneamento», ODS 7 «Enerxía asumible e non contaminante», ODS 11 «Cidades e comunidades sustentables» ou ODS 13 «Acción polo clima», entre outros.

O centro tamén aposta polo **ODS 5 «Igualdade de xénero»**, como reflicte a consecución do distintivo de igualdade da Universidade de Vigo en 2024, a presentación da Guía práctica de perspectiva de xénero no ámbito tecnolóxico e industrial, a creación dun espazo web específico para a igualdade e campañas como a Cámara Aberta polo Día da Muller e a Nena na Ciencia.

Cintecx promove a formación de calidade e o apoio á carreira investigadora do seu persoal. Anualmente, organízanse cursos prácticos para mellorar as competencias no uso dos equipos e formacións transversais, como obradoiros de ferramentas informáticas. En 2024, realizáronse catorce accións formativas, tanto transversais coma específicas dos equipos comúns do centro.

Destaca tamén o Programa de mentoría de Cintecx, orientado á orientación académica e profesional de doutorandos/as e recentes doutores/as, que facilita o acompañamento e o apoio no desenvolvemento da súa carreira profesional.

Dentro deste programa inclúense os seminarios científicos do Cintecx, onde o persoal investigador pode expoñer ou coñecer o labor investigador doutros compañeiros e compañeiras do centro. Á súa vez, son abertos ao público como labor divulgativo.

Aliñado co ODS 9, Cintecx aposta firmemente pola transferencia dos resultados da investigación, mostrando o seu apoio ao tecido empresarial en todos os ámbitos: internacional, nacional e rexional. Mostra disto son as colaboracións levadas a cabo coas empresas que en 2024 acadaron máis de 90 contratos e case un millón de euros captados.

Cintecx está comprometido coa investigación e coa innovación responsable (RII), o que implica que todos os actores sociais traballen de maneira conxunta durante o proceso de investigación e innovación para aliar o proceso e os resultados cos valores, necesidades e expectativas da sociedade.

Para asegurar o acceso aos resultados da investigación, o centro conta coa súa política de acceso aberto (Open Access) para fomentar o libre acceso ao coñecemento científico, no que se refire ás publicacións, datos, resultados ou outros elementos derivados das actividades de I+D+i, seguindo tamén os compromisos da Universidade de Vigo no relativo a este tema.

Co fin de cumprir os seus compromisos co ODS 9, Cintecx trata de involucrar os actores sociais e cidadáns nas actividades de investigación e de innovación co obxectivo de facilitar a súa comprensión por parte da sociedade. Así, organiza anualmente a súa xornada de portas abertas.

O persoal investigador do centro non só participa nas actividades propias, senón que amosa o seu compromiso coa sociedade e trata de promover a cultura e a educación científica a través da participación en actividades organizadas por outras entidades, como a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo, onde se inclúen a G-Night, programas como InspiraSTEAM ou STEMBach, que buscan fomentar a vocación científico-tecnolóxica, ou mediante a participación en feiras científicas.

Desde o departamento de comunicación do centro faise un gran labor de comunicación dos resultados da investigación e dos proxectos e actividades levadas a cabo polo persoal investigador a través de diversas canles, como as redes sociais ou a prensa.

En canto á eficiencia enerxética e á sustentabilidade, o centro conta con sistemas de xeotermia con bomba de calor e unha instalación fotovoltaica de 100 kWp para autoconsumo. Desde 2022, ademais, Cintecx puxo en práctica o Plan de aforro enerxético elaborado pola Vicerreitoría de Planificación e Sustentabilidade da Universidade de Vigo, co obxectivo de establecer medidas de aforro enerxético.

Así, pois, as medidas establecidas neste plan encóntranse aliñadas cos obxectivos de acción polo clima (ODS13), e de enerxía accesible e non contaminante (ODS7), e de cidades e comunidades sostibles (ODS11), en prol da redución do consumo enerxético e da pegada de carbono.

Por outra banda, Cintecx é consciente da necesidade de crear un impacto real en todos os ámbitos e, por iso, trata de implantar estratexias e medidas propias do centro para lograr un benestar ambiental.

Algúns exemplos disto son a distribución de botellas de auga de vidro para o persoal investigador, co obxectivo de reducir o uso de botellas de plástico dun só uso. Ademais, lévanse a cabo campañas de concienciación e visibilización das medidas e, incluso, o novo plan estratéxico do centro para os anos 2024-2027, conta cun obxectivo específico, o OE58.3 «Materialización do compromiso do Cintecx coa sustentabilidade ambiental mediante a aplicación de criterios de sustentabilidade e resiliencia á xestión e investigación».

+ información

<https://cintecx.uvigo.es/gl/>

Economics and Business Administration for Society (ECOBAS)

O Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS nace da agrupación estratéxica do mesmo nome. Cun amplo equipo multidisciplinar conformado polas máis destacadas persoas expertas en ciencias sociais das tres universidades galegas, ECOBAS foi oficialmente creado a finais do ano 2021 para conformar unha visión fundamentada e informada da nosa realidade, poñela ao servizo do deseño das políticas públicas e presentar recomendacións e formulacións innovadoras para encarar cambios organizativos e funcionais desde a base do coñecemento científico (Science Based Policies).

O traballo de investigación que desenvolve o centro, orientado ao desenvolvemento de políticas públicas e á toma de decisións informadas, é empregado para fundamentar cambios regulatorios, marcos fiscais, servizos públicos e estratexias empresariais desde a óptica do benestar inclusivo e o desenvolvemento económico sostible. Asenta a súa actividade investigadora sobre tres piares estratéxicos: o ambiental, como medio de soporte de toda a actividade humana e no que se producen impactos a grande escala; o social e político, como marco de acción e interacción dos axentes públicos e privados; e o económico, coa análise dos impactos das interrelacións desde a perspectiva das transaccións de produtos e servizos, externalidades, impactos das políticas públicas, distribución dos recursos, organización do territorio etc.

No apartado de produción científica, en 2024 ECOBAS publicou máis dunha vintena de traballos en materia de igualdade, equidade, inclusión social e benestar. Transición enerxética e descarbonización, economía da biodiversidade e dos recursos naturais, así como economía circular e economía da saúde, conforman o corpus máis amplo das prioridades estratéxicas nas que se encadra o cómputo total de 161 artigos científicos e capítulos de libros que viron a luz durante o ano pasado.

Co enfoque de transferencia do coñecemento que se xera desde o centro, durante o ano 2024 o equipo de ECOBAS captou un total de 2,33 millóns de euros en convocatorias públicas e privadas para desenvolver traballos relacionados coa xestión de residuos e a contaminación, a inserción laboral, a transición climática en Galicia ou a valorización do territorio con criterios de sostibilidade.

Tamén, a contribución á implantación da cultura da RSC na nosa sociedade é unha cuestión cardinal no traballo que desenvolven especificamente dúas das cátedras lideradas por investigadores/as principais do centro:

Cátedra de sostibilidade INDITEX-UDC, dirixida por Marta Rey: espazo de reflexión comunitaria, formación académica e investigación aplicada sobre as distintas dimensións da sostibilidade e a responsabilidade e innovación social das administracións públicas, as universidades, as empresas e as entidades non lucrativas.

Cátedra de bo goberno local-UVigo, coordinada por Alberto Vaquero: análise dos niveis e estándares de bo goberno e boa administración nas entidades locais; análise dos procesos de toma de decisión da xestión pública en termos de eficacia e eficiencia; avaliación da situación de prestación dos servizos municipais; e propostas de mellora da gobernanza local.

Ademais, ECOBAS contribúe en moi diversas formas á extensión da ética corporativa noutros escenarios de amplo espectro, con presenza nos paneis de relatores/as de importantes encontros fóra da academia, como por exemplo o II Encontro de Empresarios «Ética, ben común e sostibilidade» (Santiago de Compostela, 12 de abril).

Igualmente, a RSC está asentada de forma integral na xestión do propio centro de investigación. ECOBAS conta cun comité de igualdade e, neste período, o centro está a artellar o seu I Plan de acción en materia de igualdade 2022-2025, que abrangue:

A contribución á cultura da igualdade mediante actividades de sensibilización, visibilización e comunicación; por exemplo, mediante a participación en mesas redondas como «Mulleres investigadoras e tecnólogas» (A Coruña, 30 de maio).

A implantación da igualdade nas estruturas funcionais e organizativas do centro: paridade real en todos os órganos de goberno, maioría de mulleres no equipo de dirección (2/3) e a evolución cara á práctica paridade no equipo investigador (45,2 % de mulleres ao peche de 2024).

Estender a perspectiva de xénero ás actividades de docencia, investigación e transferencia. Neste punto, o centro desenvolveu en 2024 dentro da súa programación propia as seguintes accións específicas:

Mesa redonda: «Transferencia do coñecemento e emprendemento feminino», con Sara Fernández López (en liña, 8 de marzo).

Aula aberta: «Guía práctica para incorporar a perspectiva de xénero na investigación», con Eva López Barrio (Vigo, 16 de maio).

2024 marcou un fito na historia de ECOBAS coa obtención da acreditación como centro colaborativo da Rede de Excelencia CIGUS, unha distinción que subliña non só a calidade, senón tamén a importancia crecente do traballo que o centro está a desenvolver nas ciencias sociais en Galicia.

Como remate do ano, o centro viu recoñecida na figura da súa directora científica, María Loureiro, toda esta filosofía de traballo. Por decisión unánime do xurado, Loureiro foi nomeada Premio María Wonenburger 2024, entre outros méritos, por ser «unha das científicas máis influentes do mundo». Este galardón da Xunta de Galicia é concedido cada ano a mulleres «que souberon adiantarse ao seu tempo e abriron camiños a moitas outras», dando visibilidade e achegando á sociedade «as contribucións feitas por mulleres galegas á ciencia e á tecnoloxía».

+ información

<https://ecobas.gal/>

3.3.5 Ética na investigación

Calquera investigación debe desenvolverse dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico, entre os que destacan os derivados dos compromisos éticos asumidos pola comunidade científica e as normas deontolóxicas.

A Universidade de Vigo comparte o espírito da Declaración sobre a ciencia e o uso do saber científico da Unesco, especialmente no relativo á necesidade de que a práctica da investigación científica e os seus resultados deben estar sempre encamiñados a lograr o benestar da humanidade, respectando a dignidade e os dereitos dos seres humanos e o medio ambiente.

Coincide tamén na necesidade de adoptar medidas axeitadas en relación cos aspectos éticos da práctica científica e o uso do coñecemento científico e as súas aplicacións. Ademais, a Universidade de Vigo está adherida ao European Charter and Code for Researchers, que inclúe a Carta europea do investigador (conxunto de principios e esixencias xerais que especifican as funcións, responsabilidades e dereitos do persoal investigador) e o Código de conduta para a contratación do persoal investigador.

+ información

<https://www.uvigo.gal/investigar/etica-investigacion>

Comités de ética na investigación

Para cumprir coa lexislación vixente sobre os principios éticos que se deben respectar, e consciente da súa responsabilidade ante a sociedade con respecto á investigación científica e á transferencia de coñecemento desenvolvida no seu ámbito, a Universidade de Vigo constituíu o Comité de Ética na Investigación (Cetic).

Para un mellor desenvolvemento das súas competencias, o Cetic dispón de tres comités independentes. Cada un deles conta co seu propio regulamento e vela no seu ámbito de especialización pola adecuación do deseño e da execución experimental ás normas vixentes, colabora co persoal de investigación na análise das implicacións éticas dos proxectos e elabora os informes requiridos.

- **Comité de Ética na Investigación (Cetic)**

A súa misión principal é promover a cultura ética en toda a comunidade universitaria, de acordo cos principios e estándares internacionais de bo goberno, responsabilidade social e cos obxectivos de desenvolvemento sostible, ademais de velar polo cumprimento das boas prácticas en investigación e en experimentación, garantindo a integridade científica e académica.

O Cetic non mantivo ningunha reunión durante o ano 2024.

+ información

<https://www.uvigo.gal/comite-etica-investigacion-cetic>

- **Comité de Xestión de Riscos Biolóxicos (CGRB)**

Ten como misión identificar, avaliar e previr, e reducir os efectos adversos asociados á investigación con axentes biolóxicos, co fin de garantir o uso correcto das instalacións para o persoal traballador, a sociedade, o medio ambiente e as administracións.

+ información

<https://www.uvigo.gal/comite-xestion-riscos-biologicos-cgrb>

- **Comité de Ética de Experimentación Animal (CEEA/OH)**

Ten como finalidade fomentar en investigadores/as, docentes e estudantes o uso responsable e ético dos animais de experimentación e garantir o uso ético dos animais fronte á sociedade e ás administracións.

Ao longo de 2024, o CEEA/OH mantivo nove reunións nas que se avaliaron, por petición dos investigadores/as, un total de 23 formularios, dos que se realizou unha avaliación individualizada de cada un deles.

+ información

<https://www.uvigo.gal/comite-etica-experimentacion-animal-ceea>

- **Comité de ética para a investigación con seres humanos e medio ambiente (CEISHMA)**

É responsable da avaliación dos aspectos éticos da investigación realizada na Universidade de Vigo con fins científicos que impliquen seres humanos ou o medio ambiente, así como da

obtención e do tratamento de datos persoais que poidan afectar a dereitos fundamentais, conforme a lexislación vixente.

O CEISHMA creouse na sesión ordinaria do Consello de Goberno do 21 de decembro de 2021 e constituíuse formalmente en febreiro do ano seguinte.

Ao longo de 2024, o CEISHMA mantivo oito reunións nas que se tramitaron un total de 26 expedientes.

+ información

<https://www.uvigo.gal/comite-etica-investigacion-seres-humanos-medio-ambiente-ceishma>

Mentora ética

A mentora ética é a persoa titular da inspección de servizos e nela recae a responsabilidade ética da universidade. Participa con voz e voto no Cetic e, como o seu propio nome indica, debe velar pola ética na Universidade de Vigo. Ten, entre as súas funcións, informar dos procedementos referidos a condutas afastadas da ética necesaria e esixible na investigación.

+ información

<https://www.uvigo.gal/es/node/294365>

3.4 Especialización dos campus

No ano 2013 iniciouse a carreira pola especialización nas universidades galegas, feito que a nosa universidade aproveitou levando a cabo accións de cara a consagrar os seus campus universitarios coas máximas distincións e recoñecementos no marco da excelencia e da internacionalización. Segundo esta visión, a estratexia da Universidade de Vigo é continuar medrando ata acadar o prestixio internacional para a súa comunidade, tanto no ámbito educativo coma na investigación, apostando pola distinción grazas ás acreditacións para os seus campus.

Procúrase que a especialización dos campus teña unha clara referencia e relación co contorno social e económico, non só académico, no que se atopa cada un deles.

3.4.1 Campus do Mar



En 2010 naceu o proxecto de campus de excelencia internacional Campus do Mar, froito da aspiración das universidades de Vigo, de Santiago de Compostela e da Coruña, do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e do IEO (Instituto Español de Oceanografía), xunto cos centros e coas plataformas tecnolóxicas da comunidade autónoma, para desenvolver un campus de excelencia internacional no ámbito das ciencias e das tecnoloxías do mar e, así, crear valor económico e social como motor do desenvolvemento territorial.

O Campus do Mar asentouse en dous piares básicos: o mar como aspecto singular e diferenciador, e o carácter transfronteirizo da agregación estratéxica inscrita dentro da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

A misión do Campus do Mar é dinamizar unha rede transfronteiriza e integrada de unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía, que forma os mellores profesionais e investigadores/as no ámbito das ciencias e das tecnoloxías do mar nas súas diferentes aplicacións económicas e sociais; que xere investigación de calidade e impacto internacional; e que lle proporcione á industria as mellores ferramentas para mellorar a súa competitividade a escala global.

Entre as actividades levadas a cabo en 2024 destacan:

Proxectos colaborativos

- Programa de ciencias mariñas de Galicia. O Campus do Mar participa neste programa e coordina varias accións dentro do paquete de traballo PT11-Cultura científica, transferencia e capacitación como ferramentas de transformación social para o desenvolvemento sostible de Galicia no ámbito mariño. Tivo participación nas asembleas xerais realizadas en Santiago de Compostela o 22 de maio e o 13 de decembro de 2024, ademais de colaborar na organización desta última en Santiago de Compostela. <https://galicia.thinkinazul.es/>.
- Desafíos do océano: Científicas ao mando–Edición «novos retos». En 2024, o Campus do Mar deu por rematada a execución deste proxecto que conta coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía–Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Este proxecto deu continuidade ao executado en 2022 polo Campus do Mar, e tivo como obxectivo visibilizar o destacado papel que investigadoras pertencentes a distintas institucións colaboradoras co Campus do Mar teñen como líderes de liñas de investigación que supoñen importantes retos que afrontan os océanos. Produciuse unha miniserie documental con estas investigadoras como protagonistas e organizouse un concurso no que participou alumnado de secundaria. O alumnado gañador visitou as instalacións do campus e os laboratorios das investigadoras participantes entre o 24 e o 26 de xuño de 2024. A serie documental presentouse oficialmente nun acto público que tivo lugar no edificio Redeiras da Universidade de Vigo o 27 de xuño de 2024.
- Mar Emerxente-Scientists meet Artists. O Campus do Mar deu por completada a execución deste proxecto que conta coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía–Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. Este proxecto reuniu cinco parellas de artistas e persoal científico do Campus do Mar, das cales resultaron cinco obras escultóricas inspiradas nas liñas de investigación representadas polo persoal participante. Complementariamente desenvóléronse materiais auditivos e visuais que axudan a interpretar as obras dirixidos especialmente a persoas con dificultades sensoriais para un maior impacto e inclusividade. A xornada pública da inauguración da exposición tivo lugar o 28 de xuño de 2024. A exposición estivo aberta ao público ata setembro de 2024.

Ademais, o Campus do Mar participou en diversas xornadas, congresos e eventos colaborativos, así como na Scientists Meet Artists, que é unha iniciativa promovida polo Campus do Mar e o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo. Está orientada a divulgar as ciencias do mar a través do eixe arte e ciencia, facilitando un lugar de encontro e de diálogo entre investigadores/as e ilustradores/as. En 2024, promocionáronse e distribuíronse en distintos eventos e entre escolares os materiais divulgativos elaborados na actividade «Ocean Literacy», consistentes en recursos didácticos baseados en sete ilustracións que recompilan os sete principios esenciais da cultura oceánica ou alfabetización mariña, inspiradas e explicadas por tres científicas e cinco científicos.

+ información

<http://campusdomar.gal/>

3.4.2 Campus Auga



Algunhas das actividades relacionadas coa RSU 2024 do Campus Auga foron promovidas e desenvolvidas directamente polo propio Campus, e outras realizáronse en colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Ourense.

A programación de actuacións desenvolveuse nos ámbitos que se indican a continuación:

Ámbito da investigación

- Convocatoria da VI edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga da Universidade de Vigo. O seu obxectivo é estimular a promoción do Campus Auga, distinguindo traballos que contribúan a situar e a consolidar este campus como un referente internacional nas liñas de alimentación funcional, agricultura e medio ambiente, e xestión da auga termal. A empresa Viaqua participa na achega económica dos premios no marco dun convenio de colaboración asinado entre esta empresa e a Universidade de Vigo.
- Programa INOU 2024. Axudas a grupos de investigación do campus de Ourense. O seu obxectivo é impulsar a interacción entre grupos de investigación do campus de Ourense e do Campus Auga en distintos ámbitos de coñecemento para que contribúan ao desenvolvemento social e económico da provincia de Ourense e ao coñecemento da súa realidade, así como á especialización do campus de Ourense en temáticas referentes á auga.
- Programa de incorporación de novo persoal investigador e de apoio á investigación no Campus Auga. En total, materializáronse 12 novas incorporacións, das cales 8 son persoal investigador pre e posdoutoral, 3 son técnicos de laboratorio e 1 xestor de I+D. Todas estas figuras contractuais están financiadas polo convenio coa Xunta de Galicia para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Auga.
- Fortalecemento das infraestruturas de investigación coa adquisición de equipamento de laboratorio de uso común para os grupos de investigación do Campus Auga.

Ámbito da transferencia

- Participación da Vicerreitoría do Campus de Ourense e da dirección do Campus Auga nas reunións da Asociación Aquavalor.
- Organización do Curso de formación en transferencia de coñecemento e tecnoloxía, desenvolvido en formato presencial coa colaboración da Oficina de I+D e da Área de Emprego da UVigo.
- Participación dos técnicos da Oficina de Xestión do Campus Auga no programa formativo GOSCI (Xestión Operativa en Centros de Investigación) organizado pola Xunta de Galicia e impartido por FEUGA.

Ámbito da divulgación

- Asistencia e participación na Feira Internacional de Turismo Termal (Termatalia) en Ourense.
- V Congreso Internacional da Auga. A Auga como Recurso Sostible: Ciencia, Empresa e Benestar, organizado pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
- Actualización e creación de novos contidos da páxina web do Campus Auga.

(<https://campusauga.uvigo.es/>).

- Deseño gráfico, creación e elaboración de material corporativo do Campus Auga para divulgar a súa actividade científica e docente.
- Creación de contido e deseños para as redes sociais do Campus Auga (Linkedin, Instagram, X-Twitter e Facebook).

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/ourense-campus-auga>

3.4.3 Campus Crea



Nesta anualidade avanzouse na preparación da candidatura de acreditación do Campus Crea como campus de especialización. Ao abeiro dese proceso, foi aprobado o plan estratéxico 2024-2027 para o campus de especialización Crea, documento que guiará os traballos do Campus Crea nos próximos anos.

Como medidas salientables no proceso de preparación da candidatura debemos destacar a renovación do comité reitor do campus de especialización Crea, así como dos comités de asesoramento externos: comité académico e comité socioempresarial. Avanzouse na consolidación da secretaría técnica do campus de especialización. Deste xeito, o Campus Crea dotouse dunha estrutura de gobernanza que rexerá a coordinación e a xestión das accións que se van realizar.

Na liña de difusión da marca Campus Crea actualizáronse soportes comunicativos na entrada do campus de Pontevedra, e foron realizadas diversas accións de comunicación: actualización da web propia, deseño e produción de contidos promocionais, como folletos en galego e español, e carpetas corporativas.

Durante o ano 2024 realizáronse diversas actividades desde a secretaría técnica do Campus Crea, que se relatan nos seguintes apartados.

Investigación

Neste ámbito, realizáronse accións de planificación e posta en marcha de actividades para fomentar a transferencia e investigación no campus Crea.

I Congreso Internacional da Creatividade Crea. En novembro tivo lugar o primeiro congreso internacional da creatividade que contou coa inscrición de máis de 80 participantes. Recibíronse máis de 70 propostas de comunicación nos ámbitos do deseño, a educación, a publicidade, as artes creativas e a comunicación.

Celebración da IV Xornada de Investigación Campus Crea coa participación de estudantes dos programas de doutoramento adscritos ao campus de especialización Crea.

Convocatoria dos IV Premios de Creatividade e Innovación 2024, que teñen como obxectivo recoñecer diferentes facetas da actividade desenvolvida pola comunidade investigadora da Universidade de Vigo.

Celebración da Semana da Creatividade. Este programa de actividades integrou conferencias, obradoiros, proxeccións de cinema e concertos. Na edición deste ano, as actividades programadas contaron coa presenza de máis de 1000 asistentes da comunidade universitaria do campus de Pontevedra.

Xornadas Universidade-Empresa. Na edición de 2024 contouse con experiencias de tituladas no eido da publicidade e das relacións públicas, como Goretti Castro Rey, Senior Content Developer en Hijos de Rivera Estrella Galicia; Alejandra Benso Regueira, Event Manager & Producer en Pepe Solla e Vanesa López Chousa, Socia fundadora e directora de Trisquelia.

International Multidisciplinary Journal Crea. Foi editado un novo número da publicación. Conseguiuse indexar a revista en bases de datos como ERIC e LATINDEX, o que supón un avance na estratexia de conseguir un maior recoñecemento no ámbito académico. Como medida para acadar unha maior difusión entre a comunidade universitaria, elaboráronse dous expositores para a promoción da revista, que estarán colocados na biblioteca xeral do campus de Pontevedra e na sede do campus de especialización Crea na Casa das Campás.

Internacionalización

Co propósito de construír unha universidade máis proxectada no mundo, desenvolvéronse accións para fortalecer a presenza do campus de especialización Crea no ámbito europeo e internacional.

No marco das accións de internacionalización, intensificouse a promoción do Programa de doutoramento Crea S2i, coa participación da vicerreitora de Pontevedra e da directora do Campus Crea, no IV Congreso Latinoamericano de Investigación y Educación Superior Interdisciplinaria en Uruguai.

Visita institucional á Universidade de Beira Interior co obxectivo de establecer canles de traballo en común entre ambas as institucións.

Formalizouse a sinatura dun convenio específico coa Escola Superior Artística do Porto, en Portugal, e está en proceso de formalización o convenio coa Universidad Andrés Bello, en Chile. Ambas as institucións presentan características semellantes ao campus de especialización Crea.

Infraestruturas

Nesta anualidade púxose en marcha o **Crea Lab**, laboratorio tecnolóxico de axuda á investigación no ámbito da creatividade, e ofertouse formación específica no ámbito do deseño e modelado en 3D.

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea>

3.4.4 Vigo Tecnolóxico



O Campus de Especialización Vigo Tecnolóxico xorde no ano 2014 coa finalidade de dinamizar o eido da enxeñaría dentro e fóra da Universidade de Vigo, transferindo coñecemento e xerando valor para a sociedade. Os piares de Vigo Tecnolóxico son as tres escolas de enxeñaría asentadas en Vigo (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, Escola de Enxeñaría Industrial e Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía), e os dous centros de investigación vencellados (Atlanttic e Cintecx). Ademais, Vigo Tecnolóxico vén prestando o seu apoio, económico e de promoción, a asociacións estudantís xurdidas nas escolas de enxeñaría CES (Clean Energy Ship) UVigo, Foro Tecnolóxico de Emprego e UVigo SpaceLab.

O campus de especialización aspira a converterse nun axente activo no proceso de transformación da I+D+i galega mediante unha oferta docente conforme as demandas do tecido produtivo e a xeración de tecnoloxías capaces de responder aos retos sociais de maneira sostible. O seu compromiso coa contorna evidénciase na vocación de contribución ao desenvolvemento socioeconómico e na defensa da equidade e da igualdade de oportunidades, valores recollidos na Estratexia 2025 de Vigo Tecnolóxico.

En 2024 volveu a Olimpíada Nacional de Telecomunicación «Teleco games: resolvindo retos de la sociedad» coa súa segunda edición. A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación foi de novo a súa sede en Galicia. Nesta ocasión, o reto que tiveron que afrontar estudantes de ESO, bacharelato e ciclos formativos foi desenvolver solucións creativas coa axuda da tecnoloxía para cumprir o ODS 3: saúde e benestar. Fixérono a través de prototipos baseados en plataformas programables compatibles con Arduino. Entre os traballos presentados en Vigo, a «ecoclase» dos representantes do CPI Luís Díaz Moreno de Baralla, cun botón de aviso á enfermaría e con acendido dun ventilador de xeito automático ao elevarse a temperatura, ou o «pastilleiro electrónico» do equipo do colexio San Miguel 2 de Vigo.

Tampouco faltaron os proxectos de tecnoloxía aplicada con sensibilidade social nos LPRO Days 2024, as xornadas nas que cada ano se presentan iniciativas ideadas no marco da materia Laboratorio de proxectos de cuarto curso do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación. De feito, recibiron o premio LembraPill, solución para o seguimento de medicacións con monitorización remota, ou SafeWChair, que detecta caídas en cadeiras de rodas.

Atlanttic puxo a proba as últimas tecnoloxías ante emerxencias e busca de persoas desaparecidas xunto a Optare Solutions e MásOrange, e coa participación da unidade de drons da Policía Local de Vigo. Fíxose unha demostración da utilidade do emprego de drons combinando 5G, intelixencia artificial e edge computing, da man da plataforma edgeContinuum desenvolvida polo Grupo de Tecnoloxías da Información co apoio do programa Ignicia de GAIN. Esta permite transmitir e analizar mediante IA o vídeo da área en que se detecta a emerxencia en tempo real.

Pola súa banda, persoal científico de CINTECX, do grupo XeoTech (Xeotecnoloxías Aplicadas), traballa no proxecto RoadS2Win, Enhancing ROAD Safety through digital twinning technologies ('Mellorando a seguridade na estrada mediante tecnoloxías de xemelgo dixital'), centrado na mellora do transporte por estrada. Faino a través desas tecnoloxías digital twin (ou 'xemelgo dixital'). Conseguiu financiamento para traballar no proxecto durante os próximos tres anos na convocatoria de axudas Proxectos de xeración de coñecemento.

Hai un pouco máis de tres anos naceu un proxecto de aprendizaxe-servizo que involucra estudantes do Grao en Enxeñaría Biomédica da Escola de Enxeñaría Industrial: durante o primeiro cuadrimestre do curso achéganse ao hospital Álvaro Cunqueiro para compartir as súas tardes con pacientes da área pediátrica. O primeiro dos 18 grupos inscritos na última edición acudiu ao centro hospitalario para amosarlles experimentos a nenos e nenas ingresados coincidindo co Samaín, e varias das alumnas

aproveitaron a ocasión para ir caracterizadas de bruxas. A actividade, posta en marcha polo profesor Eduardo Suárez Porto, é unha das seleccionadas dentro da convocatoria de Proxectos de aprendizaxe-servizo 2024/2025 no marco da Axenda 2030 e dos seus ODS, e obtivo apoio económico a través da convocatoria de axudas económicas para as actividades dos GID 2024.

Celia, o asistente de conversa baseado en intelixencia artificial para persoas maiores non acompañadas, recibiu o premio Amtega ao mellor proxecto TIC con beneficios sociais. É un proxecto liderado polo profesor e director do Grupo de Tecnoloxías da Información (GTI), Francisco Javier González Castaño. Está dispoñible na rede como chatbot de WhatsApp, aplicación propia ou aplicación web e ten tamén o obxectivo de axudar no diagnóstico precoz de problemas de saúde mental.

Relacionado tamén coa navegación de cero emisións está o proxecto H2tech4Ship, un proxecto de remolcador propulsado por hidróxeno no que participa o Grupo de Tecnoloxía Enerxética (GTE) xunto coas empresas Nodosa e CT Engineering, e que está dirixido polos investigadores do Cintecx Concepción Paz Penín e Jacobo Porteiro Fresco.

O reto da descarbonización do transporte marítimo é tamén o eixe de Fistera, un proxecto liderado por Norvento con CTAG e o grupo Applied Power Electronics Technology do Cintecx. Busca desenvolver e fabricar desde Galicia un convertedor de electrónica de potencia que permitirá reducir drasticamente o consumo de combustibles fósiles nos barcos durante a súa chegada, atraque e saída dos portos. Aínda que este avance está pensado para o seu uso en transporte marítimo, os seus beneficios poden reverter noutros sectores. Conta con financiamento europeo a cargo de fondos Feder.

O proxecto SUM4Re, financiado pola Comisión Europea a través de Horizonte Europa, avanza na busca de reducir a cantidade de residuos e fomentar a construción circular. O seu nome completo é Creating materials banks from digital urban mining (Creación de bancos de materiais a partir de minaría urbana dixital). Está liderado pola UVigo, coa cabeza visible do catedrático da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía Pedro Arias Sánchez, e participan nel socios de nove países europeos. Na actualidade os residuos de construción e demolición, excluídos os de minaría, representan o maior fluxo de refugallo da UE en número de toneladas totais. SUM4Re pretende apoiar a transición cara a prácticas de construción circular e incluírá, ademais de tres pilotos de demostración, unha estratexia para mellorar a cualificación da man de obra no sector e facilitar que as solucións desenvolvidas sexan adoptadas polas súas empresas e colectivos profesionais.

+ información


<http://vigotecnoloxico.uvigo.es/>

3.5. THE Impact



A Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, un plan de acción para as persoas, o planeta e a prosperidade. A axenda, cos seus 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), proporciona un plan de acción para enfrontar os maiores desafíos mundiais: erradicar a pobreza e fomentar o crecemento económico, a inclusión social, a sustentabilidade ambiental, a paz e a boa gobernanza para todas as nacións en 2030. Neste sentido, a investigación, a innovación e a educación serán esenciais para axudar a sociedade e enfrontar os desafíos sociais, económicos e ambientais.

Neste contexto *Times Higher Education* lanza o «THE University Impact», que ten como obxectivo medir o impacto das universidades na sociedade baseado no éxito das institucións para cumprir os obxectivos da Axenda 2030. Nel participaron, na edición de 2024, un total de 1963 universidades.



Os resultados da UVigo no THE Impact Rankings 2024 son moi positivos, especialmente nos ODS 5 «Igualdade de xénero», ODS 7 «Energía accesible e non contaminante», ODS 16 «Paz, xustiza e institucións sólidas» e ODS 17 «Alianzas para acadar os obxectivos». En concreto, a UVigo sitúase entre as 40 mellores do mundo no ODS 7, ao ser a segunda mellor universidade de España neste indicador, e alcanza o posto 53 mundial en igualdade de xénero (ODS 5). No ODS 16, a universidade figura entre as 101 e 200 primeiras no ámbito global.

Máis información sobre a clasificación THE Impact pode consultarse na súa web:

<https://www.timeshighereducation.com/world-university-rankings/university-vigo>

A Unidade de Análises e Programas da UVigo elabora informes de posicionamento para avaliar as métricas e o rendemento da universidade en cada ODS, dispoñibles para a consulta detallada.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/64>

3.6. Transparencia



Segundo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013) e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016), as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas están incluídas no seu ámbito de aplicación. Ao mesmo tempo, a Universidade de Vigo, en virtude da súa potestade regulamentaria e de autoorganización, desenvolve no seu ámbito as disposicións que as leis anteditas indican. Neste senso, apróbase, na sesión do Consello de Goberno do 9 de outubro de 2017, o Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo. O citado regulamento establece na universidade os mecanismos e os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno.

Por outra parte, a Universidade de Vigo leva anos comprometida coa transparencia e co rendemento de contas ao publicar a información sobre os resultados do seu portal de transparencia.

No seguinte cadro detállase a evolución do número de visitas ao portal de transparencia:

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	% de variación
Núm. total de visitas	71 093	65 736	72 712	123 503	124 345	143 405	15,33 %

Con respecto ao cumprimento de obrigas de publicidade activa, en función das diferentes normativas, cabe destacar que se acada un 100 % de publicidade, con 19 indicadores publicados ao respecto da Lei 19/2013 de transparencia estatal, un 98 % de publicidade, con 51 indicadores ao respecto da Lei 1/2016 de transparencia galega e tamén un 100 % de publicidade, con 17 indicadores relativos ao Regulamento de transparencia da propia Universidade de Vigo. Con respecto á Lei 6/2018, de presupostos xerais do Estado para o ano 2018, que na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, no seu punto cuarto, indica que cada administración pública presentará o seu plan de absentismo xunto cos datos deste, só un indicador cumpre coa publicación dos datos de absentismos no portal de transparencia.

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013)	Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016)	Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo	Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado (ano 2018). Disposición adicional 54
• 19 indicadores publicados • 100 % publicado	• 51 indicadores publicados • 98 % publicado	• 17 indicadores publicados • 100 % publicado	• 1 indicador publicado • 50 % publicado

Dentro da xestión do portal de transparencia, destacamos que durante o ano 2024 se publicaron un total de 148 actualizacións de ficheiros e de informes ao longo do ano, 53 menos ca no ano 2023, debido a que non se puideron actualizar **71** ficheiros por problemas informáticos.

En relación co dereito de acceso en 2024, recibíronse un total de 29 solicitudes de datos amparadas nas leis de transparencia. Das 29 solicitudes recibidas, 23 foron concedidas, 3 tiveron resolución denegatoria, 1 non foi admitida a trámite, 1 archívoouse e 1 tivo unha estimación parcial.

O compromiso coa transparencia tamén se avalía mediante as clasificacións e valoracións externas realizadas por diferentes institucións.

Unha delas é a plataforma Dyntra (Dynamic Transparency Index), que nace como unha plataforma colaborativa que traballa na medición e na xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. En decembro do ano 2024, a Universidade de Vigo atopábase na terceira posición da súa clasificación e cumpría un total de 160 dos 169 indicadores (un 94,67 %).

POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Zaragoza	163 de 169 indicadores	96.45%
1	 Universidad de Huelva	163 de 169 indicadores	96.45%
3	 Universidade de Vigo	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Valladolid	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Murcia	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Cádiz	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad de Burgos	160 de 169 indicadores	94.67%
3	 Universidad Complutense de Madrid	160 de 169 indicadores	94.67%

Este elevado grao de cumprimento coa transparencia pública fai que a UVigo tamén se atope na clasificación de transparencia das administracións públicas españolas, elaborado por esta mesma plataforma, na que tamén ocupa a terceira posición.

Administraciones Públicas españolas			
Buscar una entidad ...			
POSICIÓN	ENTIDAD	ÍNDICE	PORCENTAJE
1	 Universidad de Zaragoza	163 de 169 indicadores	96.45%
1	 Universidad de Huelva	163 de 169 indicadores	96.45%
3	 Universidade de Vigo	160 de 169 indicadores	94.67%

A Fundación Haz (anteriormente denominada Fundación Compromiso e Transparencia), coa misión de fortalecer a confianza da sociedade nas institucións e empresas promovendo a transparencia, o bo goberno e o compromiso social, realiza diversas publicacións, entre elas o «Examen de transparencia 2024. Informe de transparencia y buen gobierno de las universidades españolas». Este informe realízase desde o ano 2011 e é de axuda inestimable para que as universidades públicas poidan continuar progresando na transparencia na web. O obxectivo principal dos informes desta fundación é impulsar a transparencia na web e desenvolver un conxunto de áreas e indicadores comúns a partir dos cales as universidades poidan ir enriquecendo o seu rendemento de contas.

En 2024, a Universidade de Vigo acada de novo o selo «t de transparente***» (categoría tres estrelas), que implica, tal e como se comentou nun apartado anterior, un cumprimento do 98 %, con 61 puntos sobre os 62 posibles.



A información máis detallada sobre transparencia pódese consultar no informe que anualmente se presenta ante o Claustro Universitario e no que se dá conta do mandato do artigo 22 do Regulamento de transparencia e acceso á información pública.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/75>



Capítulo 4. Dialogando coas partes interesadas

Os grupos de interese ou partes interesadas da nosa institución son as persoas ou entidades afectadas polo noso traballo e que, á súa vez, nos inflúen coas súas expectativas á hora de realizar o noso labor.

O estudantado representa o noso máis grande e importante grupo de interese e o obxectivo prioritario da nosa misión; por este motivo, alén das tarefas intrinsecamente académicas, a Universidade de Vigo promove, a través de diferentes programas, toda unha gama de actividades complementarias. Así mesmo, os traballadores e traballadoras da Universidade de Vigo representan os elementos que fan posible que tanto as tarefas académicas coma as de xestión permitan ofrecer os nosos servizos.

Estes dous grupos permiten atender a nosa misión que é a de ser promotora da creación e da difusión do pensamento crítico e do fomento da cultura entre a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto. A comunidade local, xunto coa sociedade xeral, representa o outro grupo de interese ao cal debemos ter en conta, establecendo unha comunicación intensa e profunda con elas co fin de incorporar as súas expectativas e necesidades.

4.1 Estudantado

4.1.1 Orientación ao estudantado



Dentro da estrutura de goberno da Universidade de Vigo, a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade centraliza nun mesmo departamento ámbitos de actuación de gran transcendencia para o estudantado, como prácticas, emprego, emprendemento, bolsas, formación transversal, e outras cuestións relacionadas coa vida académica do estudantado. Especificamente, no apartado de captación de novo alumnado contamos cun programa xeral de orientación dividido en varias actividades:

- Asesoramento para o persoal orientador de centros educativos de secundaria.
- Charlas informativas xerais.
- Charlas informativas específicas.
- Visitas guiadas aos campus universitarios da UVigo
- Feiras de orientación universitaria.
- Xornadas de orientación universitaria.
- Xornadas de portas abertas.

A Universidade de Vigo, desde o punto de vista da xestión (encadrada no servizo de xestión da extensión universitaria) conta cunha unidade estable e diferenciada de atención ao estudantado universitario. Conta coa Sección de Información ao Estudante (SIE), que completa a orientación en todos os aspectos relacionados coa vida universitaria, moi especialmente dirixido ao futuro estudantado mediante actividades de captación de novo alumnado. Ofrece unha información clara e completa, sobre todo o relativo á vida universitaria.

+ información

<https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/orientacion-academica>

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/saude-benestar/unidade-atencion-ao-estudiantado-necesidades-especificas-apoyo-educativo-unaten>

Datos do Gabinete Psicopedagógico no curso 2023/2024

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Consultas atendidas	80	80	100

4.1.2 Bolsas



En primeiro lugar, hai que destacar a centralización no Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos a xestión de todas as convocatorias de subvencións destinadas ao estudantado que estaban espalladas por distintas unidades da universidade, agás as convocatorias ligadas á mobilidade internacional (xestionadas pola Oficina de Relacións Internacionais) e as subvencións dos programas de investigación (xestionadas polo Servizo de Apoio á Investigación).

Ao longo do curso xestiónanse convocatorias do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP), da Xunta de Galicia e convocatorias propias da Universidade de Vigo, con todos os seus procedementos derivados (preparación e difusión da convocatoria, xestión de solicitudes, xestión económica, xustificación e reintegro).

Bolsa de carácter xeral do MEFP e do Goberno vasco

No curso 2023/2024 concedéronse un total de 5034 bolsas de 8885 solicitadas por un importe total de 20.668.338 €.

Convocatorias de estudo e colaboración

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas financiados co seu propio orzamento e achegas doutras entidades, así como premios que procuran animar o estudantado a acadar as máximas cotas académicas. No curso 2023/2024 concedéronse un total de 1483 bolsas de 5029 solicitadas por un importe total de 1.634.868,96 €, cun 83,85 % executado.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/30>

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos elabora unha memoria de cada curso académico cos aspectos máis salientables, información sobre os prezos públicos e as axudas e bolsas tramitadas. Na seguinte ligazón pódense consultar as citadas memorias coa información máis detallada.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/59>

4.1.3 Prácticas e acceso ao mercado laboral



A realización de prácticas externas é unha ferramenta decisiva tanto na formación integral do estudiantado coma, dun xeito máis institucional, no desenvolvemento das relacións da propia Universidade de Vigo coa súa contorna máis próxima.

As prácticas achegan o estudiantado á realidade profesional, facilitando a súa relación cos distintos sectores socioeconómicos e aumentando a súa empregabilidade, pois proporcionan competencias, habilidades e coñecementos de carácter práctico indispensables na súa integración e desenvolvemento profesional.

Por outra parte, as relacións con empresas e con institucións que se establecen a través das prácticas externas son un instrumento valioso para comprobar a formación que está a recibir o estudiantado universitario e establecer accións de mellora, ademais de permitir identificar os sectores económicos que presentan maior crecemento e dinamismo.

Prácticas académicas externas (curso 2023/2024)

Durante o curso académico 2023/2024 a Área de Emprego e Emprendemento, os centros educativos dos tres campus e a Fundación da Universidade de Vigo xestionaron un total de 1121 convenios de cooperación educativa e un total de 3328 prácticas. A porcentaxe de prácticas curriculares foi superior ao 80 % do total de prácticas xestionadas.

Número de alumnos/as en prácticas	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020	Curso 2020/2021	Curso 2021/2022	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
Extracurriculares	913	521	786	802	700	549
Curriculares	3497	3570	3033	3253	3065	2715
Total de prácticas	4410	4091	3819	4055	3765	3264
Número de convenios	3994	4267	2796	3197	2719	1411

Nesta táboa podemos ver que o número de prácticas curriculares se atopa ao redor das 3300 en cada curso, mentres que as prácticas extracurriculares experimentan unha baixada no curso 2023/2024, ao igual ca o número de convenios vixentes.

+ información

<https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/practicas-academicas-externas>

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/5/9>

As prácticas extracurriculares realizadas no curso 2023/2024 clasifícanse por sector de actividade de acordo co seu CNAE (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) como se amosa na seguinte táboa.

CNAE	Empresas
Actividades administrativas e servizos auxiliares	34
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	14
Actividades financeiras e de seguros	12
Actividades inmobiliarias	5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	190
Actividades sanitarias e de servizos sociais	22
Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	20
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	9
Comercio e reparación de vehículos de motor e motocicletas	17
Construción	14
Educación	16
Hostalaría	18
Industria manufactureira	82
Información e comunicacións	56
Outros servizos	34
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1
Transporte e almacenamento	25
TOTAL	569

+ información

<https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/practicas-academicas-externas>

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/5/9>

Orientación e información de emprego

A Área de Emprego e Emprendemento (AEE) ten como principal misión estreitar os vínculos entre a universidade e a sociedade en materia de emprego e facilitar o coñecemento mutuo das necesidades, requisitos e posibilidades de cada unha das partes. Consecuentemente, leva a cabo unha serie de accións que, a partir das necesidades detectadas, permiten ofrecer (de maneira continuada) novas oportunidades de inserción laboral e impulsar así a empregabilidade de estudantes e persoas egresadas desta universidade.

O persoal técnico superior en orientación laboral da AEE realiza un labor de asesoramento e de información laboral personalizada para axudar o estudantado e as persoas tituladas que o soliciten a desenvolver o seu itinerario persoal de busca de emprego. Para isto, organízanse entrevistas de orientación coa persoa solicitante nas que se utilizan as ferramentas necesarias no acceso aos procesos de selección, tales como o currículo, cartas de presentación, protocolo para entrevistas de selección de persoal, probas psicotécnicas etc. Realizáronse 130 entrevistas individualizadas de orientación laboral (77 estudantes e 53 persoas egresadas).

Dentro do total das persoas atendidas realizóuselles o asesoramento en materia de currículo a 37 persoas estudantes por mor da súa participación na feira de emprego Emprego in Campus realizada nos campus de Vigo e de Ourense para o Foro Tecnolóxico. En relación co tipo de entrevistas, 53 foron presenciais, 56 virtuais e 21 foron consultas por correo electrónico.

+ información

<https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/axencia-colocacion/orientacion-laboral>

Ofertas de emprego

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2023/2024 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou 305 ofertas de emprego para diferentes sectores.

Seguindo a tendencia habitual, as ofertas de emprego máis numerosas foron do ámbito tecnolóxico, cun total de 149 ofertas (49 %), seguido do ámbito xurídico-social con 83 (27 %). Tamén foi representativo o número das ofertas dirixidas ao ámbito das ciencias da saúde, que aumentaron considerablemente desde a pandemia da covid, con 18 ofertas para persoas con titulación en Enfermaría ou Fisioterapia (6 %). Para o ámbito científico publicáronse 8 ofertas (3 %). As restantes ofertas (15 %) estaban dirixidas a titulacións de máis dun ámbito de coñecemento.



+ información

<https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/ofertas-emprego>

Emprendemento-autoemprego

Programa Incuvi

A Área de Emprego e Emprendemento fomenta a formación en competencias propias do autoemprego do estudiantado e das persoas tituladas pola Universidade de Vigo, principalmente a través da convocatoria de tres programas propios deseñados para facilitar o desenvolvemento de ideas de negocio: o Incuvi-Emprende, como programa de apoio a iniciativas empresariais na súa fase inicial; o Incuvi-Avanza, programa deseñado para facilitar a consolidación dos proxectos máis viables que fixeron o seu paso polo programa Incuvi-Emprende; e o Incuvi-Consolida, como programa de maduración e de consolidación dun proxecto emprendedor beneficiario de Incuvi-Avanza. Na convocatoria de 2023/2024, foron seleccionados un total de 13 proxectos, 9 en Incuvi-Emprende, 3 en Incuvi-Avanza e 1 en Incuvi-Consolida.

Programa Santander Explorer

Desde o ano 2023 a Universidade de Vigo vén participando no programa Explorer do Banco Santander, para que un maior número de estudantes se poidan beneficiar de titorización e de seguimento da súa iniciativa empresarial. No curso 2023/2024 houbo 31 participantes que formaban parte de 29 proxectos, dos cales o 46 % eran mulleres e o 54 % eran homes.

Servizo SUCEDE

A maiores, desde SUCEDE deuse servizo de consultaría a 9 estudantes ou titulados con interese en emprender unha idea de negocio. Cada estudante asistiu a un máximo de 3 sesións, aínda que a maior parte asistiu a unha sesión de 1 hora. Atendendo os datos da enquisa de satisfacción do servizo, todas as persoas usuarias cualificaron a súa satisfacción como «Moi boa».

+ información

<https://www.uvigo.gal/estudar/empregabilidade/emprendemento>

4.1.4 Inserción laboral

A Universidade de Vigo, a través do Observatorio de Persoas Tituladas, elabora os seus propios estudos de inserción laboral do antigo estudiantado co apoio e colaboración do Consello Social.

Durante o ano 2024, o Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo realizou estudos de inserción laboral das persoas tituladas nos tres ciclos en que se estruturan os estudos oficiais do ensino universitario, referidos aos egresados e egresadas do curso 2021/2022.

- Estudos de grao.
- Estudos de mestrado universitario.
- Estudos de doutoramento.

A seguir son referidos os principais resultados das enquisas e informes de inserción laboral que foron publicados polo observatorio durante o ano 2024.

Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2020/2021

Poboación: 2653

Mostra: 387

Erro mostral: 4,605 %

1 Datos persoais e académicos

- Paridade de xénero: 58,4 % de mulleres.
- Lugar de residencia: Galicia (83,7 %), outras comunidades autónomas (11,1%) e estranxeiro (5,2 %).
- Ramas de coñecemento: xurídico-social (43,7 %), tecnolóxica (25,8 %), artes e humanidades (12,7 %), científica (9,0 %) e ciencias da saúde (8,8%).
-

2. Situación actual

- Taxa de ocupación: 71,3 % (80,0 % de homes fronte ao 63,7 % de mulleres).
- Taxa de paro: 8,5 % (5,0 % de homes e 11,1 % de mulleres).
- Continúan estudando ou preparando oposicións: 20,2 % (13,0 % de homes e 25,2 % de mulleres).
- Tempo de procura de emprego: 9,27 meses (5,72 homes e 10,44 mulleres).
- Tempo medio de acceso ao primeiro emprego: 5,33 meses.

3. Emprego actual

- Lugar do traballo: 76,6 % en Galicia, 16,8 % noutras comunidades e 6,6 % no estranxeiro.
- Emprego por conta propia: 2,6 % (3,1 % de homes fronte ao 2,2 % de mulleres).
- Estabilidade laboral: 62,3 % (71,1 % homes fronte ao 54,0 % de mulleres).
- Categoría profesional (con responsabilidade sobre outras persoas): 15,4 %.
- Ingresos mensuais netos (mediana): 1.342,91 €.
- Ingresos mensuais netos (media): 1.396,74 €.

4. Valoración do traballo actual

- Adecuación temática ao traballo: 74,5 % (77,1 % de homes fronte ao 72,8 % de mulleres).
- Adecuación das funcións ao traballo: 66,4 % (64,9 % de homes fronte ao 67,8 % de mulleres).
- Sobrecualificación: 22,6 % (18,3 % de homes fronte ao 26,6 % de mulleres).

5. Satisfacción co itinerario académico (escala de 1 a 5)

- Satisfacción global cos estudos de grao: 3,43.
- Competencias adquiridas: 3,28.
- Recomendaría os estudos realizados: 3,40.

6. Satisfacción coa inserción laboral (escala de 1 a 5)

- Capacitación achegada polos estudos: 3,16.
- Melloría da inserción laboral: 3,01.
- Melloría do nivel socio-laboral: 3,18.

Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2020/2021

Poboación: 1155

Mostra: 258

Erro da mostra: 5,379 %

1. Datos persoais e académicos

- Paridade de xénero: 56,2 % mulleres.

- Lugar de residencia: Galicia (89,5 %), outras comunidades autónomas (6,6 %) e estranxeiro (5,5%).
- Rama de coñecemento: xurídico-social (55,4 %), tecnolóxica (24,8 %), artes e humanidades (9,7%), científica (8,5 %) e ciencias da saúde (1,6 %).

2. Situación socio-laboral actual

- Taxa de ocupación: 76,7 % (82,3 % de homes fronte ao 72,4 % de mulleres).
- Desemprego: 11,2 % (11,2 % de homes fronte ao 11,5 % de mulleres).
- Taxa de inactividade: 12,0 % (12,0 % de homes fronte ao 16,6 % de mulleres).
- Tempo de procura de emprego (meses): 11,73 para os homes fronte a 14,66 para as mulleres.
- Tempo en atopar emprego (meses): 3,79 para os homes fronte a 4,68 para as mulleres.

3. Emprego actual

- Lugar de traballo: Galicia (84,8 %), outras comunidades autónomas (9,1 %) e estranxeiro (6,1 %).
- Emprego por conta propia: 8,1 % (3,2 % de homes fronte ao 12,4 % de mulleres).
- Estabilidade laboral: 70,0 % (72,3 % de homes fronte ao 67,5 % de mulleres).
- Categoría profesional: 21,3 %.
- Ingresos netos mensuais (mediana): 1.436,63 €.
- Ingresos netos mensuais (media): 1.579,71 €.

4. Valoración do traballo actual

- Adecuación temática ao traballo: 66,0 % (65,6 % de homes fronte ao 66,3 % de mulleres).
- Adecuación ás funcións ao traballo: 67,5 % (67,7 % de homes fronte ao 67,3 % de mulleres).
- Sobrecualificación: 22,3 % (21,5 % de homes fronte ao 23,1 % de mulleres).

5. Satisfacción co itinerario académico (escala de 1 a 5)

- Satisfacción global cos estudos de mestrado: 3,50.
- Competencias adquiridas: 3,41.
- Recomendaría os estudos realizados: 3,52.

6. Satisfacción coa inserción laboral (escala de 1 a 5)

- Capacitación achegada polos estudos: 3,24.
- Melloría da inserción laboral: 3,02.
- Melloría do nivel socio-laboral: 3,13.

Estudo sobre a inserción laboral e satisfacción das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento no curso 2020/2021

Poboación: 178

Mostra: 111

Erro da mostra: 5,723 %

1. Datos persoais e académicos

- Paridade de xénero: 56,8 % mulleres.
- Lugar de residencia: Galicia (58,6 %), estranxeiro (28,8 %) e outras comunidades autónomas (12,6 %).
- Rama de coñecemento: xurídico-social (35,1 %) científica (30,6 %), tecnolóxica (17,1 %), artes e humanidades (14,4 %) e ciencias da saúde (2,7 %).

2. Situación socio-laboral actual

- Taxa de ocupación: 95,5 % (100,0 % de homes fronte ao 92,1 % de mulleres).
- Desemprego: 2,7 % (0,0 % de homes fronte ao 4,8 % de mulleres).
- Taxa de inactividade: 1,8 % (0,0 % de homes fronte ao 3,2 % de mulleres).
- Tempo de procura de emprego (meses): 1,33 (mulleres).
- Tempo en atopar emprego (meses): 1,88 (1,68 para os homes fronte ao 2,03 para as mulleres).

3. Emprego actual

- Lugar de traballo: Galicia (56,2 %), estranxeiro (29,5 %) e outra comunidade autónoma (14,3 %).
- Emprego por conta propia: 5,7 % (8,3 % de homes fronte ao 3,4 % mulleres).
- Estabilidade laboral: 49,0 % (48,8 % de homes fronte ao 49,1 % de mulleres).
- Categoría profesional: 32,4 %.
- Ingresos netos mensuais (mediana): 2.000,00 €.
- Ingresos netos mensuais (media): 2.419,54 €.

4. Valoración do traballo actual

- Adecuación temática ao traballo: 61,9 % (66,7 % de homes fronte ao 57,9 % de mulleres).
- Adecuación das funcións ao traballo: 51,4 % (58,3 % de homes fronte ao 45,6 % de mulleres).
- Sobrecualificación (doutores/as que requiren formación inferior ao nivel de doutoramento): 45,7 % (41,7 % de homes fronte ao 49,2 % de mulleres).

5. Satisfacción co itinerario académico (escala de 1 a 5)

- Satisfacción global co programa de doutoramento: 4,07.
- Dirección e titorización da tese de doutoramento: 4,46.
- Competencias adquiridas: 4,27.
- Recomendaría os estudos realizados: 4,13.

6. Satisfacción coa inserción laboral (escala de 1 a 5)

- Capacitación achegada para desenvolver a carreira investigadora: 3,94.
- Melloría da inserción laboral: 3,49.
- Melloría do nivel socio-laboral: 3,57.

+ información

<http://observatorio.uvigo.gal/es/insercion-laboral/informes/>

4.2 Persoal da Universidade de Vigo



O cadro de persoal laboral da Universidade de Vigo esta constituído polo persoal docente e investigador (PDI), o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) e o persoal investigador (persoal en formación predoutoral e posdoutoral, e polo persoal contratado con cargo a proxectos de investigación). Representan un dos grupos de interese prioritarios para a nosa institución, xa que son os que prestan o servizo máis directo e importante para o noso estudantado.

Consideramos que unha das maneiras de ser máis eficientes como institución é promover que o traballo que desenvolve o noso persoal sexa da máxima calidade. Deste xeito, a Universidade de Vigo trata de aproveitar o seu talento, fomentando as súas capacidades e cumprindo o principio de igualdade de oportunidades, nun ambiente de traballo motivador e enriquecedor. Entendemos que este é un dos xeitos máis importantes de compromiso co noso estudiantado e coa sociedade.

4.2.1 Persoal docente e investigador (PDI)

A súa función prioritaria é a docencia e os labores de investigación e transferencia, así como a asistencia ao estudiantado e a atención ás necesidades de xestión. O PDI está composto por funcionarios e funcionarias e por persoal contratado: PDI funcionario e PDI laboral. A repartición por categorías do total do PDI é a seguinte:

Persoal docente e investigador (PDI) segregado por categoría e sexo en cómputo de ETC ao longo do ano 2024:

	Homes	Mulleres	Total
Catedrático/a de escola universitaria	5,13	4,67	9,8
Catedrático/a de universidade	184,32	84,49	268,82
Lector/a de idiomas	3,05	1,28	4,33
Profesor/a asociado	39,95	24,65	64,6
Profesor/a axudante doutor	52,13	48,68	100,81
Profesor/a contratado doutor	73,96	80,1	154,07
Profesor/a emérito	6,33	0,33	6,67
Profesor/a interino de substitución	13,76	15,7	29,46
Profesor/a permanente laboral	2,95	1,62	4,57
Profesor/a titular de escola universitaria	15,67	8	23,67
Profesor/a titular de universidade	288,17	247,91	536,08
Total	685,43	517,43	1202,86

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39>

4.2.2 Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS)

O PTXAS representa un elemento clave no funcionamento eficaz da universidade, xa que lle presta un apoio imprescindible á comunidade universitaria, facilitando múltiples tarefas de xestión.

Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) segregado por sexo en cómputo de ETC ao longo do ano 2024:

ETC ao longo do ano	Total ETC
Homes	319,51
Mulleres	499,26
TOTAL	818,77

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39>

4.2.3 Persoal investigador (PI)

Este grupo está composto polo persoal investigador, o persoal investigador en formación e o persoal técnico e de apoio á investigación, segundo a definición establecida na normativa de contratación de persoal investigador da Universidade de Vigo aprobada polo Consello de Goberno en xuño de 2022.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/535>

Persoal investigador (PI) segregado por categoría e sexo en cómputo de ETC ao longo do ano 2024:

ETC por tipo ao longo do ano	Categorías de contratación segundo as tarefas*	Homes	Mulleres	Total ETC
Persoal contratado con cargo a proxectos	Persoal investigador	119,62	94,64	214,26
	Persoal investigador en formación	22,69	29,62	52,31
	Persoal técnico de apoio á investigación	104,63	120,19	224,82
Persoal de programas de investigación	Persoal investigador	68,34	74,88	143,22
	Persoal investigador en formación	71,66	78,65	150,31
	Persoal técnico de apoio á investigación	5,93	5,10	11,03
Persoal técnico de programas	Persoal técnico de apoio á investigación	2,33	0,67	3,00
Programa Oportunus	Persoal investigador	1,00	2,00	3,00
TOTAL		396,2	405,74	801,95

*Normativa de contratación do persoal investigador da UVigo (consello de goberno de xuño de 2022, modificacións en xullo e en outubro de 2022)

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/39>

4.2.4 Beneficios sociais



A Universidade de Vigo, comprometida co seu persoal, mantén varios programas de beneficios sociais, co obxecto de contribuír ao benestar e á mellora da calidade de vida dos membros da comunidade universitaria.

Ademais dos pagamentos salariais, o persoal da nosa universidade conta con outros beneficios sociais de diferentes tipoloxías que no ano 2024 deu como resultado a seguinte distribución e importe:

Con cargo ao capítulo I		
Concepto	Persoas beneficiadas	Importe total
Acción social	Sen convocar	Sen convocar
Complemento por IT	433	471.675,27€
CPT	32	68.385,73 €
Gratificacións por xubilación anticipada	2	12.375,00 €
Gratificación por xubilación	12	224.030,57 €
Indemnización non exenta	173	273.349,34€
Prestación por accidentes	21	41.227,24€
Prestación por enfermidade: 60 %	277	53.529,54€
Prestación por enfermidade: 75 %	266	1.554.079,2€

Concepto VI	Persoas beneficiadas	Importe total
Complemento por IT	46	37.548,99 €
Indemnización non exenta	347	202.399,47 €
Prestación por accidentes	3	1.245,75 €
Prestación por enfermidade: 60 %	20	3.725,58 €
Prestación por enfermidade: 75 %	23	84.529,09 €

Exencións de matrícula na universidade do persoal propio e doutras universidades

2023/2024	UVigo	USC	UDC
Número de persoas	353	60	33
Importe total	170.642,58 €	44.056,52 €	23.467,70 €

Persoal da UVigo matriculado nas outras dúas universidades galegas

2023/2024	USC	UDC
Número de persoas	141	41
Importe total	90.979,52 €	24.963,08 €

Anticipos de salario en 2024

Número de anticipos concedidos	PDI	PAS	Persoal investigador
19	5	13	1

4.2.5. Formación do persoal



Formación do PDI

En canto á formación do PDI, realizouse en modalidade virtual e nos campus de Vigo e Ourense cun total de 57 actividades formativas e 770 persoas que as superaron. Entre as actividades con maior participación destacan: «Introdución ao uso da intelixencia artificial xenerativa na docencia e investigación universitaria» (82 persoas superaron o curso), « Actividades interactivas en Moodle empregando H5P» (66 participantes) e « Acreditacións: presentación de solicitudes no programa ACADEMIA» (con 25 participantes). En canto á segregación por sexo das persoas participantes, un 40,72 % son homes e un 59,28 % son mulleres.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

Formación do PTXAS

No ano 2024, a formación do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) dividiuse en formación interna e formación externa. En total, 183 persoas realizaron formación interna e 85 persoas realizaron formación externa. A formación interna adoita estar organizada pola propia universidade, mentres que a formación externa pode incluír cursos, talleres ou actividades ofrecidas por entidades externas ou colaboracións con outras institucións.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

4.2.6 Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde



En 2024, no marco do Programa de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde da Universidade de Vigo, rexistráronse un total de 22 accidentes de traballo, dos cales 6 cursaron con baixa médica e 16 sen baixa. Do total, 4 accidentes ocorreron in itinere (no traxecto ao traballo) e 18 no centro de traballo.

Por campus, o de Vigo foi o que tivo maior número de accidentes, con 14 casos, mentres que Pontevedra e Ourense rexistraron 4 accidentes cada un. En canto ao sexo das persoas afectadas, foron 15 mulleres e 7 homes. Por colectivo, o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) rexistrou 16 accidentes, mentres que o persoal docente e investigador (PDI) tivo 6 accidentes.

Segundo o tipo de risco, os máis frecuentes foron as caídas de persoas, tanto ao mesmo nivel coma a distinto nivel, con 5 casos en cada categoría; seguidas de atropelos ou golpes con vehículos, con 4 casos, e sobreesforzos, con 3 casos.

En canto aos recoñecementos médicos realizados tras as notificacións de novas incorporacións, realizáronse un total de 160 notificacións para recoñecemento (38 en Ourense, 107 en Vigo e 15 en Pontevedra), das cales se autorizaron 83 recoñecementos (22 en Ourense, 54 en Vigo e 7 en Pontevedra).

Ademais, recibíronse 7 notificacións de situación de embarazo.

En relación coas baixas superiores a 60 días, rexistráronse 80 notificacións, das cales 27 autorizaron recoñecemento, 47 non o autorizaron, 2 persoas non responderon e 4 corresponden a persoal que deixou a universidade por xubilación ou fin de contrato.

Finalmente, realizáronse un total de 1261 recoñecementos médicos: 235 en Ourense, 122 en Pontevedra e 904 en Vigo.

En cumprimento coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e en concreto do seu artigo 19 sobre formación de traballadores/as, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) levou a cabo os cursos detallados a continuación:

Cursos	Núm. de edicións	Horas	Asistentes
Cursos de riscos (a distancia)	4 permanentes	68	11
Primeiros auxilios	6	9	44
Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	7	9	46
Alarma e evacuación	3	3	50
Loita contraincendios	2	4	38
Xornada de coordinación de actividades empresariais (ISSGA)	1	2	18
TOTAL	23	95	207

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/prevencion-riscos-saude-laboral>

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo publica anualmente un informe detallado sobre as súas actividades de prevención. Este informe inclúe a avaliación de riscos, inspeccións, comprobacións e informes, investigación de accidentes e outras accións relacionadas coa prevención e a vixilancia da saúde do persoal. O informe está dispoñible na páxina web institucional da Universidade de Vigo, onde se poden consultar tamén as memorias de actividade dos últimos anos.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

4.3 Promovendo a igualdade de xénero e a integración



Avance nas políticas de integración social universitaria

Dentro dos elementos de responsabilidade social están os que favorecen a integración de todas as persoas pertencentes á comunidade universitaria.

Cara a materializar este compromiso coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a Universidade de Vigo conta coa Unidade de Igualdade, como instrumento de xestión política responsable da incorporación transversal do principio de igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos da comunidade universitaria.

Ademais, existe unha unidade que atende as persoas con necesidades específicas ou de apoio educativo, coordinada baixo a dirección da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

A Universidade de Vigo tamén se mostra sensible a outras diferenzas, tales como as relativas á condición sexual ou outras que, máis alá das de xénero, precisan dunha atención e dunha normalización que garantan un desenvolvemento saudable da vida universitaria e das persoas involucradas.

4.3.1 Igualdade de xénero

A igualdade constitúe un valor central na misión da Universidade de Vigo e debe funcionar como marco de referencia para orientar as aspiracións e os comportamentos da comunidade universitaria, trasladándose á praxe da vida universitaria. Neste contexto, a Universidade de Vigo creou a Unidade de Igualdade no ano 2006 por acordo do Consello de Goberno, como instrumento de xestión responsable para incorporar de maneira transversal o principio de igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos da institución.

A Unidade de Igualdade ten encomendada a tarefa de promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións á investigación e aos estudos universitarios, ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, así como realizar o seguimento do desenvolvemento e o cumprimento da lexislación e dos plans e medidas adoptados na materia.

No marco deste seguimento, as memorias e os informes da Universidade de Vigo inclúen datos desagregados sobre a presenza da muller na nosa institución:

<https://www.uvigo.gal/campus/igualdade/politicas-igualdade>

No consello de goberno do 20 de novembro de 2020 aprobouse o III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024, cunha vixencia temporal de catro anos. O plan caracterízase por estar adaptado á realidade, ser integrador, transversal, participativo e dinámico.

Máis información sobre as políticas de igualdade da nosa universidade na seguinte ligazón:

+información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-igualdade>

Máis información sobre as accións da Unidade de Igualdade na súa memoria anual na seguinte ligazón:

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

4.3.2 Conciliación da vida familiar e laboral

Situación administrativa por conciliación familiar durante o ano 2024


	PTXAS	PDI	PI	Total	% de mulleres
Excedencia para o coidado de familiares	1	0	0	0	100 %
Excedencia para o coidado de fillos/as	2	1	0	3	100 %
Excedencia voluntaria por agrupación familiar	0	1	0	1	100 %
Acumulación-permiso de lactación	4	25	8	37	86 %
Adaptación de xornada	28	0	0	28	61 %
Enfermidade infecto-contaxiosa de fillo/a menor 16 anos	5	0	0	5	100 %
Permiso de ausencia por lactación	0	0	1	1	100 %
Permiso por paternidade	2	14	16	32	6 %
Permiso paternidade-tempo parcial	0	0	2	2	0 %
Permiso por deberes de conciliación familiar	2	0	0	2	100 %
Permiso por enfermidade moi grave-xornada completa	3	3	0	6	83 %
Permiso por parto-tempo completo	1	35	24	30	100 %
Permiso por xestación	0	4	5	9	100 %
Redución da xornada de traballo por coidado de fillo/a menor afectado por cancro ou outra enfermidade grave	3	0	0	3	100 %
Redución da xornada por coidado de fillo/a e lactación	0	0	1	1	100 %

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/96>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/106>

A través do proxecto Campus Camp, a nosa institución facilítalle ao persoal o coidado dos seus fillos e fillas durante os períodos de vacacións escolares. Durante o ano 2024, un total de 188 nenos e nenas puideron gozar deste servizo, que se desenvolve nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.



+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/vantaxes/familia/campus-camp>

Ademais, a Universidade de Vigo pon á disposición do seu persoal traballador dúas escolas infantís, situadas nos campus de Pontevedra e Ourense, destinadas a nenos e nenas de 0 a 3 anos.

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/vantaxes/familia/escolas-infantis>

4.3.3 Medidas de apoio á inserción de persoas con necesidades específicas

A Universidade de Vigo, sensible á inserción e preocupada pola integración das persoas con necesidades específicas na nosa comunidade, promove varios programas que favorezan a súa plena integración tanto laboral coma académica.

Número de persoas pertencentes á comunidade universitaria con algún tipo de discapacidade. Ano 2024

	Grao	Mestrado	Doutoramento	PAS	PDI	PI
Total	15966	2153	1609	789	1571	836
Con diversidade funcional	163	40	21	46	30	6
Homes	94	11	10	20	17	3
Mulleres	69	29	11	26	13	3

A Universidade de Vigo, dentro do seu compromiso coas persoas da nosa comunidade universitaria que precisan de condicións especiais para desenvolver os seus estudos, a actividade laboral e a súa integración na vida universitaria, debe actuar de xeito proactivo para incluílas na nosa institución en igualdade de dereitos e de deberes.

Ademais, como institución pública ao servizo da súa contorna social, debe promover valores de convivencia e de axuste social, e debe favorecer o principio de igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal, desenvolvendo os dereitos das persoas con necesidades educativas especiais recollidos na normativa vixente.

Para que todo o estudantado poida desenvolver a súa vida universitaria de xeito pleno, a Universidade de Vigo pon en marcha unha serie de medidas a través da súa unidade de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (UNATEN) coas seguinte funcións:

- Asesorar e informar dos recursos que dispón a Universidade de Vigo en materia de atención á diversidade e da forma de acceder a estes.
- Elaborar e manter actualizado un censo de estudantes con necesidades educativas de apoio educativo.
- Informar e asesorar o profesorado e o persoal dos servizos implicados con este colectivo.
- Propoñer acordos de colaboración con outras institucións que faciliten o desenvolvemento de actuacións conxuntas de atencións a este colectivo.
- Sensibilizar a comunidade universitaria sobre a situación deste colectivo e garantir o seu acceso á información e á comunicación dentro da Universidade de Vigo.

O Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo ten como obxectivo regular as accións de atención académica ao estudantado con necesidades educativas especiais para fomentar a súa permanencia na Universidade de Vigo e garantir o apoio desta durante o período de estudos na nosa institución.

Ao abeiro da citada normativa, creouse a Comisión Técnica de Atención ao Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (Coaten), que ten como funcións primordiais, atender as demandas do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo; elaborar, co apoio de persoas expertas nas necesidades expresadas por cada persoa que solicite a citada atención, un programa persoal de atención; e trasladarlle os devanditos programas á Unaten para que artelle os mecanismos e os recursos necesarios para a súa execución e o seu seguimento.

A citada comisión técnica (Coaten) ten como obxecto atender de forma adecuada as solicitudes do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo de especial complexidade técnica ou doutra índole.

Entre os programas máis relevantes que se poidan xestionar destaca o Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE). Este programa ten como finalidade apoiar o estudantado con algún tipo de necesidade educativa específica ou trastorno de aprendizaxe legalmente recoñecido, implementando adaptacións baseadas en medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. As persoas beneficiarias poden recibir:

- Atención, acollida e asesoramento pola Unidade de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (Unaten).
- Soporte ao estudo, que inclúe adaptacións curriculares personalizadas, recursos técnicos de apoio, materiais accesibles e, se é necesario, intérpretes de lingua de signos ou apoio tecnolóxico.
- Acompañamento en actividades diversas por persoal voluntario da UVigo, facilitando a integración e a participación plena na vida universitaria.

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/atencion-diversidade/que-podemos-axudar>

As principais accións organizadas polo programa PIUNE durante o curso 2023/2024 foron as seguintes:

- Bolseiros/as de apoio: proporcionar bolseiros/as da UVigo para o acompañamento en actividades diversas ao estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo. No curso 2023/2024 adxudicáronse 9 bolsas de apoio a alumnado PIUNE: 6 bolsas no campus de Vigo, 2 no campus de Pontevedra e 1 no campus de Ourense.
- Soporte ao estudo (adaptacións e recursos técnicos). Ademais das adaptacións curriculares e das pautas establecidas pola COATEN, aplicadas coa colaboración dos titores/as PIUNE e dos responsables PIUNE dos centros, o Servizo de Xestión da Extensión Universitaria implementou as seguintes medidas:
 - Contratación de asistentes persoais para estudantes que o precisaron.
 - Contratación de intérpretes de lingua de signos para garantir a accesibilidade do alumnado con discapacidade auditiva.
 - Préstamo de material adaptado grazas ao convenio coa ONCE, facilitando recursos específicos para estudantes con discapacidade visual.

A atención, acollida e asesoramento ao alumnado realizouse a través da UNATEN, en coordinación co gabinete de atención psicopedagóxica da Universidade de Vigo. Durante o curso 2023/2024, 202 estudantes solicitaron apoio ao programa PIUNE, o que evidencia a relevancia e o alcance deste servizo na comunidade universitaria.

Táboa de estudiantado do programa PIUNE no curso 2023/2024:

Campus	Núm. de alumnado	Núm. de bolseiros/as colaboradores
Vigo	96	6
Ourense	58	1
Pontevedra	48	2
TOTAL	202	9

No curso 2023/2024, a Universidade de Vigo continuou coas iniciativas dirixidas a persoas con diversidade intelectual, destacando unha nova edición do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma, integrado nas actividades da Escola Aberta de Formación Permanente.

O obxectivo principal deste programa é dotar o estudiantado de competencias que melloren a súa autonomía persoal, formación académica e preparación laboral, favorecendo a súa participación activa como cidadáns/as. As actividades formativas desenvóléronse no campus de Vigo, en convivencia coa comunidade universitaria, co propósito de fomentar o enriquecemento mutuo que proporciona a

diversidade. O título impártese en colaboración coa Asociación Down Vigo e outras entidades especializadas na atención a persoas con síndrome de Down e diversidade intelectual, proporcionando unha resposta ás necesidades das familias e das propias persoas participantes.

Estes ensinos están financiados polo Programa Universidad curso 2023/2024: programas universitarios de formación para o emprego dirixidos a mozos e mozas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou do espectro autista, inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, promovido pola Fundación ONCE e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

4.4 Alumni



A comunidade alumni-UVigo é un servizo creado en febreiro de 2021 pola Universidade de Vigo co obxectivo de xerar un novo espazo de comunicación que permita non só manter activo o vínculo entre a institución e as persoas que nalgún momento mantiveron con ela unha relación académica ou contractual, senón tamén fortalecer a comunicación dentro do propio colectivo. Para acadar este obxectivo, facilítase a realización de colaboracións que atendan a intereses comúns, impulsando a presenza da comunidade alumni na universidade e fomentando o valor e o orgullo de pertenza. A xestión da comunidade alumni creouse durante o ano 2021 entre o Observatorio de Persoas Tituladas e a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria.

Co fin de fomentar a participación neste proxecto e para o desenvolvemento dos seus fins, alumni-UVigo convocou en xuño de 2024 a terceira edición dos Premios Alumni-UVigo. O obxecto destes premios é promover a excelencia e recoñecer o labor persoal e profesional das persoas usuarias da comunidade alumni-UVigo que destaquen por unha traxectoria que achegue valor e teña unha clara vontade de inducir cambios na sociedade. Igualmente, con estes premios preténdese incentivar a relación da Universidade de Vigo co seu antigo alumnado, e reforzar o sentimento de pertenza á institución, contribuíndo activamente ao desenvolvemento e á proxección social.

Establecéronse cinco categorías de premios: Investigación, Impacto social, Humanidades, Traxectoria profesional e Emprendemento.

Organízase a terceira edición do Encontro Anual Alumni-UVigo 2024.

A 31 de xullo de 2024, o número de persoas pertencentes á comunidade alumni é de 2320, e a 30 de decembro de 2024 ascende a 2560 persoas.

+ información

<https://alumni.webs.uvigo.es/>

4.4.1. Observatorio de Persoas Tituladas

O Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo foi creado por acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da UVigo o 3 de febreiro de 2016, e ratificado polo seu pleno o 29 de abril de 2016.

O Observatorio é un proxecto do Consello Social concibido co propósito de dotar a Universidade de Vigo dunha unidade responsable de desenvolver a estratexia de seguimento periódico da inserción laboral das persoas tituladas. Configúrase como un observatorio permanente que permite consolidar os vínculos co antigo estudantado a través do estudo das súas traxectorias e situación laboral. O obxectivo é dispor de información actualizada, fiable e útil para a toma de decisións no ámbito universitario.

En consonancia cos seus obxectivos e funcionalidades relacionadas co seguimento da inserción laboral do antigo alumnado, durante o ano 2024 o Observatorio de Persoas Tituladas, co apoio e colaboración do Consello Social da UVigo, desenvolveu as seguintes liñas de traballo:

1. Elaboración e difusión de estudos sobre a inserción laboral do alumnado titulado na UVigo.
 - Estudo de inserción laboral das persoas tituladas en estudos de grao no curso 2021/2022.
 - Estudo de inserción laboral das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2021/2022.
 - Estudo de inserción laboral e da satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento no curso 2021/2022.
2. Mantemento e actualización continua do Sistema de Xestión de Base de Datos de Persoas Tituladas.
 - Envío regular de información e novidades ao antigo alumnado a través de diferentes canles.
3. Difusión de contidos e participación activa en redes sociais e medios telemáticos.
 - Difusión telemática de contidos sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo.
 - Actualización continua e comunicación directa a través da web oficial do Observatorio.

As actividades do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo durante o ano 2024 concentráronse no seguimento da inserción laboral das persoas tituladas en estudos oficiais de primeiro, segundo e terceiro ciclo correspondentes ao curso 2021/2022.

Entre os obxectivos específicos dos estudos de inserción laboral realizados pola Universidade de Vigo destacan os seguintes:

- Establecer un perfil persoal e académico das persoas tituladas, analizando variables como sexo, idade, lugar de residencia, estudos realizados (grao, mestrado, doutoramento) e ramas de coñecemento.
- Coñecer, no caso dos estudos de mestrado e doutoramento, o perfil de ingreso, a experiencia laboral previa e a situación laboral no momento de iniciar os estudos na UVigo.
- Determinar as condicións laborais no emprego actual, atendendo a variables como lugar de traballo, modalidade e tipo de contrato, rama de actividade, sector económico, área funcional, categoría profesional, ingresos mensuais netos e tamaño da empresa ou entidade empregadora no momento de responder a enquisa.
- Avaliar a satisfacción global co emprego actual, valorando tanto a adecuación temática do posto aos estudos realizados na UVigo coma a relación entre as esixencias profesionais do posto e o nivel académico adquirido (adecuación das funcións ao traballo), co fin de identificar situacións de sobrecualificación e infracualificación.
- **Medir a satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais da UVigo**, tanto no relativo á traxectoria académica (satisfacción global, competencias adquiridas, recomendación dos estudos) coma á empregabilidade e inserción laboral (capacitación para a carreira profesional ou investigadora, contribución á inserción laboral e mellora do nivel socio-laboral).

Estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado universitario no curso 2021/2022

O estudo de inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado universitario no curso 2021/2022 foi avalado pola Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social o 25 de abril de 2024, por proposta da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade e da Unidade de Análises e Programas (UAP) da UVigo.

O estudo céntrase na poboación de persoas tituladas pola UVigo en grao e mestrado universitario no curso académico 2021/2022, independentemente do seu lugar de residencia ou traballo. A finalidade principal é avaliar a empregabilidade, a relación entre os estudos realizados e o emprego, e a satisfacción coa formación universitaria recibida, transcorridos aproximadamente 18-20 meses desde a obtención do título.

Obtivéronse 837 inquéritos válidos sobre un total de 3884 títulos emitidos no curso avaliado, o que representa un 21,55 % da poboación total. A marxe de erro máxima asociada á mostra foi de $\pm 3,788$ % para o grao e $\pm 4,890$ % para o mestrado, cun nivel de confianza do 95 %.

En xullo de 2024 foron entregados ao Consello Social os informes preliminares de resultados baixo o título Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado no curso 2021/2022. A elaboración dos informes finais de resultados tivo lugar entre finais de setembro e novembro de 2024, baixo os títulos Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao no curso 2021/2022 e Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2021/2022. Os informes de resultados previstos, xunto coa implantación dun sistema de visualización gráfica dos datos, foron completados ao longo do resto do ano 2024.

Estudo de inserción laboral e da satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021

O estudo de inserción laboral e satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021 foi promovido pola dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido) e a Área de Calidade, e aprobado pola Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social o 29 de xullo de 2024.

O obxectivo e o ámbito do estudo foi avaliar a empregabilidade e a situación profesional das persoas tituladas en doutoramento pola UVigo, así como a súa satisfacción cos estudos realizados, transcorridos aproximadamente 18-24 meses desde a obtención do título.

O universo obxecto de estudo comprende a totalidade das persoas tituladas nos 34 programas oficiais de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021, independentemente do lugar de residencia ou traballo.

Obtivéronse 87 informes válidos sobre un total de 155 títulos emitidos, o que representa un 56,13 % da poboación total. A marxe de erro máxima foi de $\pm 6,982$ %, cun nivel de confianza do 95 %.

Os informes de resultados, xunto cun sistema de visualización gráfica dos datos, foron entregados ao Consello Social en novembro de 2024. Os resultados serán publicados na web do Observatorio, na do Consello Social e no portal de transparencia da UVigo, garantindo o acceso público e a transparencia institucional.

Actualización da base de datos de persoas tituladas

Durante o ano 2024, a base de datos de persoas tituladas do Observatorio da UVigo experimentou un notable incremento grazas á colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade e co

Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao. Incorporáronse novos rexistros correspondentes a titulados/as de primeiro e segundo ciclo do curso 2022/2023 e de terceiro ciclo do curso 2021/2022, sempre contando co consentimento explícito das persoas para formar parte da base de datos, que alcanzou os 24 930 rexistros.

A actualización periódica desta base de datos permitiulle ao Observatorio levar a cabo as seguintes accións durante 2024:

- Envío de comunicacións periódicas (correos electrónicos masivos) ao antigo alumnado, facilitando a transmisión de información relevante procedente doutras unidades da Universidade de Vigo.
- Monitorización permanente da inserción laboral das persoas tituladas rexistradas, a través de enquisas e seguimento sistemático das súas traxectorias profesionais.

Difusión telemática de contidos sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo

Esta actividade consiste na creación e na publicación sistemática e periódica de información relevante sobre empregabilidade, situación profesional e satisfacción co itinerario académico do antigo estudiantado da universidade. Esta actividade desenvólvese a través das seguintes plataformas: páxina web e perfil de LinkedIn do Observatorio e canle de Youtube.

+ información

<https://observatorio.uvigo.gal/es/>

<https://observatorio.uvigo.gal/es/insercion-laboral/informes/>

4.5 Internacionalización e mobilidade



A mobilidade estudantil é unha característica central da formación universitaria actual e un eixe estratéxico para a Universidade de Vigo. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral do alumnado, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais, e está recollido tanto na Estratexia de Internacionalización (2014) coma no Regulamento de mobilidade internacional e no Plan de internacionalización lingüística da UVigo.

4.5.1 Datos de mobilidade nacional e internacional

Durante o curso 2023/2024, a Universidade de Vigo consolidou a súa aposta pola mobilidade nacional e internacional do estudiantado a través da xestión da Oficina de Relacións Internacionais (ORI).


Mobilidade de estudantes estranxeiros (*incoming*)

- A ORI xestionou a mobilidade de 496 estudantes estranxeiros (304 mulleres e 192 homes).
- A maioría destes estudantes participaron nos programas Erasmus+ KA103 (213 estudantes) e Erasmus+ KA131 SMP (109 estudantes).
- Os principais países de procedencia foron:
 - Italia: 106 estudantes
 - Francia: 68 estudantes
 - Alemaña: 62 estudantes

- Polonia: 37 estudantes


Mobilidade de estudantes UVigo ao estranxeiro (*outgoing*):

- Participaron en programas de mobilidade internacional un total de **474 estudantes** da Universidade de Vigo (280 mulleres e 194 homes).
- Os grupos máis numerosos foron:
 - Erasmus+ Estudos: 406 estudantes
 - Erasmus+ Doutoramento: 27 estudantes
 - Bolsas propias UVigo: 22 estudantes
- Os destinos preferentes foron:
 - Italia: 121 estudantes
 - Portugal: 73 estudantes
 - Polonia: 48 estudantes



En relación coa mobilidade nacional do estudiantado, un total de 56 estudantes proceden doutras universidades españolas, dos cales 40 son mulleres e 16 homes. As universidades que achegan maior número de estudantes son as universidades de Granada, Sevilla e Cádiz, con 9, 8 e 5 estudantes, respectivamente.

Por outra banda, un total de 148 estudantes da Universidade de Vigo realizaron mobilidade a outras universidades españolas, dos cales 98 son mulleres e 50 homes. As universidades que recibiron maior número de estudantes da UVigo foron as universidades de Málaga, Granada e Madrid, con 20, 15 e 10 estudantes, respectivamente.



+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/4/19>

Mobilidade do PDI

Durante o ano 2024, realizáronse 129 estadías no estranxeiro reguladas por programas de mobilidade do PDI, das cales 70 son mulleres e 59 son homes.

No curso 2023/2024, a través dos programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI), rexistráronse 49 persoas pertencentes ao PDI entrante. O país de procedencia máis numeroso foi Portugal, con 9 persoas. Os centros de recepción máis destacados foron a Facultade de Filoloxía e Tradución, con 5 persoas, e a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, con 3 persoas.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/4/82>

Mobilidade do PTXAS

O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo que desexe ampliar a súa formación no estranxeiro pode facelo a través da mobilidade do PTXAS, que permite realizar estadías en institucións de ensino superior no marco do programa Erasmus-STT. Esta iniciativa busca fomentar a formación continua do persoal e impulsar a internacionalización da institución.

Durante o curso 2023/2024, un total de 10 membros do PTXAS realizaron estadías de mobilidade, dos cales 6 foron mulleres e 4 homes. En canto ao PTXAS entrante, rexistráronse 17 persoas, entre as que destacan 15 mulleres e 2 homes procedentes de diversas nacionalidades.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/4/81>

4.5.2 Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo

Unha das principais apostas do Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo é a promoción do plurilingüismo na institución, entendendo este obxectivo como clave para avanzar cara a unha universidade máis internacional e conectada co contexto europeo e global. O plan busca promover a competencia en linguas estranxeiras entre toda a comunidade universitaria –estudiantado, persoal docente e investigador, e persoal de administración e servizos–, entendendo que esta competencia é fundamental para:

- Mellorar a visibilidade e a proxección internacional da universidade.
- Facilitar a mobilidade do alumnado e do persoal, tanto dentro coma fóra de Europa.
- Impulsar a cooperación con institucións de educación superior doutros países.
- Captar alumnado internacional e animar o propio estudiantado a participar en programas de intercambio.

Para acadar este obxectivo creouse a Comisión de Internacionalización Lingüística como instrumento de participación e debate, encargada de promover a implantación das distintas iniciativas recollidas no plan e de establecer os obxectivos da institución en materia de internacionalización lingüística.

O Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo actúa como ente instrumental fundamental para dinamizar este proceso, facilitando o acceso á aprendizaxe de linguas estranxeiras e organizando actividades formativas para toda a comunidade universitaria.

Para lograr incrementos significativos nas cifras de mobilidade, resulta imprescindible que a comunidade universitaria acade un nivel de competencia lingüística axeitado noutras linguas diferentes do galego e do castelán, especialmente en inglés, lingua prioritaria na oferta académica internacional e nos programas de mobilidade.

Ademais, o actual marco de desenvolvemento do espazo europeo de educación superior (EEES) esixe a aplicación de políticas activas para mellorar as competencias lingüísticas do estudiantado, ofrecendo ao mesmo tempo unha oportunidade única: no novo sistema de aprendizaxe, os períodos de estudos en institucións estranxeiras son cada vez máis valorados, tanto no ámbito académico coma profesional.

Centro de Linguas (CDL)

O **Centro de Linguas (CDL) da Fundación Universidade de Vigo** naceu en 2004 para dar resposta ás necesidades lingüísticas da comunidade universitaria, aínda que tamén está aberto á participación de persoas externas á universidade. A súa actividade abrangue os tres campus da UVigo e diferentes centros asociados, contando cun equipo docente con titulación universitaria e formación especializada no ensino de idiomas.

Os cursos do CDL adáptanse ás directrices do Consello Europeo en materia de niveis de lingua e procedementos de avaliación, seguindo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). Isto garante que os certificados de acreditación de nivel emitidos polo centro teñan recoñecemento internacional. Ademais, o CDL é un centro acreditador oficial de CertAcles, centro examinador de DELE (Instituto Cervantes) e TOEFL, e preparador de exames de Cambridge English.

Materias impartidas en inglés

No marco da internacionalización, a Universidade de Vigo incrementa cada curso o número de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais para favorecer a capacitación lingüística do alumnado e a súa proxección internacional.

TOEFL (Test of English as a Foreign Language)

En relación co TOEFL (Test of English as a Foreign Language), a UVigo está acreditada polo ETS como centro examinador oficial. O TOEFL mide a capacidade de persoas non nativas para usar e comprender inglés no ámbito académico, ao ser un requisito para a admisión en moitas universidades internacionais e recoñecido por máis de 5000 institucións en 90 países. No ano 2024, realizáronse catro convocatorias do exame TOEFL na UVigo, nas que participaron 35 persoas.

Matrícula do CDL en cursos de idiomas

En 2024, a matrícula no Centro de Linguas (CDL) da Universidade de Vigo distribuíuse entre 175 persoas inscritas en cursos de inglés, 457 en cursos de español para estranxeiros, 52 en cursos de preparación do DELE A2 e 207 en cursos específicos da UVigo.

Acreditacións

Realizáronse exames de acreditación **CertAcles** para os niveis B1, B2 e C1 de inglés, nos que participaron 239 persoas.

O Centro de Linguas é tamén un centro examinador do **DELE** (Diploma de español como lingua estranxeira), avalado polo Instituto Cervantes, con 4 convocatorias e un total de 138 exames realizados.

Os cursos do CDL son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS pola Universidade de Vigo, sempre que se trate de idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos de libre elección ou ECTS da Universidade de Vigo, cando se cursen idiomas que non formen parte do plan de estudos do/a estudante.

HELA (Higher Education Lecturing Accreditation) e cursos para a docencia en inglés

No marco do Plan de internacionalización lingüística, o CDL deseñou o exame HELA, que establece os criterios e os procedementos para acreditar a docencia en inglés.

En 2024, realizáronse dúas convocatorias do exame HELA, con 37 exames realizados.

O CDL tamén organiza cursos específicos para o profesorado da UVigo, centrados nas competencias necesarias para impartir docencia en lingua inglesa.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/programa-internacionalizacion-linguistica>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/55/18>

4.6 Reforzando os dereitos dos membros da comunidade universitaria



A Universidade de Vigo conta con diversas canles para que a cidadanía e os membros da comunidade universitaria participen nas decisións da institución e na mellora dos servizos prestados.

4.6.1. Representación na xestión ordinaria da universidade nos seus órganos de goberno

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), regula o sistema universitario español e establece os mecanismos de coordinación, cooperación e colaboración entre as administracións públicas con competencias nesta materia. No seu título IX trata o réxime específico das universidades públicas, e no capítulo II recolle as normas xerais de gobernanza, representación e participación nestas institucións.

Os artigos 45 ao 52 da LOSU determinan cales son os órganos colexiados e unipersoais das universidades, as súas funcións e os procedementos para a súa elección. Unha das novidades máis relevantes é que o mandato dos/as titulares dos órganos unipersoais electos pasa a ser de seis anos, improrrogables e non renovables, e a dedicación a tempo completo do profesorado será requisito necesario para desempeñar estes cargos.

A disposición transitoria primeira da lei establece que as universidades públicas teñen un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da norma para aprobar os novos estatutos e constituír o novo Claustro e Consello de Goberno, de acordo cos preceptos da LOSU. Mentres tanto, os cargos unipersoais electos que, á entrada en vigor da lei, estean no seu primeiro mandato de catro anos, poderán finalizalo e optar a unha nova reelección por un período de seis anos improrrogable e non renovable. No caso de estar no seu segundo mandato de catro anos, poderán finalizalo pero non optar a unha nova reelección, conforme a limitación de mandatos que xa lles é de aplicación.

A Universidade de Vigo aínda non realizou a adaptación dos seus estatutos á nova lei orgánica do sistema universitario, polo que a participación e a representación dos colectivos con vinculación á universidade (persoal docente e investigador, persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, e alumnado) está prevista no marco normativo básico que regula a institución e que establece os mecanismos de participación electoral, como electores e elixibles, para elixir membros dos órganos de goberno e comisións. Constitúe esta a forma principal de participación, xa que a través dos órganos e das comisións os/as representantes do estudantado e do persoal participan nas decisións relacionadas co funcionamento ordinario da universidade.

No seo dos centros da Universidade de Vigo, o estudantado pode crear delegacións de alumnado, das que forman parte, polo menos, os/as representantes do estudantado do centro nos órganos de goberno da universidade.

A continuación indícanse os órganos colexiados de participación e a súa regulación:

Claustro

O Claustro Universitario é o máximo órgano de representación e de control da comunidade universitaria. A súa regulación atópase no artigo número 45 da LOSU.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/claustru>

Consello Social

O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na Universidade de Vigo e debe exercer como elemento de relación entre a sociedade e a universidade. A súa regulación atópase no artigo 47 da LOSU.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/consello-social>

Consello de Goberno

É o máximo órgano de goberno da universidade. A súa regulación atópase recollida no artigo 46 da LOSU.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-goberno>

Consello de Campus

É o órgano colexiado de coordinación e representación do campus. Na Universidade de Vigo existen dous consellos de campus, en Pontevedra e en Ourense, e poden consultarse nas seguintes ligazóns:

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-pontevedra>

<https://www.uvigo.gal/universidade/goberno-uvigo/organos-colexiados/consello-campus-ourense>

Xuntas de centro

Son o órgano colexiado de representación e de decisión de cada centro. Están compostas por:

- O decano/a ou o director/a, que a preside.
- Todo o PDI-A.
- Unha representación do PDI-B.
- Unha representación do alumnado.

O conxunto dos membros natos e electos deberá respectar de forma aproximada as seguintes porcentaxes de repartición: 51 % o PDI-A, 29 % o estudantado, 10 % o PTXAS e 10 % o PDI-B.

Xuntas de titulación

Son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar as propostas de memorias para as titulacións de grao e as súas modificacións. A súa composición é análoga en proporción ás xuntas de centro.

Consello de Departamento

É o órgano colexiado de representación e decisión dos departamentos. Na súa composición respectarase de forma aproximada as seguintes porcentaxes:

- Un 75 % de membros natos, que son o PDI con título de doutoramento e o PDI con vinculación permanente á universidade.
- Un 10 % de representantes do PDI-B que non sexan membros natos.
- Un 10 % de representantes do estudiantado.
- Un 5 % de representantes do PTXAS.

Os membros electos renovaranse cada dous anos. Pódense consultar os departamentos da UVigo na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/departamentos>

Comisión de calidade do centro

É o órgano de planificación e seguimento do sistema de garantía interno de calidade do centro. O número de membros establécese no manual de calidade do centro.

O Ceuvi

O Consello de Estudiantes da Universidade de Vigo (Ceuvi) é unha organización de carácter assembleario integramente formada por estudantes. A súa composición e funcións está regulada no artigo 69 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

A súa principal función é coordinar e organizar a representación do estudiantado nos órganos de goberno da universidade para garantir unha maior presenza e capacidade de influencia na toma de decisións. Esta participación realízase mediante a presenza dos seus membros en distintas comisións universitarias, no Claustro e no Consello de Goberno, órganos nos que se deciden aspectos que van desde a asignación de bolsas ata a definición dos plans estratéxicos da institución.

O Ceuvi actúa como portavoz da vontade do estudiantado perante a Reitoría, propoñendo cambios normativos, expondo as problemáticas que lle afectan á comunidade estudiantil e defendendo os seus dereitos ante posibles abusos ou incumprimentos da normativa. Ademais, o Consello de Estudiantes ten representación en organismos estatais como a Coordinadora de Representantes de Estudiantes de Universidades Públicas (CREUP) e o Consello de Estudiantes Universitario do Estado (Ceune), o que lle permite trasladar directamente ao Ministerio de Educación as cuestións e demandas do estudiantado da Universidade de Vigo.

+ información

<https://ceuvi.uvigo.gal/oceuvi/>

4.6.2 Valedoría Universitaria

A **Valedoría Universitaria** da Universidade de Vigo é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria fronte ás actuacións dos diferentes órganos e servizos da institución. O valedor ou valedora pode actuar tanto de oficio coma a instancia da parte, atendendo solicitudes, queixas, suxestións e observacións presentadas por calquera membro da comunidade universitaria. Ademais, pode desempeñar un papel mediador para solucionar conflitos que lles afecten a membros da universidade.

No exercicio das súas funcións, a valedora ou valedor actúa formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables dos servizos universitarios, aos órganos de goberno e ás persoas implicadas, co obxectivo de eliminar deficiencias ou resolver problemas detectados. Así mesmo, pode achegar posicións das partes en conflito para facilitar a súa resolución.

Durante o ano 2024, a Valedoría Universitaria recibiu reclamacións e consultas de membros de todos os sectores da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PTXAS) dos tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra). Tamén se realizaron mediacións derivadas de expedientes tramitados e emitíronse recomendacións para mellorar o funcionamento da institución.

Expedientes tramitados			51
Por sector	Estudantado	PDI	PTXAS
	30	11	10
Por campus	Vigo	Pontevedra	Ourense
	38	6	7
Consultas recibidas			99
Por sector	Estudantado	PDI	PTXAS
	57	34	8
Por campus	Vigo	Pontevedra	Ourense
	74	13	12

Recomendacións emitidas		29		
Atendidas		13		
Non atendidas		7		
En proceso de estudo		5		
Non precisa de resposta específica		4		
Atendida parcialmente		1		
En proceso de estudo		1		


+ información


<https://www.uvigo.gal/es/universidad/gobierno-uvigo/defensoria-universitaria>

4.6.3 Xestión de conflitos

A **Unidade de Convivencia e Resolución Positiva de Conflitos** da Universidade de Vigo foi creada en novembro de 2019 como un servizo independente da inspección e da Valedoría Universitaria, co obxectivo de fomentar a convivencia e xestionar de maneira positiva os conflitos que poidan xurdir na comunidade universitaria:

- Levar a cabo campañas de difusión sobre a Unidade de Convivencia e Xestión Positiva de Conflitos da UVigo, tanto dentro coma fóra da institución.
- Diseñar e aplicar campañas de sensibilización e difusión sobre os beneficios da convivencia positiva para as persoas, os grupos e as organizacións dentro da UVigo.
- Realizar campañas de difusión sobre os beneficios dos métodos alternos de resolución de conflitos, en especial da mediación, dentro e fóra da institución.
- Formar cargos académicos e xestores en xestión e resolución de conflitos, habilidades de comunicación e técnicas de mediación.
- Realizar tarefas de mediación cando sexa requirido directamente polos membros da comunidade universitaria ou por derivación das vicerreitorías, centros, departamentos e dos distintos servizos da universidade.
- Impulsar redes de colaboración con outras entidades, dentro e fóra da institución, para optimizar os recursos.
- Atender calquera outro encargo relacionado coa xestión positiva de conflitos que lle sexa solicitado dentro do seu ámbito de actuación.





4.6.4 Caixa de queixas, suxestións e parabéns

A **caixa de queixas, suxestións e parabéns** da Universidade de Vigo constitúe un mecanismo activo de participación cidadá que lles permite á comunidade universitaria e á cidadanía en xeral trasladar de maneira áxil e sinxela as súas insatisfaccións, propostas de mellora ou parabéns á institución. Este procedemento contribúe de forma significativa á mellora continua da calidade dos servizos públicos prestados pola universidade.

A comezos de 2015, os centros da Universidade de Vigo aprobaron un novo procedemento para a xestión de queixas, suxestións e parabéns, integrado no sistema de garantía interna de calidade dos centros e axustado ao procedemento de xestión vixente. En marzo do mesmo ano púxose en funcionamento o sistema, que foi incorporando progresivamente todos os centros e servizos da universidade. En 2019, o Consello de Goberno aprobou definitivamente o Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns (na sesión do 29/04/2019), co obxectivo de establecer unha normativa común que garanta un tratamento homoxéneo destas comunicacións, a utilización dun procedemento único e a súa difusión, facilitándolles ás persoas usuarias información clara sobre onde e como presentar as súas achegas, así como sobre o trámite e os prazos de resposta.

No ano 2024, a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns, recibíronse un total de 539 comunicacións. Delas, 418 clasificáronse como queixa, suxestión ou parabéns, mentres que as 121 restantes foron consideradas «non clasificables», aínda que tamén foron tramitadas e respondidas, pero non se consideran QSP en sentido estrito.

En canto á tipoloxía das persoas usuarias, a maior parte das QSP proceden de estudantes de grao ou de primeiro e segundo ciclo, que representan o 38,37 % do total. Se se analiza a porcentaxe de QSP por colectivo, obsérvase que o 53,96 % corresponde ao estudantado, seguido do persoal docente e investigador (PDI), cun 23,26 % do total.

Tipo de usuario/a	QSP
Estudante de grao ou de 1.º e 2.º ciclo	160
Estudante de mestrado	37
Estudante de doutoramento	17
Estudante doutros estudos propios da Universidade de Vigo	11
Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS)	44
Persoal docente e investigador (PDI)	97
Outro tipo de usuario/a interno	16
Outro tipo de usuario/a externo	35
Empresa	1
Total	418

Clasificación interna	QSP
Queixa	316
Suxestión	50
Parabéns	52
Non clasificable	121
Total	539

No seguinte enlace pode atoparse máis información ao respecto na memoria de QSP.

+información

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/sistema-qsp>

4.6.5 Canles de comunicación coa sociedade

A comunicación representa un elemento clave para establecer vínculos sólidos e espazos de colaboración entre a Universidade de Vigo e os seus membros, así como para mellorar a percepción da institución na sociedade. Para darlles resposta aos retos derivados das novas tecnoloxías, dos cambios nos modelos de relación social e da aparición de novos soportes comunicativos, a Universidade de Vigo dotouse en 2021 dun plan de comunicación que serve como folla de ruta para organizar as accións e os retos comunicativos da institución.

Este plan é fundamental para xestionar a comunicación interna e externa, xa que define as mensaxes que a universidade quere transmitir, os públicos destinatarios e os medios para facelo. Ademais, recolle os obxectivos de comunicación, as accións previstas para acadalos, unha proposta de temporalización e os mecanismos de avaliación, sempre en consonancia coa estratexia e os proxectos institucionais.

O Plan de comunicación busca homoxeneizar a comunicación institucional, recollendo todas as canles, ferramentas e protocolos existentes e identificando as que é preciso desenvolver. Deste modo, axuda os diferentes subemisores a cumprir os seus obxectivos específicos e permite canalizar todas as comunicacións baixo un mesmo paraugas, para que sexan recoñecidas pola comunidade universitaria e pola sociedade como mensaxes da Universidade de Vigo.

O **Manual de identidade corporativa** é unha ferramenta fundamental para garantir a coherencia e a unidade na comunicación institucional da Universidade de Vigo. Este documento permite que todos os públicos –internos e externos– poidan identificar de maneira clara e inequívoca as comunicacións realizadas pola universidade.

Creado no ano 2008, o manual establece as liñas visuais que definen a imaxe da Universidade de Vigo. Recolle normas e recomendacións sobre o uso dos elementos gráficos institucionais, como o logotipo, a

tipografía, as cores corporativas e outros recursos visuais. O seu obxectivo principal é dotar de coherencia toda a comunicación da institución, facilitando ao mesmo tempo o traballo das persoas encargadas de crear materiais gráficos e documentos oficiais.

A través deste manual, a Universidade de Vigo busca:

- Unificar a súa imaxe institucional en todos os soportes e canles de comunicación.
- Facilitar a identificación visual da universidade por parte de calquera persoa ou entidade.
- Proporcionar recursos gráficos e pautas claras para o deseño de documentos e materiais, tanto internos coma externos.
- Reforzar a excelencia e a profesionalidade na proxección da súa imaxe pública.

A **Área de Imaxe** da Universidade de Vigo xoga un papel clave neste proceso, ofrecéndolle asesoramento á comunidade universitaria sobre o uso correcto dos símbolos gráficos institucionais. O seu labor contribúe a reforzar e aclarar a comunicación interna, así como a proxectar unha imaxe exterior coherente, sólida e de calidade.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/identidade-corporativa>

O **portal web da Universidade de Vigo** ofrece acceso a toda a información institucional e aos diversos servizos universitarios, co obxectivo de facilitarles aos distintos públicos o acceso organizado á información que buscan. Desde este portal pódese acceder ás páxinas web dos diferentes emisores da institución, que en gran parte forman un conxunto coherente cun estilo e unha estrutura común. Ademais, o portal institucional dá acceso ás ferramentas dixitais de comunicación, como o diario dixital, a axenda institucional, as redes sociais e a secretaría virtual, entre outras. A coordinación e a edición dos contidos do portal correspóndelle á Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais para garantir unha comunicación institucional coherente e actualizada.

+ información

<https://www.uvigo.gal/>

O **Diario dixital da Universidade de Vigo (Duvi)** constitúe o principal medio de comunicación directa tanto cos membros da comunidade universitaria coma co público xeral. A información publicada no Duvi está clasificada por campus e organizada en diferentes ámbitos e seccións, o que permite configurar as páxinas do portal para mostrar de maneira automatizada as noticias relacionadas e facilita que os distintos centros localicen facilmente as novas do seu interese.

O Duvi serve como base informativa da Universidade de Vigo, facendo chegar os seus contidos aos diferentes públicos a través do portal web institucional, do envío aos medios de comunicación, das subscricións RSS e das redes sociais. A súa función principal é informar sobre toda a actualidade da institución para contribuír á transparencia e á proxección pública da universidade, ademais de converterse nunha fonte de información primaria accesible para todos os grupos de interese, incluídos medios locais, autonómicos e nacionais.

O **Gabinete de Prensa** é o responsable da cobertura informativa das actividades académicas, institucionais, científicas e culturais dos tres campus, publicando estas informacións no Duvi e trasladándoas diariamente aos medios de comunicación. Ademais, realiza un seguimento das noticias publicadas sobre a universidade nos principais xornais impresos e dixitais, elaborando un dossier de prensa diario ao que pode acceder calquera persoa usuaria interesada.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi>

+ información

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/quiosco>

Na axenda da Universidade de Vigo recóllense as actividades organizadas pola comunidade universitaria, facilitando a súa difusión e acceso á información relevante para todos os públicos interesados. O **Gabinete de Prensa** é o encargado de xerar os contidos desta ferramenta a partir da información proporcionada polos membros da comunidade universitaria.

Os eventos incluídos na axenda están organizados por campus, por ámbito e por tipo de evento, e cada entrada recolle datos como a data, a hora, o lugar de realización, os públicos aos que vai dirixido, a entidade organizadora, os requisitos de entrada e a modalidade do evento. Ademais, a axenda permite importar os eventos á axenda electrónica persoal para facilitar a planificación individual.

A comunidade universitaria pode propoñer actividades para seren incluídas na axenda, o que contribúe a unha programación dinámica e participativa.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/axenda>

As **redes sociais** constitúen unha ferramenta fundamental para establecer relacións cos diferentes públicos da Universidade de Vigo e para difundir as mensaxes dos axentes universitarios. A súa xestión está a cargo da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, que coordina a presenza institucional nestes medios e garante a coherencia da comunicación.

A Universidade de Vigo conta con perfís corporativos nas seguintes plataformas sociais: **Facebook, X (antigo Twitter), Instagram, LinkedIn, Youtube, TikTok, Bluesky e Whatsapp**. Ademais, a institución dispón dun **mapa de redes sociais** que serve como ferramenta aberta e dinámica dentro da súa estratexia comunicativa, que lle permite dar voz á comunidade universitaria e facilita a interacción directa e bidireccional cos públicos interesados.

A contorna das redes sociais ofrece un espazo de colaboración e participación de gran valor, xa que lle permite á universidade achegarse á sociedade, responder a demandas informativas en tempo real e reforzar a súa imaxe pública. Para garantir a coherencia da presenza institucional nestas plataformas e facilitar o traballo das persoas responsables da creación de contidos, a Universidade de Vigo recomenda seguir a **Guía de publicación nas RRSS**, que define as liñas de comunicación institucional neste ámbito.

Complementando a estratexia dixital, a **UVigoTV**, a televisión por internet da universidade, rexistra e transmite en directo congresos, conferencias, clases, defensas de teses e eventos culturais ou deportivos. Conta con equipos móbiles e aulas equipadas para o rexistro audiovisual automatizado, así como cun estudo propio para a produción de contidos educativos, o que reforza o alcance e a visibilidade das actividades universitarias en todos os ámbitos.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/uvigo-tv>

O **portal de avisos** da Universidade de Vigo é unha aplicación web que lle permite á comunidade universitaria compartir información institucional de maneira eficiente. A través deste sistema, pódense publicar avisos ou notificacións nun único procedemento, facendo que estes sexan visibles tanto na web institucional coma na aplicación móbil da Universidade de Vigo, e tamén se poden enviar ás listaxes de correo nas que os membros da comunidade estean subscritos. A publicación de avisos neste portal está

restrinxida ao persoal universitario que teña acceso á plataforma de envío, garantindo así o control e a oficialidade da información difundida.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/avisos/aviso/>

A **secretaría virtual** da Universidade de Vigo pon á disposición do estudantado, do persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos unha ampla variedade de servizos dixitais, co obxectivo de facilitar e simplificar a realización de trámites administrativos segundo o perfil de cada persoa usuaria. Cada membro da comunidade universitaria conta cun acceso personalizado á súa propia secretaría na rede. O estudantado pode consultar o seu expediente académico, modificar datos persoais, realizar a matrícula a partir do segundo curso, solicitar bolsas, consultar notas e recibir notificacións oficiais. O PDI pode consultar listaxes de estudantes, cualificar actas, xestionar contratos de intercambio, acceder á súa nómina e xestionar obrigas docentes. O persoal de administración e servizos pode consultar a súa nómina e acceder a aplicacións útiles para o traballo e o teletraballo, entre outras funcionalidades.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/>

A aplicación móbil da Universidade de Vigo é a ferramenta oficial da institución, froito dun proxecto colaborativo entre CRUE, Santander Universidades e Universia España. Está dirixida a todos os membros da comunidade universitaria –estudantes, persoal docente e investigador (PDI) e persoal técnico de xestión, de administración e servizos (PTXAS)– e ofrece acceso a toda a información pública da universidade, como a oferta académica, a localización dos centros, as novas, as redes sociais e os eventos.

Un dos seus elementos máis destacados é a integración da **tarxeta universitaria intelixente (TUI)**, que serve como acreditación oficial para os membros da comunidade universitaria e permite acceder a múltiples servizos, entre eles utilidades informáticas, préstamo de libros nas bibliotecas, acceso a instalacións de uso restrinxido, moedeiro electrónico e sinatura electrónica, entre outros.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/15>

Ademais dos medios informativos diarios, a Universidade de Vigo publica mensualmente varios boletíns especializados. Entre eles destaca o boletín dixital de novas relacionadas coa responsabilidade social, que informa a comunidade universitaria sobre actividades de acción solidaria, voluntariado e cooperación no marco da Axenda 2030, así como sobre iniciativas impulsadas por outras entidades sociais e ONGD do contorno. Tamén se publica o boletín informativo da Unidade de Igualdade, que recolle recursos, actividades e novidades en materia de igualdade de xénero e diversidade.

- Boletín dixital de novas relacionadas coa responsabilidade social:

<https://www.uvigo.gal/universidade/conecenos/responsabilidade-social-axenda-2030/boletins-recursos>

- Boletín informativo da Unidade de Igualdade:

<https://www.uvigo.gal/campus/igualdade/boletin-recursos>

4.7. Persoal traballador non empregado



Neste apartado detállase o número total de persoal traballador que non é empregado e cuxo traballo é controlado pola Universidade de Vigo.

Obxecto do contrato	Núm. de traballadores/as externos
Cafetaría-comedor de Ciencias Experimentais	5
Cafetaría-comedor de Ciencias Sociais	6
Cafetaría da biblioteca central de Ourense	2
Cafetaría-comedor de Ciencias Xurídicas	3
Cafetaría-comedor do edificio Politécnico	5
Cafetaría-comedor en centros do ámbito tecnolóxico	13
Cafetaría-comedor de Económicas e Filoloxía e Tradución	6
Cafetaría-comedor do edificio Xurídico-Empresarial de Ourense	3
Unidade Técnica	9
Escola infantil da UVigo no campus de Ourense	4
Cafetaría de Forestais	2
Limpeza do edificio Campus Auga	5
Limpeza do novo CACTI, Cinbio e animalario	9
Mantemento de zonas verdes e axardinadas	8
Servizo de limpeza do campus de Ourense (norte)	14
Servizo de limpeza do campus de Ourense (sur)	18
Servizo de limpeza do campus de Pontevedra	27
Servizo de limpeza do campus de Vigo (Torrecedeira)	12
Servizo de limpeza do ámbito tecnolóxico	23
Servizo de limpeza do ámbito científico	12
Servizo de limpeza do ámbito xurídico-social	23
Servizo de limpeza de Servizos Xerais	25
Servizo de prevención alleo para desenvolver as especialidades de hixiene industrial e medicina do traballo (vixilancia e saúde), así como apoio ás restantes áreas preventivas esixidas pola lexislación vixente	7
Servizo <i>fitness</i> . Ourense	6
Servizo <i>fitness</i> . Pontevedra	2

Obxecto do contrato	Núm. de traballadores/as externos
Servizo <i>fitness</i> . Vigo	3
Servizo de limpeza do edificio Redeiras (O Berbés)	1
Servizo de vixilancia	21
Servizo de modelos en vivo	4
Estudantes externos en prácticas na UVigo	21
TOTAL	299

+ información

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/contratar-colaborar-universidad/contratar>



Capítulo 5. Transparencia e sustentabilidade na xestión económica



Neste capítulo, a Universidade de Vigo informa as partes interesadas sobre o seu desempeño económico, o grao de cumprimento do orzamento e os resultados económicos anuais. Para garantir a transparencia, a institución elabora cada ano a **conta anual**, que inclúe:

- Balance de situación
- Conta do resultado económico patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de liquidación do orzamento
- Memoria descriptiva

Estes documentos conteñen e amplían moita da información exposta neste apartado e poden consultarse na seguinte ligazón:

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/orzamentos>

A Universidade de Vigo aposta decididamente polo principio de transparencia na xestión, entendéndoo como unha conduta fundamental para garantir un comportamento legal, ético e socialmente responsable. Neste sentido, a universidade non só publica a súa conta anual con detalle, senón que tamén somete estes documentos a unha auditoría externa realizada por unha auditora inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

5.1. Xestión orzamentaria e situación económico-patrimonial da Universidade de Vigo

O orzamento da Universidade de Vigo recolle as obrigas máximas que pode recoñecer a institución e os dereitos que prevé liquidar durante o exercicio correspondente. Este orzamento apróbase en equilibrio, cumprindo cos principios de sustentabilidade financeira e respectando o teito de gasto establecido para cada exercicio.

Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2024 (€)

	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.381.222 €	251.866,4 €	14.633.088,4 €
IV. Transferencias e subvencións correntes	147.085.024 €	1.284.918,11 €	148.369.942,11 €
V. Ingresos patrimoniais	605.000 €	51.554,63 €	656.554,63 €
OPERACIÓNS CORRENTES	162.071.246 €	1.588.339,14 €	163.659.585,14 €

	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
VI. Alleamento de investimentos reais	0,00 €	0 €	0 €
VII. Transferencias e subvencións de capital	54.433.064 €	4.177.752,12 €	58.610.816,12 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	54.433.064 €	4.177.752,12 €	58.610.816,12 €
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	216.504.310 €	5.766.091,26 €	222.270.401,26 €
VIII. Variación de activos financeiros	32.318.657 €	23.591.046,42 €	55.909.703,42 €
IX. Variación de pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	32.318.657 €	23.591.046,42 €	55.909.703,42 €
TOTAL	248.822.967€	29.357.137,68 €	278.180.104,68 €

Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2024(€)

	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	143.696.798 €	111.920,63 €	143.808.718,63 €
II. Gastos correntes en bens e servizos	32.241.717 €	357.615,89 €	32.599.332,89 €
III. Gastos financeiros	390.000 €	-21.697,3 €	368.302,7 €
IV. Transferencias correntes	8.384.496 €	508.397,7 €	8.892.893,7 €
V. Fondo de continxencia	1.000.000 €	-95.231,99 €	904.768,01 €
OPERACIÓNS CORRENTES	185.713.011 €	861.004,93 €	186.574.015,93 €
VI. Investimentos reais	62.439.956 €	28.496.132,75 €	90.936.088,75 €
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	248.152.967 €	29.357.137,68 €	277.510.104,68 €
VIII. Activos financeiros	70.000 €	0 €	70.000 €
IX. Pasivos financeiros	600.000 €	0 €	600.000 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	670.000 €	0 €	670.000 €
TOTAL	248.822.967,00 €	29.357.137,68 €	278.180.104,68 €

Evolución do resultado orzamentario


A Universidade de Vigo mantivo nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos e en 2024 rexistrou un aumento do 0,4 % respecto ao ano anterior.

Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2019-2024 (€)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Ingresos (dereitos recoñecidos)	165.049.891,98	167.405.517,64	180.558.055,27	193.960.509,52	216.697.215,22	217.566.208,74
% variación anual	2,30 %	1,43 %	7,86 %	7,42 %	11,72 %	0,40 %

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2019-2024 (€)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Gastos (obrigas recoñecidas)	169.720.773,30	170.681.126,09	175.131.206,38	180.980.048,67	197.117.035	212.907.478,43
% variación anual	3,41 %	0,57 %	2,61 %	3,34 %	8,92 €	8,01 %



+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/60>

5.2. Relación económica coas partes interesadas

Conta do resultado económico patrimonial da UVigo 2023/2024 (€)

DESCRICIÓN	Exercicio 2024	Exercicio 2023
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	0,00 €	0,00 €
2. Transferencias e subvencións recibidas	190.169.485,96 €	184.436.931,83 €
3. Vendas netas e prestación de servizos	13.544.983,50 €	15.107.597,01 €
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	8.947.704,69 €	7.434.756,57 €
7. Exceso de provisións	5.438.865,58 €	2.177.922,44 €
A) TOTAL DE INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA	218.101.039,73 €	209.157.277,85 €
8. Gastos de persoal*	-154.360.518,60 €	-145.920.216,78 €
9. Transferencias e subvencións concedidas	-5.552.612,46 €	-4.974.034,47 €
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-36.183.220,69 €	-34.030.580,39
12. Amortizacións de inmovilizado	-10.356.291,14 €	-9.388.227,11 €
B) TOTAL DE GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA	-206.452.642,89 €	-194.313.058,758 €
I. Resultado da xestión ordinaria (A-B)	11.648.396,84 €	14.844.219,10 €
13. Deterioración do valor e resultados polo alleamento do inmovilizado non financeiro e activos	-67.979,99 €	-147.751,25 €
14. Outras partidas non ordinarias	117.780,05 €	135.733,95 €
II. Resultado das operacións non financeiras (I-13+14)	11.698.196,90 €	14.832.201,80 €
15. Ingresos financeiros	2.643.348,97 €	608.217,70 €
16. Gastos financeiros	-233.459,59 €	-273.930,17 €
18. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros	0,00 €	122.350,77 €
20. Deterioración do valor, baixas e alleamento de activos e pasivos financeiros	-495.677,69 €	1 234.319,00 €
III. Resultado das operacións financeiras (15 + 16 + 18 + 20)	1.914.211,69 €	1.690.957,30 €
IV. Resultado neto do exercicio (II+III)	13.612.408,59 €	16.523.159,10 €

Gasto de persoal capítulo 1 (obrigas contraídas). Anos 2023 e 2024 (€)

No referido aos gastos de persoal, segundo a conta anual, o seu importe acadou en 2024 un total de 136.076.875,14 €, o que supón un aumento do 2,21 % en relación co exercicio 2023.

Denominación	2024	2023	Importe da variacións/2023	% de variación s/ 2023
Altos cargos e persoal eventual	574.577,39 €	565.953,16 €	8.624,23 €	1,52 %
Persoal funcionario (PTXAS e PDI)	84.134.446,93 €	80.741.545,28 €	3.392.901,65 €	4,20 %
Persoal laboral (fixo e eventual)	4.200.298,17 €	4.697.715,45 €	-497.417,28 €	-10,59 %
Persoal docente contratado	24.009.945,30 €	22.834.694,95 €	1.175.250,35 €	5,15 %
Persoal financiado MRR	1.317.142,33 €	2.907.083,35 %	-1.589.941,02 €	-54,69 %
Outro persoal	724.454,88 €	910.183,82 €	-185.728,94 €	-20,41 %
Incentivos ao rendemento	1.581.587,68 €	1.487.841,11 €	93.746,57 €	6,30 %
Gastos sociais	19.534.422,46 €	18.987.638,82 €	546.783,64 €	2,88 %
TOTAL	136.076.875,14 €	133.132.655,94 €	2.944.219,20 €	2,21 %

O cadro anterior recolle as obrigas contraídas de gastos de persoal do capítulo I, pero tamén hai gastos imputados ao capítulo VI. Para coñecer outros gastos de persoal e a súa evolución pode consultarse máis información no seguinte enlace:

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/102>

5.3. A contratación administrativa

Os aspectos máis relevantes da contratación pública da Universidade de Vigo durante o exercicio abranguen distintos tipos de contratos administrativos: obras, subministracións, servizos, asistencia/consultoría, xestión de servizos públicos e contratos de carácter privado. A actividade contractual da universidade reflicte unha ampla variedade de procedementos e importes, con licitacións e adxudicacións que cobren tanto necesidades estruturais coma operativas.

Comparación do volume de contratación nos exercicios 2023 e 2024

	2024	2023	Diferenzas (valor absoluto)	Diferenzas (porcentuais)
Importes de adxudicación	7.034.630 €	9.508.821,08 €	-2.474.198,08 €	-26,02 %
Número de expedientes	39	26	13	50 %

O **Servizo de Xestión Económica e Contratación** elabora anualmente unha memoria que recolle:

- Resumo dos expedientes de contratación tramitados e adxudicados, diferenciando por tipo de contrato e procedemento.
- Información sobre desistencias e renuncias de contratos.
- Penalidades impostas por incumprimento contractual.
- Modificacións de contratos durante a súa execución.
- Garantías dilixenciadas asociadas aos contratos.

O procedemento aberto é o máis utilizado, seguido polos procedementos negociados, axustándose á normativa vixente e garantindo a publicidade, igualdade e libre concorrência nos procesos de contratación pública. Esta práctica permite unha maior participación de licitadores e unha xestión máis transparente dos recursos públicos.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/67/43>

5.4 Responsabilidade na cadea de aprovisionamentos

O cadro de facturación da Universidade de Vigo segundo a procedencia dos provedores amosa o seguinte:



- Provedores locais (provincias de Pontevedra e Ourense, onde se atopan os campus da universidade) representan o 43,24 % do total de provedores.
- Estes provedores locais facturaron un total de 16 575 344€, o que supón un 34,33% do total da facturación da universidade a provedores.

Estas cifras son moi semellantes ás do exercicio anterior, tanto en volume de facturación coma no número de provedores locais.

ÁMBITO	Exercicio 2024			Exercicio 2023		
	Núm. de provedores	Total facturado	% facturado	Núm. de provedores	Total facturado	% facturado
Local	1306	16.575.343,72 €	34,33 %	1326	16.214.360,30 €	40,07 %
Autonómico	352	4.639.770,98 €	9,61 %	349	3.253.228,95 €	8,04 %
Estatatal	940	23.215.124,61 €	48,08 %	803	19.092.872,69 €	47,18 %
Estranxeiro	422	3.851.765,78 €	7,98 %	369	1.909.107,23 €	4,72 %
Totais	3020	48.282.005,09 €	100,00 %	2847	40.469.569,17 €	100 %

Atendendo á orixe xeográfica, a Universidade de Vigo fornécese nun 43,94 % do contratado con provedores galegos, dos cales o 34,33 % é de provedores locais.

% facturado por orixe do proveedor



+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/66/42>

5.5 Indicadores económico-financieros e entidades participadas

Os indicadores económico-financieros da Universidade de Vigo, así como o detalle do seu desempeño orzamentario, poden consultarse en profundidade na memoria da conta anual e no informe de auditoría.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/orzamentos>

No portal de transparencia da Universidade de Vigo están dispoñibles, con series de datos e gráficos actualizados, os principais indicadores económico-financieros, entre eles:

- Liquidez inmediata ou de dispoñibilidade
- Liquidez xeral
- Grao de solvencia ou solvencia global
- Endebedamento
- Autonomía ou independencia financeira

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/65/41>

Entidades participadas

A participación da Universidade de Vigo no capital de sociedades, segundo recolle a súa conta anual, é a seguinte:

Empresa	% participación
Cidade Universitaria	57,14 %
Unirisco	1,46 %
Cidade Tecnolóxica de Vigo (Citexvi)	25,07 %
Parque Tecnolóxico de Galicia S. A.	1,8 %

Para consultar información máis ampla sobre a participación institucional da Universidade de Vigo noutras entidades (agrupacións, asociacións, clústeres, consorcios, fundacións, hubs, sociedades anónimas...), está dispoñible no portal de transparencia da universidade, que recolle o detalle actualizado destas relacións e participacións.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/5>

5.6 Medidas antifraude

A Universidade de Vigo manifesta, a través dunha declaración institucional aprobada polo Consello de Goberno o 21 de decembro de 2021, a súa firme vontade de combater a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses na xestión de fondos públicos. O obxectivo desta declaración é promover e consolidar unha cultura institucional que exerza un efecto disuasorio ante calquera actividade fraudulenta, asegurando que todas as accións da universidade sexan percibidas como opostas á fraude e á corrupción en todas as súas formas.

Plan de medidas antifraude

En cumprimento deste compromiso, a Resolución reitoral, do 10 de febreiro de 2022, aprobou o Plan de medidas antifraude, de aplicación obrigatoria en todos os proxectos executados pola Universidade de Vigo que sexan financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Este plan establece procedementos e controis específicos para previr, detectar e actuar ante posibles situacións de fraude, corrupción ou conflitos de intereses.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/57>

Canle interna de información

En cumprimento do establecido na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, a Universidade de Vigo implantou unha canle interna de información.

Esta canle interna de información constitúese no medio para informar sobre accións ou omisións cometidas, dentro do ámbito de actuación e de competencias da Universidade de Vigo, que puidesen ser constitutivas de infraccións de dereito da Unión Europea, ou de infraccións graves ou moi graves penais ou administrativas.

Este sistema integra tamén a canle de denuncia interna prevista no Plan de medidas antifraude, para recibir información de sospeitas de fraude, corrupción ou conflito de intereses non declarados.

Os principios xerais do sistema e o procedemento para a xestión das comunicacións recóllense no Regulamento polo que se establece e se regula a canle interna de información da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno o 20 de decembro de 2024

+ información

<https://www.uvigo.gal/canle-interna-informacion>

5.7 Impacto económico da actividade da Universidade de Vigo



En 2023 publicouse a segunda entrega do informe «Impacto económico da actividade da Universidade de Vigo», elaborado polo Consello Social coa colaboración de Isabel Diéguez Castrillón, Ana Gueimonde Canto e Andrés Mazaira Castro. O estudo está estruturado en catro bloques: metodoloxía, análise do impacto económico a curto prazo mediante a metodoloxía input-output, aproximación ao impacto a longo prazo e principais conclusións.

Obxectivos concretos do estudo

1. Determinar e cuantificar o impacto económico a curto prazo en Galicia e nas provincias de Ourense e Pontevedra (output, renda, emprego).
2. Cuantificar o poder de atracción da UVigo sobre outros sectores económicos e identificar os máis favorecidos.
3. Avaliar o impacto da creación de capital humano na ocupación e emprego.
4. Coñecer a balanza fiscal e a contribución ás contas da seguridade social.
5. Medir a incidencia das actividades de creación e transferencia de coñecemento.
6. Determinar a eficacia e a eficiencia do investimento económico da sociedade na universidade

O estudo conclúe que a Universidade de Vigo exerce un papel clave no desenvolvemento económico e social do seu contorno, especialmente nas provincias onde se sitúan os seus campus, e que o seu impacto vai máis alá do ámbito académico, xerando valor económico, emprego, innovación e retorno fiscal para Galicia.

+ información

<https://consellosocial.uvigo.gal/es/publicacion/impacto-economico-da-actividade-da-universidade-de-vigo/>

<https://consellosocial.uvigo.gal/publicacion/segunda-entrega-do-impacto-economico-da-actividade-da-universidade-de-vigo-presentado-en-2023/>



Capítulo 6. A Universidade de Vigo e o medio ambiente



6.1 Obxectivos e balance de actuación

A **Oficina de Medio Ambiente (OMA)** é o servizo responsable da política ambiental da Universidade de Vigo e coordina as liñas de conservación ambiental nos tres campus: Vigo, Ourense e Pontevedra. Entre os seus obxectivos principais está asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental, intervir en actuacións que poidan ter impacto ambiental e promover accións para mellorar a calidade ambiental.

As funcións da OMA concrépanse nos seguintes instrumentos:

- Uso sustentable dos recursos naturais e materias primas, promovendo a redución do consumo e da produción de residuos mediante campañas de reciclaxe, recollida selectiva e proxectos de economía circular.
- Fomento da educación e sensibilización ambiental, a través de programas educativos, itinerarios ambientais, campañas de concienciación e eventos anuais relacionados coa sustentabilidade e a natureza.
- Conservación dos ecosistemas naturais dos campus e da diversidade biolóxica, mediante proxectos de recuperación e mellora de hábitats, control de especies invasoras, protección de zonas húmidas e promoción da vexetación autóctona.

+ información

<http://oma.webs.uvigo.es/>

6.2 Xestión ambiental: manexo de recursos, materias primas e residuos

Recollidas de residuos perigosos dos laboratorios e dos servizos da UVigo

Durante o curso 2023/2024, a Oficina de Medio Ambiente (OMA) da Universidade de Vigo dirixiu e supervisou a recollida dos residuos perigosos (RP) xerados nos laboratorios e servizos de todos os centros dos tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra), sempre a través de xestores autorizados, para garantir unha xestión segura e conforme a normativa vixente.

As cantidades de residuos perigosos retiradas foron as seguintes

Data	Total de RP recollidos (kg)
Novembro de 2023	11 222 kg
Xuño de 2024	14 361 kg

Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

O tratamento de residuos implica un proceso integral de recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado xerado en todos os centros da universidade.

Durante o curso, a OMA colaborou co **Gruvi** (Grupo de Reciclaxe Informática da Universidade de Vigo) para seleccionar e recuperar material informático e electrónico potencialmente reutilizable, que se traslada ao seu taller para unha segunda vida útil.

Datos destacados do curso 2023/2024

- Porcentaxe de material recuperado: arredor dun 6,6 % do total desbotado foi recuperado para a súa reutilización.
- Cantidade total tratada por xestor autorizado: 2928 kg de RAEE.

A recollida e a xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) na Universidade de Vigo distribuíuse do seguinte xeito entre o material reutilizado polo Gruvi e o tratado por xestores autorizados:

Tipo de equipo	Reutilizados no Gruvi	Xestor autorizado
Ordenadores	24	412
Monitores	13	102
Impresoras e escáneres	2	1
Caixas con material variado	0	17
Outros equipos eléctricos	0	29
TOTAL	39	561

Residuos SANDACH (subproductos animais non destinados ao consumo humano)

A Universidade de Vigo realiza unha xestión integral de residuos especiais, como os **SANDACH** (subproductos animais non destinados ao consumo humano, procedentes principalmente de laboratorios de experimentación animal), así como doutros residuos específicos como fluorescentes e lámpadas de baixo consumo, consumibles de oficina, teléfonos móbiles e os seus compoñentes.

- Recollida de fluorescentes e lámpadas de baixo consumo

A UVigo ten asinado un convenio coa entidade **Ambilamp**, un sistema de xestión integrado de residuos de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo. Ambilamp proporciona colectores especiais, situados en zonas centralizadas de cada campus, onde se depositan estes residuos para a súa posterior recollida e tratamento ambientalmente responsable. Os fluorescentes deben depositarse enteiros e con coidado para evitar a liberación de gases perigosos. A recollida realízase de forma gratuíta cando os colectores están cheos, e Ambilamp encárgase do seu transporte e reciclaxe en plantas especializadas, recuperando materiais como vidro, metais e plástico.

- Recollida doutros residuos específicos

Cartuchos e tóners de impresoras e fotocopiadoras, teléfonos móbiles e compoñentes: a empresa CORE dispón colectores en puntos estratéxicos dos tres campus (conserxarías e servizos), para recoller estes residuos cada cuadrimestre ou por aviso específico dos centros.

Consumibles de oficina: recóllense e xestiónanse de forma diferenciada para garantir a súa correcta reciclaxe.

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

6.3 Accións en favor da sensibilización e da formación medioambiental

A Universidade de Vigo, a través da Oficina de Medio Ambiente (OMA), mantén unha aposta clara pola sensibilización e formación medioambiental de toda a comunidade universitaria e da súa contorna. O seu programa de educación ambiental inclúe:

- Itinerarios ambientais «Universidade e natureza» e «Ruta das árbores», dirixidos tanto a estudantes de centros de ensino das bisbarrias dos campus coma a membros da comunidade universitaria. Estas saídas de campo teñen como obxectivo dar a coñecer a paisaxe e a diversidade de fauna e flora dos campus, destacando especies singulares pola súa rareza, porte ou idade.
- Rutas ambientais polos campus para escolares e visitas con alumnado e profesorado universitario, incluíndo participantes de programas internacionais como Erasmus. Estas actividades usan o campus como espazo docente e de lecer, promovendo boas prácticas ambientais e a transmisión de coñecemento.
- Campañas específicas de concienciación e sensibilización ambiental, organizando eventos anuais relacionados coa sustentabilidade e a natureza para involucrar o maior número posible de persoas.

No ámbito da formación, a OMA convoca bolsas de formación ambiental para estudantado universitario, facilitando a súa participación en proxectos de xestión ambiental, conservación do medio natural e apoio ao mantemento das zonas verdes dos campus.

Accións en favor da conservación do medio natural

A Universidade de Vigo, a través da súa Oficina de Medio Ambiente (OMA), mantén un compromiso activo no control e na erradicación de especies invasoras exóticas nos seus campus. Este labor abrangue tanto a flora coma a fauna invasora, co obxectivo de preservar a biodiversidade e mellorar a calidade ecolóxica das zonas verdes universitarias.

Entre as accións desenvolvidas destacan:

- Seguimento e control de flora invasora, actuando sobre especies como persicaria, onagra, acacia negra, mimosa robina, margarida africana, cortadeira, canaveira, herba tintureira, cala, glicinia, eixerón, landoltia, calamçon, acedeira, vinca, dedal de ouro, capuchina, entre outras.
- Captura e control de fauna invasora nas lagoas e estanques dos campus, centrada en especies como o cangrexo americano, a tartaruga de Florida, carpas e carpas douradas.
- Recuperación e mellora de hábitats e espazos degradados, promovendo a restauración ecolóxica e a implantación de programas de revexetación con especies autóctonas.
- Planificación anual das tarefas de conservación pola Unidade de Xardinaría e Zonas Verdes, que adapta as intervencións segundo a climatoloxía, o ciclo vexetativo e o calendario universitario, co fin de incrementar a biodiversidade e o potencial ornamental das zonas verdes.

6.4 A pegada ecolóxica da Universidade de Vigo

O obxectivo fundamental dunha sociedade de progreso é acadar un desenvolvemento sustentable, isto é, satisfacer as necesidades actuais sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas propias. Para avanzar neste camiño, resulta imprescindible avaliar as actividades humanas segundo o seu impacto sobre o medio ambiente e os recursos naturais.

Indicadores de sustentabilidade: pegada de carbono e pegada ecolóxica

Co fin de medir e xestionar este impacto, empréganse distintos indicadores ambientais, entre os que destacan:

- **Pegada ecolóxica:** mide o consumo de recursos naturais e a capacidade do planeta para rexeneralos.
- **Pegada de carbono:** cuantifica a cantidade de gases de efecto invernadoiro (GEI) emitidos directa ou indirectamente polas actividades dunha organización.

A Universidade de Vigo realiza o cálculo periódico da súa pegada de carbono como ferramenta de xestión ambiental. O seguimento deste indicador ao longo do tempo permite:

- Identificar as actividades e os procesos con maior impacto ambiental.
- Detectar oportunidades de mellora para reducir as emisións de GEI.
- Implementar medidas correctoras e de eficiencia enerxética.
- Avaliar os avances cara a unha universidade máis verde e comprometida co medio ambiente.

O estudo e a análise da pegada de carbono constitúe unha base sólida para a mellora ambiental continua da Universidade de Vigo e contribuír a:

- Reducir a súa achega ao cambio climático.
- Fomentar unha cultura de responsabilidade ambiental na comunidade universitaria.
- Cumprir cos obxectivos de sustentabilidade e coas esixencias normativas nacionais e internacionais.

A pegada de carbono mide as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) asociadas á actividade da universidade, principalmente dióxido de carbono (CO₂), pero tamén outros como metano (CH₄), óxido nítrico (N₂O), hidrofluorocarbonos (HFC), perfluorocarbonos (PFC) e hexafluoruro de xofre (SF₆).

Exprésase en toneladas de CO₂ equivalentes (tCO₂e).

Na UVigo, o cálculo baséase no **GHG Protocol** (WRI e WBCSD, 2004), norma internacional recoñecida, e pode complementarse coa norma ISO 14064.

A **pegada de carbono** pode converterse a unidades de pegada ecolóxica (hectáreas globais de terreo equivalentes, gha) calculando o terreo estándar necesario para absorber as emisións de gases de efecto invernadoiro dunha entidade ou actividade. Esta conversión permite comparar o impacto ambiental de diferentes organizacións ou actividades, especialmente no ámbito universitario, onde a maioría das institucións empregan este sistema de referencia.


A **pegada ecolóxica** mídese como a superficie terrestre ou acuática ecoloxicamente produtiva (cultivos, pastos, bosques, ecosistemas acuáticos, e idealmente tamén o volume de aire) necesaria para:



- Satisfacer o consumo de recursos e enerxía.
- Absorber e asimilar os residuos xerados, segundo a tecnoloxía dispoñible, independentemente da localización da superficie considerada.

No caso da Universidade de Vigo, unha vez calculada a pegada de carbono (en toneladas de CO₂ equivalente), aplícase un factor de conversión de 0,28 gha/ton CO₂ (segundo as táboas GFN Canadian 2005) para obter o resultado en hectáreas globais equivalentes. Isto permite comparar os resultados coas outras universidades e avaliar a sustentabilidade institucional.

A información sobre a pegada ecolóxica da UVigo pode consultarse na seguinte ligazón:

<http://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/CambioClimatico/PegadaEcoloxica.php>.





6.5 Boas prácticas cara á redución

Existen varios mecanismos para a compensación das emisións dunha organización, baseados na participación en proxectos que reducen ou evitan emisións de CO₂, como os mercados voluntarios de carbono. A Universidade de Vigo podería compensar parte das súas emisións contribuíndo a este tipo de iniciativas, pero o máis efectivo para unha institución universitaria é priorizar medidas directas de mitigación das súas propias emisións.

A pegada de carbono resulta fundamental neste proceso, pois permite identificar as fontes máis relevantes de gases de efecto invernadoiro (GEI) e monitorizar a evolución das emisións, facilitando a toma de decisións dirixidas á redución eficaz e sostible do impacto ambiental.

A Universidade de Vigo consolidou nos últimos anos unha estratexia ambiciosa de redución de emisións e transición cara a fontes de enerxía renovable, combinando actuacións en fotovoltaica, biomasa, xeotermia e eficiencia enerxética en todos os seus campus.

Enerxía solar fotovoltaica

Desde 2020, a UVigo apostou polo desenvolvemento masivo de instalacións fotovoltaicas e acadou en 2025 unha potencia instalada de 1760 kW repartida en 24 instalacións en 21 edificios.

Puxéronse en servizo máis de 550 kW novos.

- Distribución por campus
 - Vigo: 1174 kW (destacan 213 kW en Olimpia Valencia e 200 kW na Escola de Enxeñaría Industrial).
 - Ourense: 380 kW (100 kW no Edificio de Ferro e no Xurídico-Empresarial).
 - Pontevedra: 205 kW (80 kW na Facultade de Comunicación).
 - Récorde de xeración mensual: xullo de 2024 con 172 MWh/mes, cunha cota de autoconsumo do 10 % e unha xeración anual de 1291 MWh.
 - Estas actuacións supoñen unha redución significativa de emisións; por exemplo, só en Pontevedra, as instalacións permiten evitar 95 toneladas de CO₂ ao ano.

Biomasa

- Dúas instalacións principais
 - Pavillón polideportivo de Vigo: 110 kW.
 - Facultade de Comunicación de Pontevedra: 2000 kW, cun sistema de *district heating* compartido coa Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- O sistema de *district heating* permite evitar máis de 100 toneladas de CO₂ ao ano fronte a sistemas de calefacción con gas natural.
- En 2024, a biomasa xerou 351 MWh, cunha redución de emisións de 103,1 tCO₂ respecto ao uso de gas natural.

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Biomasa (MWh)	81	110	173	107	151	438	396	351
Gas natural equiv. (MWh)	101,9	138,3	217,4	134,0	190,1	549,9	496,9	440,8
Emisións de CO₂ biomasa (t)	1,8	2,5	3,9	2,4	3,4	9,9	8,9	7,9
Emisións de CO₂ GN (t)	25,7	34,8	54,8	33,8	47,9	138,6	125,2	111,1
Emisións de CO₂ evitadas (t)	23,9	32,4	50,9	31,3	44,5	128,7	116,3	103,1

Táboa. Emisións de CO₂ da biomasa fronte ao gas natural

Xeotermia e outras melloras

- No campus de Ourense, destaca unha instalación xeotérmica de 500 kW con bombas de calor e pozos profundos, que permite cubrir gran parte da demanda enerxética do Edificio de Ferro e reducir 391 tCO₂ ao ano.
- Incorporación de bombas de calor de alta eficiencia, climatización aerotérmica, mellora de illamentos (como no edificio Exeria) e substitución de caldeiras ineficientes.
- Transformación de caldeiras de gasóleo a gas no edificio de deportes para mellorar eficiencia e reducir custos.

Eficiencia enerxética

- Colocación de iluminación LED en instalacións deportivas e en edificios docentes.
- Melloras no illamento e protección solar en fachadas para reducir a demanda de climatización.

6.6 Consumos

Nas táboas e gráficas seguintes indícanse os consumos enerxéticos nos tres campus e reflíctense as súas evolucións.

Consumos (kWh) derivados do consumo eléctrico

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2019	10 907 527	1 171 439	2 633 882	14 712 848
2020	9 405 654	849 119	2 114 423	12 369 196
2021	9 331 634	808 709	5 545 833	12 686 176
2022	9 534 365	896 172	2 680 124	13 110 661
2023	8 055 098	863 720	2 052 890	10 971 708
2024	8 496 088	859 044	2 317 086	11 672 218

Consumos (kWh) derivados do consumo de gas natural

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2019	5 184 856	2 032 992	1 384 483	8 602 331
2020	4 764 224	1 395 502	968 777	7 128 503
2021	6 668 353	1 457 453	1 382 446	9 508 252
2022	6 245 579	1 483 328	1 223 434	8 952 341
2023	4 682 926	1 121 275	1 017 977	6 822 178
2024	4 543 658	943 957	844 922	6 332 537

Consumos (m³) derivados do consumo de gasóleo C

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2019	266,79	0,00	1145,60	412,39
2020	188,81	0,00	94,62	283,43
2021	171,98	0,00	122,74	294,72
2022	89,15	0,00	94,62	183,77
2023	107,11	0	124,50	231,61
2024	76,25	0	94,25	170,5

Consumo (m³) e emisións (ton CO₂) de auga

	Vigo	Pontevedra	Ourense	Total UVigo
2019	51 191	11 002	29 782	91 975
2020	39 632	4325	24 649	68 606
2021	44 292	5720	16 056	66 068
2022	73 586	5944	14 597	94 127
2023	34 056	6623	19 849	60 528
2024	47 404	7380	13 752	68 536

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/32/32>

6.7 UI GreenMetric World University Rankings

O **GreenMetric World University Ranking** é unha referencia internacional en materia de sustentabilidade universitaria, impulsada pola Universidade de Indonesia. O seu obxectivo é avaliar e comparar os esforzos das universidades do mundo en ámbitos clave como a loita contra o cambio climático, a eficiencia enerxética, a xestión da auga, a reciclaxe de residuos e o fomento do transporte ecolóxico.

Metodoloxía da clasificación

A clasificación baséase en 51 indicadores agrupados en 6 criterios principais:

1. Contorno e infraestruturas (15 %)
2. Enerxía e cambio climático (20 %)
3. Residuos (23 %)
4. Auga (10 %)
5. Transporte (15 %)
6. Educación e investigación (17 %)

Resultados da Universidade de Vigo en 2024

Na edición de 2024, Universidade de Vigo acadou a posición 262 no ámbito mundial, cunha puntuación total de 7750 puntos. A distribución por apartados foi a seguinte:

- Contorno e infraestruturas: 1175 puntos
- Enerxía e cambio climático: 1550 puntos
- Residuos: 1800 puntos
- Auga: 750 puntos
- Transporte: 1150 puntos
- Educación e investigación: 1325 puntos

World Rank	University	Total Score	SI Score	EC Score	WS Score	WR Score	TR Score	ED Score
262	Universidade de Vigo Spain, Europe	7750	1175	1550	1800	750	1150	1325

Hai que destacar que a posición da Universidade de Vigo no GreenMetric World University Ranking ten unha repercusión directa no subfondo denominado «panel de indicadores» dentro do Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026. En concreto, esta clasificación está recollida como o indicador PAIRS1 dentro do módulo 6 de responsabilidade social, cunha ponderación do 0,5 % no cálculo global do financiamento.

A Universidade de Vigo obtivo a certificación de UI GreenMetric en 2024.



+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56>

6.8 Enquisa de autodiagnóstico de avaliación de sostibilidade ambiental (CRUE)



A ferramenta de autoavaliación desenvolvida polo grupo de traballo da CRUE sobre sostibilidade universitaria permítelles ás universidades analizar o seu grao de cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), especialmente os de contido ambiental, a través de indicadores nos ámbitos de organización, docencia/investigación e xestión ambiental.

Estrutura da autoavaliación

O cuestionario avalía tres grandes áreas:

1. **Organización:** política de sostibilidade, implicación e sensibilización da comunidade universitaria.
2. **Docencia e investigación:** integración da sostibilidade na docencia, competencias transversais, minimización do impacto ambiental nas prácticas etc.
3. **Xestión ambiental:** urbanismo e biodiversidade, enerxía, auga, mobilidade, residuos, compra verde e avaliación do impacto ambiental das actividades.

O resultado do cuestionario de autoavaliación realizado pola universidade reflicte un nivel global de cumprimento dos obxectivos de sostibilidade do 81,2 %. Esta avaliación manifesta que a máxima puntuación se acadou no apartado de organización, cun 90,3 % dos puntos posibles. No apartado de xestión ambiental acadouse un 82,4 % e, por último, o apartado de docencia e investigación obtivo un 68,1 %, e suxire que aínda existen marxes de mellora na integración da sostibilidade nos plans de estudo, nas competencias transversais e na investigación.

Na seguinte imaxe poden verse os datos relativos ao autodiagnóstico da nosa universidade.

APARTADO	PUNTUACIÓN INICIAL	PUNTUACIÓN DEFINITIVA	% INICIAL	% FINAL
1. POLÍTICA	8	4,5	89 %	50 %
2. IMPLICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	11,5	8	96 %	67 %
3. DOCENCIA	12,5	6,5	96 %	50 %
4. INVESTIGACIÓN	10,5	10	88 %	83 %
5. URBANISMO E BIODIVERSIDADE	6	5,5	100 %	92 %
6. ENERXÍA	13,5	12	90 %	80 %
7. AUGA	8	4	89 %	44 %
8. MOBILIDADE	10	8	100 %	80 %
9. RESIDUOS	5	4	83 %	67 %
10. COMPRA VERDE	16,5	1,5	92 %	8 %
11. AVALIACIÓN DO IMPACTO AMBIENTAL DAS ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS	12	7	92 %	54 %
TOTAL			92 %	61 %



Capítulo 7. Compromiso coa sociedade

7.1 Transferencia social e cultural



7.1.1 Participación da comunidade universitaria en actividades de responsabilidade social

A participación da comunidade universitaria da Universidade de Vigo en actividades de responsabilidade social vai máis alá da implicación nas titulacións oficiais, desenvolvendo numerosas accións de sensibilización e formación no ámbito da cooperación, a solidariedade e as dimensións económica, social e medioambiental propias da responsabilidade social.

Deste xeito, a UVigo materializa o seu compromiso co desenvolvemento sostible e equilibrado, proxectando estas accións no seu contorno local e social para contribuír ao progreso social, económico, cultural e ambiental da sociedade.

7.1.2 A responsabilidade social nas actividades de extensión universitaria

Dentro do organigrama institucional da Universidade de Vigo, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo fundamental promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que favorezan a formación integral do estudiantado. O Servizo de Extensión Universitaria estrutúrase en dúas áreas diferenciadas: Cultura e Deportes. Á hora de elaborar o calendario de actividades, un dos criterios de adxudicación é precisamente a promoción de iniciativas formativas orientadas á sensibilización social, tanto da comunidade universitaria coma da sociedade en xeral. Así, na memoria técnica das propostas valórase especialmente a calidade das actividades relacionadas coa concienciación sobre o comercio xusto, a compra ética e responsable, o desenvolvemento sustentable e a inclusión social de grupos con discapacidade ou en risco de exclusión.

Esta orientación responde á meta estratéxica número 7 da Universidade de Vigo, que recolle a necesidade de incrementar a proxección exterior da institución a través da extensión universitaria, promovendo, canalizando e apoiando a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que contribúan ao desenvolvemento social, económico, cultural e ambiental sostible do seu contorno.

Número de actividades de extensión universitaria e asistencia. Curso 2023/2024

	Ourense		Pontevedra		Vigo		Total	
	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes
Exposicións	7	2800	7	875	2	1300	16	4975
Aulas e obradoiros	19	219	15	185	21	248	55	652
Cursos de extensión	7	109	4	90	4	119	15	318
Concursos (premios UVigo)	--	--	1	15		70	1	85

	Ourense		Pontevedra		Vigo		Total	
	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes	Actividades	Asistentes
Coro universitario	15	500	1	50	--	--	16	550
Teatro e artes escénicas	21	9500	4	300	6	460	31	10 260
Música	2	450	16	1400	1	400	19	2250
Concursos			2	10				
Concursos e premios Crea			1	25				
Proxeccións audiovisuais	10	300	26	800	13	480	49	1580
Conferencias e mesas redondas	5	300	19	620	--	--	24	920
TOTAIS	86	14 178	96	4370	47	3077	226	21 590

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/38>

Actividade cultural da Universidade de Vigo

A actividade cultural da Universidade de Vigo durante o curso 2023/2024 destacou pola organización dunha ampla variedade de eventos nos tres campus, promovidos desde Extensión Universitaria. A institución conta con espazos propios para a exhibición e a difusión artística, como a sala Alterarte no campus de Ourense e a sala universitaria Profesor Manuel Moldes no campus de Pontevedra, que funcionan como centros creativos abertos á comunidade universitaria e ás cidades. En Vigo, o edificio Redeiras, situado na praza do Berbés, ofrece un espazo expositivo multifuncional para mostrar actividades artísticas e reforzar o compromiso da UVigo coa difusión cultural. Ademais, grazas á colaboración co Concello de Vigo, a universidade organiza exposicións na Casa Galega da Cultura, situada na praza da Princesa, para ampliar a súa presenza cultural na cidade.

A UVigo tamén aposta pola promoción do talento e pola innovación a través da convocatoria anual de concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música, cuxas bases e obras premiadas están dispoñibles nas plataformas institucionais.

As convocatorias e as obras premiadas poden consultarse na seguinte ligazón:

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/cultura/artes>

<https://www.uvigo.gal/campus/cultura/premios-culturais>

7.2 Promovendo a colaboración cos axentes sociais



A colaboración cos axentes sociais constitúe un pilar esencial da responsabilidade social universitaria, xa que facilita o establecemento de redes de comunicación coas partes interesadas e contribúe a unha xestión máis sustentable dos recursos da universidade. Neste sentido, a Universidade de Vigo destaca como unha institución aberta e activa na sinatura de numerosos convenios con entidades e organizacións de diversos ámbitos.

Convenios de colaboración asinados con diversos axentes sociais

Entre os convenios asinados pola UVigo atópanse:

- **Convenios marco**, que establecen liñas xerais de colaboración con distintas entidades.
- **Convenios específicos**, orientados á implementación de accións ou actividades concretas.
- **Convenios para prácticas externas**, que lle permiten ao estudantado realizar estadias formativas en empresas e en institucións.
- **Convenios de voluntariado** e proxectos de **aprendizaxe-servizo**, que fomentan a implicación social do alumnado e o desenvolvemento de competencias transversais.
- **Convenios de cooperación educativa**, acordos de cotutela de teses de doutoramento e outros acordos específicos de colaboración.

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convenios/public/convenio/index>

Esta ferramenta permite filtrar os convenios por tipo (prácticas, convenios marco, colaboración, cooperación educativa, cotutela de tese etc.), por estado (asinado ou extinguido) e tamén realizar buscas por texto para facilitarlles o acceso á información relevante á comunidade universitaria e ao público interesado.

A información sobre a colaboración cos axentes sociais complementase co disposto no apartado 7.8 desta memoria, especialmente no relativo ao «Impulso das alianzas en materia de cooperación e de RSU no marco da Axenda 2030».

7.3 A Universidade de Vigo promovendo o voluntariado e a cooperación



Durante o curso 2023/2024, a Universidade de Vigo promoveu activamente o voluntariado e a cooperación, contando coa participación de 77 persoas nas actividades de voluntariado organizadas pola institución, para as que se dispuxo orzamento destinado a cubrir gastos de desprazamento. Ademais, a universidade implicouse en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais e talleres de inserción, entre outras iniciativas solidarias.

Voluntariado. Ano 2023/2024

	Total	% de mulleres	Campus de Ourense	Campus de Pontevedra	Campus de Vigo
Núm. de estudantes en accións de voluntariado	25	88 %	8	7	10
Núm. de programas	16				

Do total de persoas que dedicaron algunhas horas a actividades de voluntariado nun total de 16 programas, o 88 % foron mulleres.

+ información

<https://www.uvigo.gal/campus/voluntariado-cooperacion/voluntariado>

A cooperación na Universidade de Vigo

A cooperación constitúe un dos piares fundamentais da responsabilidade social da Universidade de Vigo, tal e como se recolle no apartado 7.7 da memoria institucional. Esta estratexia está plenamente integrada tanto no Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo como no I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (2020-2030), coñecido como «Década de acción polos obxectivos de desenvolvemento sostible». Este último plan, implementado polas tres universidades do sistema universitario de Galicia (SUG) desde 2020, conta co apoio da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, así como coa coordinación cos plans directores da Xunta de Galicia e do Estado.

Ademais das accións recollidas no apartado 7.7, a Universidade de Vigo desenvolve unha ampla variedade de iniciativas, entre as que destacan:

- Campañas de sensibilización: dirixidas á comunidade universitaria e á sociedade para promover valores de solidariedade, xustiza global e desenvolvemento sostible.
- Fortalecemento de redes: colaboración activa con entidades sociais, administracións públicas e organismos internacionais para crear sinerxías e compartir boas prácticas.
- Formación especializada: programas e cursos orientados ao fortalecemento das capacidades de xestión de proxectos de cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD), dirixidos tanto ao persoal técnico, de xestión, administración e servizos (PTXAS) coma ao persoal docente e investigador (PDI).
- Promoción e xestión de proxectos de cooperación: impulso e execución de proxectos de cooperación internacional, tanto en países do sur global coma en contextos locais, que contribúen á consecución dos ODS e á mellora das condicións de vida das comunidades destinatarias.

Proxectos de cooperación

A Universidade de Vigo orienta os seus proxectos de cooperación ao desenvolvemento a poñer ao servizo de colectivos e países, especialmente en América Latina e nos países lusófonos, as súas fortalezas como institución educativa, investigadora, tecnolóxica e de gobernanza, implicando tanto á sociedade civil da súa contorna coma aos grupos beneficiarios da axuda.

Os principais obxectivos que persegue a UVigo neste ámbito son:

- Proporcionar asistencia técnica a través do fortalecemento de coñecementos e habilidades, facilitando a capacitación de persoas e institucións nos países destinatarios.
- Contribuír á transferencia e ao intercambio de coñecemento científico e tecnolóxico aplicado a sectores clave como a educación, saúde, enerxía, infraestruturas, produción, medio ambiente e administracións públicas, promovendo o desenvolvemento autosostido e a autonomía das comunidades beneficiarias.
- Ofrecer apoio ás ONGD que desenvolvan o seu traballo, preferentemente desde as provincias de Pontevedra e Ourense, no ámbito da axuda humanitaria, reforzando a acción local e internacional das organizacións sociais.
- Concienciar e formar a comunidade universitaria sobre a desigualdade entre países e a necesidade de xustiza social, fomentando valores de solidariedade, dignidade, equidade, inclusión, igualdade de xénero, respecto aos dereitos humanos e defensa do medio ambiente.

A UVigo promove a coherencia dos seus proxectos co **V Plan director da cooperación galega (2023-2026)** e co **VI Plan director da cooperación española (2024-2027)**, asegurando que as súas accións se alían cos marcos estratéxicos autonómico e estatal en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Oficina de Proxectos Internacionais

A **Oficina de Proxectos Internacionais (OPI)** da Universidade de Vigo foi creada polo Consello de Goberno na sesión do 29 de xullo de 2019 co obxectivo de centralizar e homoxeneizar os procesos de solicitude, xestión e xustificación dos proxectos internacionais, tanto de educación coma de investigación, debido á gran variabilidade das convocatorias existentes.

A OPI constitúe o punto único de acceso para todo o relacionado con proxectos internacionais, ofrecéndolle acompañamento completo á comunidade universitaria desde o nacemento da idea ata a finalización do proxecto. Entre as súas funcións principais destacan:

- Fomentar a participación en proxectos internacionais de toda a comunidade universitaria, asesorando na procura de financiamento, socios, oportunidades e convocatorias, e axudando a comprender os requisitos dos diferentes programas europeos e internacionais para atopar o máis axeitado ao persoal solicitante.
- Prestar apoio na preparación de solicitudes competitivas para todo tipo de programas de financiamento internacional, tanto no ámbito educativo coma de investigación.
- Apoiar na xestión integral dos proxectos internacionais durante toda a súa vida, colaborando na revisión dos informes de progreso, tanto na parte técnica coma na administrativa e financeira.
- Organizar accións formativas para o persoal da universidade sobre as novas convocatorias e sobre a elaboración de propostas exitosas.

A OPI xestiona proxectos innovadores en cooperación internacional, innovación educativa, desenvolvemento curricular, intercambio de boas prácticas, *capacity-building*, alianzas de coñecemento, asociaciónismo estratéxico internacional, planificación e xestión internacional e internacionalización dixital.

+ información

<https://opi.uvigo.gal/>

7.4 Universidade saudable



A Universidade de Vigo considera o deporte un aspecto fundamental na formación integral do alumnado, co obxectivo de que o maior número posible de persoas practique actividade física de maneira regular para mellorar a súa calidade de vida. Para iso, a institución facilita todos os medios necesarios para a práctica deportiva, promovendo un estilo de vida saudable e activo.


Un dos principais obxectivos do Servizo de Deportes é fomentar a iniciación na práctica deportiva, especialmente entre as persoas con hábitos sedentarios, co fin de consolidar unha vida máis activa e mellorar a súa saúde a través do deporte.

7.4.1. Acceso ás instalacións

Tarxetas deportivas universitarias

Durante o curso 2023/2024, o abono Muer, que ofrece acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un amplo abano de actividades dirixidas, contou cun total de 1436 persoas usuarias. Destas, o 61,3 % foron homes e o 38,7 % mulleres. En canto á distribución por campus, o 39,28 % pertencía ao campus de Ourense, o 21,86 % ao de Pontevedra e o 38,86 % ao de Vigo.

Persoas usuarias do abono Muer 2023/2024



Numero de usos das instalacións de uso individual durante 2023/2024

Durante o curso 2023/2024, as instalacións deportivas da Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo rexistraron un elevado número de usos nas actividades de uso libre individual, sendo o atletismo, o fitness e a escalada as máis demandadas. Entre os tres campus, participaron nestas actividades preto de 3500 persoas usuarias. Neste tipo de práctica deportiva, destaca unha maior participación masculina, cunha porcentaxe próxima ao 65 %, mentres que as mulleres amosaron unha preferencia máis acusada polas actividades dirixidas.

7.4.2. Iniciación deportiva e actividades na natureza

Escolas de iniciación deportiva

Durante o curso 2023/2024, a Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo desenvolveu diversas escolas e cursos de iniciación deportiva de carácter non federado, co obxectivo de achegar as persoas participantes á práctica de diferentes modalidades deportivas dun xeito lúdico e accesible. Neste período, o voleibol destacou como a actividade máis demandada e superou por primeira vez o tenis, que quedou en segundo lugar en número de participantes. En canto á participación por xénero, rexistrouse un equilibrio notable, achegándose ao 50 % tanto de homes coma de mulleres no cómputo total destas actividades, o que reflicte unha ampla aceptación e interese transversal polas propostas deportivas de iniciación.

Augaventura

Augaventura é un programa consolidado da Universidade de Vigo, con máis de vinte anos de traxectoria, que serve como motor de iniciación aos deportes acuáticos para a comunidade universitaria. Durante o curso 2023/2024, Augaventura organizouse en quendas de outono e primavera, ofrecendo a posibilidade de gozar dun día de deportes no medio acuático en condicións económicas moi vantaxosas. O programa continúa gañando seguidores cada ano, estimulando a práctica deportiva moderada, regular e divertida de forma lúdica.

As actividades propostas nesta edición incluíron balsismo (*rafting*), surf, windsurf, caiac, mergullo, *flyboard* e esquí acuático sobre táboa (*wakeboard*), así como rutas combinadas como a da illa de San Simón, que integran caiac, andaina e *snorkel*.

Exploracampus

No marco de Exploracampus, na súa terceira edición, desenvolvéronse tres actividades no campus de Vigo: unha xornada de iniciación á orientación, unha xornada de iniciación á escalada indoor e unha andaina do solpor no Monte Galiñeiro.

Rutas culturais

Ao longo do curso organizáronse 11 rutas culturais de sendeirismo con diferentes niveis de dificultade pola xeografía galega e portuguesa, actividades que buscan incrementar o coñecemento do patrimonio cultural e arqueolóxico ao tempo que fomentan o exercicio físico.

7.4.3. Competicións universitarias

Durante o curso académico, a Universidade de Vigo organiza diversas competicións internas, tanto en modalidades individuais coma por equipos, nas que pode participar calquera membro da comunidade universitaria.

Nos campionatos galegos universitarios, celebrados no campus de Pontevedra, a delegación da UVigo estivo formada por máis de 180 estudantes, o que reflectiu unha ampla representación institucional. No ano 2024, un total de 97 deportistas da Universidade de Vigo (46 homes e 51 mulleres) participaron nos campionatos de España, competiron en 14 modalidades deportivas e acadaron 20 medallas individuais ou por parellas e 3 por equipos.

En canto aos deportes colectivos, as competicións organizáronse os días 13 e 14 de marzo no campus de Pontevedra e contaron coa participación de alumnado universitario de toda Galicia. A UVigo conseguiu a terceira posición no cómputo global con 21 puntos e destacou a primeira posición dos equipos femininos de baloncesto e balonmán, así como dos equipos masculinos de balonmán e rugby 7.

7.4.4. Saúde

O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo aposta por fomentar unha verdadeira cultura saudable, implicando todos os colectivos universitarios na práctica deportiva diaria, na promoción da saúde e na loita contra o sedentarismo. Seguindo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva, durante o curso académico avalíase a aptitude para o exercicio físico da comunidade universitaria. O resultado foi que 295 persoas, o que representa o 11,4 % do total, presentaron sinais de risco alto ou moderado no seu cuestionario. Este dato supón unha mellora con respecto ao curso anterior, xa que se produciu un descenso de sete décimas porcentuais no número de persoas en situación de risco, o que reflicte o impacto positivo das iniciativas de promoción da saúde impulsadas pola universidade.

7.4.5. Formación

Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva

Durante o curso académico, a Universidade de Vigo desenvolveu un programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva, que lle permitiu ao alumnado obter o recoñecemento do labor formativo derivado da súa participación en diversas actividades:

- Escolas deportivas
 - Campus de Ourense: rugby, tenis, xadrez e voleibol.
 - Campus de Pontevedra: voleibol.
 - Campus de Vigo: ioga, natación, tenis e xadrez e voleibol.
- Representación da universidade en competicións federadas. Alumnado que formou parte dalgún dos equipos da Sección Deportiva da Universidade de Vigo ou entidades con convenio en competicións federadas oficiais.

Bolsas e prácticas do alumnado

No ámbito das bolsas e prácticas, facilitouse que estudantes da Universidade de Vigo colaborasen en tarefas relacionadas cos seus estudos, sempre en réxime de compatibilidade coas súas obrigas académicas. Estas bolsas tiveron unha duración de oito meses, cunha dedicación de 15 horas semanais, e contaron coa supervisión da acción titorial da titulación correspondente.

7.4.6. Outras actividades e eventos

No ámbito das iniciativas de conciliación e apoio á comunidade universitaria, destaca especialmente o **programa Corresponsables**, desenvolvido entre febreiro e marzo de 2023. Este programa, dirixido a nenas e nenos de entre 6 e 16 anos, prioriza a atención ás fillas e fillos de familias monomarentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares con cargas relacionadas cos coidados, así como ás fillas e fillos de persoas pertencentes á comunidade universitaria. O obxectivo principal é facilitar a conciliación familiar e laboral, ofrecendo recursos e actividades adaptadas ás necesidades destes colectivos.

Ademais, cómpre sinalar que en 2021 foi aprobado polo Consello de Goberno o **Estatuto do estudiantado deportista da Universidade de Vigo**, que recolle medidas específicas para facilitar a conciliación entre a vida académica e a práctica deportiva. Durante o curso 2023/2024, a Universidade de Vigo contou con 91 deportistas de elite (45 mulleres e 46 homes), repartidos en 23 modalidades deportivas que abranguen desde o automobilismo ata o bádminton, squash, iudo ou remo.

Entre as accións de apoio máis demandadas polo alumnado deportista destacan o cambio de datas de exame cando coinciden con competicións ou concentracións deportivas, así como a posibilidade de cambiar de grupo de prácticas.

+ información

<https://www.uvigo.gal/es/campus/deporte>

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/47/83>

7.5 Servizos de biblioteca



A Universidade de Vigo conta cunha rede de 11 bibliotecas repartidas polos seus campus, coordinadas pola biblioteca central do campus de Vigo. Estas bibliotecas ofrecen un total de 3097 postos de lectura e poñen á disposición da comunidade universitaria unha ampla variedade de recursos:

Títulos de monografías en papel	437 535
Monografías electrónicas de pagamento	360 935
Títulos de publicacións periódicas en papel	9120
Publicacións periódicas electrónicas de pagamento	18 204
Títulos de audiovisuais e material non librario	27 160
Bases de datos de pagamento	46
Préstamos	64 589
Consultas ao catálogo da biblioteca	312 488
Persoas usuarias da comunidade universitaria	23 597
Persoas usuarias externas rexistradas	6637
Teses de doutoramento no repositorio institucional en acceso aberto	1719

Biblioteca como centro solicitante	
Concepto	Ano 2024
Total de solicitude de documentos	734
Solicitudes a bibliotecas nacionais	451
Solicitudes a bibliotecas estranxeiras	59
Solicitudes de préstamos nacionais	173
Solicitudes de préstamos estranxeiros	24

Biblioteca como centro proveedor	
Concepto	Ano 2024
Total de peticións subministradas	1085
Peticións de bibliotecas nacionais	909
Peticións de bibliotecas estranxeiras	35
Peticións de préstamos nacionais	176
Peticións de préstamos estranxeiros	4

+ información

<https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca>

+ información

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/72/55>

7.6 A Universidade de Vigo e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega



A Área de Normalización Lingüística (ANL) da Universidade de Vigo é a responsable de promover e garantir o uso adecuado da lingua galega dentro da institución, en cumprimento do artigo 4 dos Estatutos da Universidade e como parte da súa responsabilidade social co patrimonio cultural e inmaterial de Galicia.

Os principais servizos da ANL son:

- Corrección de documentos.
- Resolución de dúbidas e consultas lingüísticas.
- Cursos, xornadas e obradoiros de lingua.
- Axudas a traballos de investigación en galego. Manual de acollida para o persoal de administración e servizos (PTXAS).

- Información sobre dicionarios e vocabularios técnicos en galego.
- Campañas de dinamización lingüística.
- Organización de actos culturais, concursos e premios.
- Elaboración de vocabularios e manuais lingüísticos.

A través da súa páxina web, a ANL pon ao dispor da cidadanía un tradutor galego-castelán e castelán-galego (<http://sli.uvigo.es/tradutor/>), que permite traducir textos longos e sinala as palabras non recoñecidas, para facilitar a comunicación e a aprendizaxe lingüística. Este labor é considerado esencial para a universidade, pois contribúe a coidar e a proxectar o patrimonio inmaterial de Galicia, como é a lingua galega.

A ANL tamén ofrece un servizo de asesoramento no uso e na tradución da lingua galega para calquera acción vinculada á formación e á investigación universitaria, actuando de xeito transversal en toda a vida académica. Periodicamente, organiza ciclos formativos para a comunidade universitaria dos tres campus, adaptando a súa oferta formativa ás necesidades detectadas a través das enquisas de avaliación dos cursos anteriores, axustando o número de horas, a especificidade dos campus e dos colectivos destinatarios.

CURSOS 2023/2024	Matriculados/as	% mulleres
A calidade lingüística no teu TFG ou TFM	36	77,78 %
Avanza co galego	30	66,67 %
Ciclo de lingua e calidade	9	77,78 %
Curso de iniciación á lingua galega	41	65,85 %
Curso de linguaxe administrativa e xurídica (2 edicións)	58	75,86 %
Curso de redacción e estilo	29	72,41 %
Curso de xestión do multilingüismo nas aulas	9	66,67 %
Escribir en internet	31	74,19 %
Os erros máis frecuentes na lingua galega (2 edicións)	61	81,97 %
TOTAIS	304	74,34 %

7.7 Responsabilidade social e cooperación



A **Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD)** é un eixe central da responsabilidade social na Universidade de Vigo, en liña coa definición da CRUE nas «Directrices da cooperación

universitaria ao desenvolvemento 2019-2030». A CUD representa o compromiso e a solidariedade da comunidade universitaria, contribuíndo á construción dun mundo máis xusto e sustentable a través da educación, a investigación, a transferencia de coñecemento e a conexión coa sociedade.

Durante 2024, a Universidade de Vigo levou a cabo diversas accións para cumprir estes obxectivos, entre as que destacan:

- Actividades de sensibilización: realización de campañas e edición de boletíns informativos (como UVigo_Humana) destinados ao PDI, PTXAS e estudantes, nos que se recollen as actividades solidarias e de cooperación da universidade e das ONGD do contorno. Tamén se organizaron campañas virtuais sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), aproveitando datas sinaladas no ámbito internacional.
- Cursos de formación: dirixidos a fortalecer as capacidades da comunidade universitaria en materia de cooperación e desenvolvemento sostible.
- Bolsas e premios: para fomentar a participación do estudantado en proxectos de cooperación e recoñecer as boas prácticas neste ámbito.
- Medidas de fortalecemento institucional: impulsando o papel da universidade como axentecooperación e promovendo alianzas con outras entidades e institución.

A continuación, recóllense as principais campañas realizadas ao longo do ano:

Febreiro

- **4 de febreiro:** Día Mundial contra o Cancro
- **20 de febreiro:** Día Mundial da Xustiza Social
- **21 de febreiro:** Día Internacional da Lingua Materna

Marzo

- **1 de marzo:** Día Mundial da Cero Discriminación
- **5 de marzo:** Día Internacional para Concienciar sobre o Desarmamento e a non Proliferación
- **20 de marzo:** Día Internacional da Felicidade
- **21 de marzo:** Día Mundial da Síndrome de Down

Abril

- **22 de abril:** Día Internacional da Nai Terra
- **24 de abril:** Día Internacional do Multilateralismo e da Diplomacia
- **28 de abril:** Día Mundial da Seguridade e da Saúde no Traballo

Maio

- **16 de maio:** Día Internacional da Convivencia en Paz
- **31 de maio:** Día Mundial sen Tabaco
- **14 de xuño:** Día Mundial das Persoas Doantes de Sangue
- **20 de xuño:** Día Mundial das Persoas Refuxiadas

Decembro

- **4 de decembro:** Día Internacional do Voluntariado
- **10 de decembro:** Día dos Dereitos Humanos

- **18 de decembro:** Día Internacional da Persoa Migrante

Pode ampliarse a información na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/conecenos/responsabilidade-social-axenda-2030/novas-responsabilidade-social-axenda-2030>

Cursos e xornadas de formación para a comunidade universitaria en materia da Axenda 2030 e cooperación.

A Universidade de Vigo aposta por unha formación continua e transversal en materia de Axenda 2030 e cooperación, dirixida tanto ao persoal docente e investigador (PDI), ao persoal técnico, de xestión e administración e servizos (PTXAS), como ao estudantado. O obxectivo é xerar unha comunidade universitaria máis comprometida coa sustentabilidade, a xustiza social e a integración dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) en todos os ámbitos: docencia, investigación, gobernanza e liderado.

Formación para PDI

- Curso «Repensar a educación para resetear o sistema: introducindo a sustentabilidade e a educación para o desenvolvemento na docencia universitaria en liña coa Axenda 2030»
 - Duración: 25 horas
 - Obxectivo: facilitarlle ferramentas ao profesorado para integrar a sustentabilidade e a educación para o desenvolvemento nas súas materias, promovendo unha educación transformadora e a xustiza social.

Formación para o estudantado

- Curso «Axenda 2030. Axentes do cambio»
 - Duración: 30 horas
 - Contidos: principais retos da Axenda 2030, ODS, sustentabilidade global e local.
 - Complemento: actividade de voluntariado «Axentes do cambio», na que o alumnado desenvolveu accións telemáticas de sensibilización e difusión da Axenda 2030 entre a comunidade universitaria.

Xornadas abertas á comunidade universitaria

- Xornada «Testemuñas desde Palestina»
 - Obxectivo: achegarlle á comunidade universitaria a realidade actual de Palestina, tratando tanto o conflito coma aspectos culturais e históricos, favorecendo a reflexión crítica e o coñecemento intercultural.

Voluntariado en materia de Axenda 2030

Durante o curso 2023/2024, a Universidade de Vigo desenvolveu unha nova edición do programa de voluntariado **Axentes do cambio**, centrado na promoción da Axenda 2030 e dos obxectivos de

desenvolvemento sostible (ODS) entre a comunidade universitaria. O estudantado participante, tras recibir formación específica sobre a Axenda 2030, levou a cabo actividades tanto presenciais coma virtuais para dar a coñecer os ODS e os valores de sustentabilidade social, económica e ambiental que promove esta axenda global.

Bolsas

- Bolsas en materia de cooperación e equidade

A Universidade de Vigo mantén o seu firme compromiso co ODS 4 «Educación de calidade», especialmente coas metas:

- **4.5:** «Eliminar as disparidades de xénero na educación e asegurar o acceso igualitario a todos os niveis do ensino e a formación profesional para as persoas vulnerables, incluíndo persoas con discapacidade, pobos indíxenas e nenos en situación de vulnerabilidade.»
- **4.c:** «Aumentar considerablemente a oferta de docentes cualificados, mesmo mediante a cooperación internacional para a formación de docentes nos países en desenvolvemento, especialmente os países máis empobrecidos e os pequenos estados insulares en desenvolvemento.»

Para avanzar nestas metas, a Universidade de Vigo contribúe mediante os seguintes instrumentos:

- Bolsas para alumnado beneficiario/a ou solicitante de protección internacional

A Universidade de Vigo convocou por cuarta vez as axudas económicas para alumnado beneficiario ou solicitante de protección internacional para consolidar este programa de apoio. O obxectivo destas bolsas é facilitar o acceso e a integración das persoas refuxiadas e demandantes de asilo nos estudos universitarios, preferentemente oficiais, na UVigo.

- Bolsas para alumnado procedente do Sur Global
- Learn África Mulleres por África: fomenta o acceso á educación superior de calidade para mulleres, con especial énfase no apoderamento feminino a través do coñecemento.
- Bolsas de posgrao Fundación Carolina: dirixidas a graduadas/os de países da comunidade iberoamericana con traxectoria de compromiso social.
- Bolsas para alumnado da UVigo en materia de cooperación e equidade

No curso 2023/2024 concedéronse dúas bolsas específicas para formación en responsabilidade social, equidade e cooperación, unha no campus de Ourense e outra no de Vigo, dirixidas a alumnado que colabora en tarefas relacionadas cos seus estudos e en réxime de compatibilidade coas súas obrigas académicas.

Ademais, en 2024 publicouse a convocatoria de bolsas de mobilidade en proxectos ou accións de cooperación no exterior, dirixidas a alumnado de grao e mestrado oficial da UVigo. O obxectivo destas bolsas é sensibilizar o estudantado mediante a súa participación directa en proxectos de cooperación

internacional para o desenvolvemento, permitindo integrar coñecementos teóricos e prácticos adquiridos na súa formación académica e contribuír, como cidadanía comprometida, aos retos globais da Axenda 2030.

Na edición do curso 2023/2024, unha alumna de Enxeñaría de Telecomunicación realizou unha estada en Honduras, participando nun proxecto coordinado pola ONGD Enxeñaría Sen Fronteiras. Isto exemplifica o impacto real destas bolsas na formación e na sensibilización do alumnado, así como na súa implicación en accións de cooperación internacional.

Premios

En 2024, a Universidade de Vigo reforzou o seu compromiso coa responsabilidade social, a Axenda 2030 e a cooperación ao desenvolvemento a través de varias iniciativas e recoñecementos destacados:

- **Premios ao mellor TFG/TFM en responsabilidade social, Axenda 2030 e cooperación ao desenvolvemento:** convocouse unha nova edición destes premios, na que se lles outorgaron 18 galardóns a traballos de fin de grao e de fin de mestrado que trataron temáticas como a tradución con perspectiva de xénero, o impacto da responsabilidade social corporativa na rendibilidade empresarial, a análise da calidade da auga en contextos vulnerables, a sustentabilidade na industria alimentaria ou propostas de boas prácticas para a Axenda 2030. Estes recoñecementos visibilizan o esforzo do alumnado por integrar os ODS e os valores da cooperación nas súas investigacións.
- **Premios UVigo Humana:** o Consello Social da UVigo, a través destes galardóns financiados polo propio consello, recoñeceu en 2024 a traxectoria e o labor solidario de dúas entidades: a UNRWA España (Axencia de Nacións Unidas para a poboación refuxiada de Palestina en Oriente Próximo) e a delegación galega de Emaús Fundación Social. A UNRWA foi destacada polo seu papel fundamental na protección das persoas refuxiadas de Palestina, mentres que Emaús recibiu o premio polo seu traballo innovador a favor das persoas máis vulnerables en Vigo, construíndo un tecido social inclusivo e poñendo a persoa no centro da súa acción.
- **Concurso «Móvetes polos ODS»:** organizada a cuarta edición deste certame, no marco da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), repartíronse catro premios aos mellores vídeos de 1 minuto sobre cuestións relacionadas cos ODS e a Axenda 2030. O concurso, aberto ao alumnado das tres universidades galegas, ten como obxectivo sensibilizar sobre a importancia de participar activamente na solución dos grandes retos globais como a desigualdade, o cambio climático ou a perda de biodiversidade.

O impulso das alianzas e o fortalecemento do papel da Universidade de Vigo en materia de cooperación no marco da Axenda 2030 constitúen unha das liñas estratéxicas fundamentais para avanzar no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). O éxito neste ámbito depende en gran medida da creación de sinerxías e do traballo en rede, tanto no ámbito interno coma externo.

A Universidade de Vigo é membro activo da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), integrada polas tres universidades galegas (Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña) e financiada pola Xunta de Galicia. Esta rede ten como obxectivo fortalecer o papel das universidades galegas como axentes de cooperación, promover o traballo en rede na cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD) e na educación para o desenvolvemento (EpD), así como constituír unha comunidade epistémica no eido da cooperación. A UVigo tamén participa noutras redes interuniversitarias, como a sectorial de internacionalización e cooperación da CRUE, colaborando activamente a través da súa área de equidade e cooperación.

No ámbito interno, a universidade traballa en localizar, visibilizar e crear sinerxías entre os seus membros, favorecendo a formación de equipos multidisciplinares tanto dentro da propia institución coma en colaboración con outras universidades. Unha ferramenta clave para isto é o rexistro de cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD), que recolle información actualizada sobre persoas e entidades que traballan neste ámbito, incluíndo PDI e entidades colaboradoras.

Ademais, a UVigo mantén e consolida relacións activas coas entidades sociais do seu contorno, deseñando accións conxuntas en formación, proxectos de cooperación, proxectos de aprendizaxe-servizo vinculados aos ODS, voluntariado e colaboración en comisións e plans de estudo. Estas accións permiten avanzar de maneira coordinada e efectiva en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento no marco da Axenda 2030.

Anexo I. Índice de contidos GRI

Índice de contidos GRI				
Indicador GRI	Descrición do contido	Apartado da memoria	Omisión	Verificación externa
Estándares universais				
GRI 1 Fundamentos 2023				
Declaración de uso	A Universidade de Vigo elaborou a presente memoria de responsabilidade social adaptada ao estándar GRI. O alcance desta memoria corresponde ao curso académico 2022/2023 e ao ano natural 2023.			
GRI 1 usado	GRI 1. Fundamentos 2021			
Estándares GRI	Séguese os nove requisitos establecidos para a conformidade do estándar GRI, pero debido a que non se fai unha verificación externa, tal e como queda exposto na «metodoloxía», só se pode indicar que se utilizan como referencia os estándares GRI.			
Estándares sectoriais GRI aplicables	Esta memoria de responsabilidade social está adaptada ao ser unha institución de educación superior e non se aplica un estándar sectorial concreto ao non estar definido polo GRI, senón que se aplican indicadores recollidos en estándares sectoriais.			
GRI 2. Contidos xerais 2023				
1. A organización e as súas prácticas de presentación de informes				
2-1	Pormenores organizativos	2.2		
2-2	Entidades incluídas na presentación de informes de sostibilidade	2.2		
2-3	Período obxecto do informe, frecuencia e punto de contacto	1.3		
2-4	Actualización da información	Todos os cadros e os gráficos actualízanse en referencia ao curso académico ou ao ano natural. 1.1, 1.2, 6.8		
2-5	Verificación externa	Non se realiza		✓
2. Actividades e traballadores/as				
2-6	Actividades, cadea de valor e outras relacións comerciais	2.1, 2.4, 2.5, 2.6		
2-7	Empregados/as	4.2		
2-8	Traballadores/as que non son empregados/as	4.7		

Índice de contidos GRI

Indicador GRI	Descrición do contido	Apartado da memoria	Omisión	Verificación externa
3. Gobernanza				
2-9	Estrutura de gobernanza e composición	2.3		
2-10	Nomeamento e selección do máximo órgano de goberno	4.6		
2-11	Presidente do máximo órgano de goberno	2.3		
2-12	Función do máximo órgano de goberno na supervisión da xestión dos impactos	Non delimitado	✓	
2-13	Delegación da responsabilidade de xestión dos impactos	Non delimitado	✓	
2-14	Función do máximo órgano de goberno na presentación de informes de sostibilidade	O Consello de Goberno e o Consello Social son os órganos ante os cales se presenta a información non financeira desta memoria		
2-15	Conflitos de interese	Aplícase a lexislación da función pública e a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e os códigos éticos da Xunta de Galicia e o propio da UVigo 1.1		
2-16	Comunicación de inquiredanzas críticas	4.6.4		
2-17	Coñecementos colectivos do máximo órgano de goberno	Non delimitado	✓	
2-18	Avaliación do desempeño do máximo órgano de goberno	Non delimitado	✓	
2-19	Políticas de remuneración	Aplícase a lexislación da función pública e as leis anuais de orzamentos estatal e autonómico		
2-20	Proceso para determinar a remuneración	Non delimitado	✓	
2-21	Cociente de compensación total anual	Non calculado	✓	

4. Estratexia, políticas e prácticas

2-22	Declaración sobre a estratexia de desenvolvemento sostible	Cartas do presidente do Consello Social e do reitor
2-23	Compromisos e políticas	1.4, 3.1, 3.2, 3.3
2-24	Incorporación dos compromisos e das políticas	5.6
2-25	Procesos para reparar os impactos negativos	3.3.5, 4.6.2, 4.6.3, 4.6.4
2-26	Mecanismos para solicitar asesoramento e formular inquietudes	1.1, 1.2, 5.6
2-27	Cumprimento da lexislación e das normativas	5.1
2-28	Afiliación a asociacións	4.6.1
5. Participación dos grupos de interese		
2-29	Enfoque para a participación dos grupos de interese	2.2.2, 3.3, 4.6
2-30	Convenios de negociación colectiva	4.2
GRI 3. Temas materiais 2022		
3-1	Proceso de determinación dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
3-2	Listaxe de temas materiais	Apartado de metodoloxía
Dimensión económica		
Cadea de subministración responsable		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
203-2	Impactos económicos indirectos significativos	5.2, 5.7
204-1	Proporción de gasto en provedores locais	5.4
Desempeño económico e financeiro		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
201-1	Valor económico directo xerado e distribuído	5.2, 5.7
201-2	Implicacións financeiras e outros riscos e oportunidades derivados do cambio climático	5.1
203-2	Impactos económicos indirectos significativos	5.5, 5.7
207-1	Enfoque fiscal	5.1, 5.7
207-2	Gobernanza fiscal, control e xestión de riscos	5.3

207-3	Participación dos grupos de interese e xestión das súas inquietudes en materia fiscal	5.6
Investimento socialmente responsable e financiamento sostible		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
201-1	Valor económico directo xerado e distribuído	5.2, 5.7
201-2	Implicacións financeiras e outros riscos e oportunidades derivados do cambio climático	6.5
304-2	Impactos significativos das actividades, produtos e servizos na biodiversidade	3.5, 6.7, 6.8
Dimensión ambiental		
Biodiversidade		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
304-1	Sítios operacionais en propiedade, alugados ou xestionados situados dentro de ou xunto a áreas protexidas ou zonas de gran valor para a biodiversidade fóra de áreas protexidas	6.1, 6.2
304-2	Impactos significativos das actividades, produtos e servizos na biodiversidade	3.5, 6.7, 6.8
304-3	Hábitats protexidos ou restaurados	6.2, 6.3
304-4	Especies que aparecen na listaxe vermella da IUCN e en listaxes nacionais de conservación cuxos hábitats se atopan en áreas afectadas polas operacións	6.2
Cambio climático		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
302-1	Consumo de enerxía dentro da organización	6.6
305-1	Emisións directas de GEI (alcance 1)	6.4
305-2	Emisións indirectas de GEI asociadas á enerxía (alcance 2)	6.4
305-3	Outras emisións indirectas de GEI (alcance 3)	6.4
305-4	Intensidade das emisións de GEI	6.4
305-5	Redución das emisións de GEI	6.5
Economía circular		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
301-1	Materiais utilizados por peso ou por volume	3.5, 6.2, 6.7, 6.8

301-2	Insumos reciclados utilizados	3.5, 6.2, 6.7
302-1	Consumo de enerxía dentro da organización	6.6
306-1	Xeración de residuos e impactos significativos relacionados cos residuos	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
306-2	Xestión de impactos significativos relacionados cos residuos	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
306-3	Residuos xerados	6.2
306-4	Residuos non destinados á eliminación	6.2
306-5	Residuos destinados á eliminación	6.2
Transición enerxética		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
302-1	Consumo de enerxía dentro da organización	6.6
302-4	Redución do consumo enerxético	6.5
302-5	Redución dos requisitos enerxéticos de produtos e servizos	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
Dispoñibilidade e xestión da auga		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
303-1	Interacción coa auga como recurso compartido	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
303-2	Xestión dos impactos relacionados coa vertedura de auga	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
303-3	Extracción de auga	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
303-4	Vertedura de auga	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
303-5	Consumo de auga	3.5, 6.2, 6.7, 6.8
Dimensión social		
Conectividade, dixitalización e ciberseguridade		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
418-1	Reclamacións fundamentadas relativas a violacións da privacidade e perda de datos do cliente/a	Non se informe nesta memoria, pero existe un delegado/a de protección de datos en cumprimento da lexislación vixente
Satisfacción do cliente/a		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
417-1	Requisitos para a información e a etiquetaxe de produtos e servizos	2.4, 2.5, 2.6

417-4	Casos de incumprimento relacionados coa información e a etiquetaxe de produtos e servizos	4.6.4	
417-5	Casos de incumprimento relacionados con comunicacións de mercadotecnia	4.6.4	
Atracción, desenvolvemento e retención do capital humano			
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía	
401-1	Contratacións de novos empregados e rotación de persoal	2.2.2, 4.2	
404-1	Media de horas de formación ao ano por empregado/a	4.2.5	
404-2	Programas para desenvolver as competencias dos empregados/as e programas de axuda á transición	4.2.5	
404-3	Porcentaxe de empregados/as que reciben avaliacións periódicas do seu desempeño e do desenvolvemento da súa carreira	Non calculado para o PTXAS. Non incluídas nesta memoria as actividades de avaliación do profesorado	✓
405-2	Cociente entre o salario básico e a remuneración de mulleres e de homes	Non se calcula. A Universidade de Vigo participou no estudo de fenda salarial promovido polo Ministerio de Universidades cuxos resultados se poden consultar no portal de transparencia	✓
Seguridade e saúde			
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía	
403-1	Sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo	4.2.6	
403-2	Identificación de perigos, avaliación de riscos e investigación de incidentes	4.2.6	
403-3	Servizos de saúde no traballo	4.2.6	
403-4	Participación dos traballadores/as, consultas e comunicación sobre saúde e seguridade no traballo	4.2.6	
403-5	Formación de traballadores/as sobre saúde e seguridade no traballo	4.2.6	
403-6	Promoción da saúde dos traballadores/as	4.2.6, 7.4	
403-7	Prevención e mitigación dos impactos para a saúde e a seguridade no traballo directamente vinculados a través das relacións comerciais	4.2.6	

403-8	Cobertura do sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo	4.2.6
403-9	Lesións por accidente laboral	4.2.6
403-10	As doenzas e as enfermidades laborais	4.2.6
410-1	Persoal de seguridade capacitado en políticas ou procedementos de dereitos humanos	4.2.6
416-1	Avaliación dos impactos das categorías de produtos e servizos na saúde e a seguridade	4.2.6
416-2	Casos de incumprimento relativos aos impactos das categorías de produtos e de servizos na saúde e a seguridade	4.2.6

Diversidade e igualdade de oportunidades

3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía	
202-1	Cocientes entre o salario de categoría inicial estándar por xénero e o salario mínimo local	Non se calcula. A Universidade de Vigo participou no estudo de fenda salarial promovido polo Ministerio de Universidades cuxos resultados se poden consultar no portal de transparencia	✓
401-1	Contratacións de novos empregados/as e rotación de persoal	4.2	
401-2	Prestacións para os empregados/as a tempo completo que non se lles dan aos empregados/as a tempo parcial ou temporais	Non se dá na Universidade de Vigo	✓
401-3	Permiso parental	4.3.2	
405-1	Diversidade de órganos de goberno e empregados	2.3, 4.3	
405-2	Cociente entre o salario básico e a remuneración de mulleres e homes	Non se calcula. A Universidade de Vigo participou no estudo de fenda salarial promovido polo Ministerio de Universidades cuxos resultados se poden consultar no portal de transparencia	✓
406-1	Casos de discriminación e accións correctivas emprendidas	4.6.2, 4.6.3	

Ética e igualdade

3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
-----	-----------------------------	-------------------------

205-1	Operacións avaliadas en función dos riscos relacionados coa corrupción	5.6
205-2	Comunicación e formación sobre políticas e procedementos anticorrupción	5.6
205-3	Incidentes de corrupción confirmados e medidas tomadas	5.6
Transparencia e políticas públicas		
3-3	Xestión dos temas materiais	Apartado de metodoloxía
201-4	Asistencia financeira recibida do goberno	5.1
207-1	Enfoque fiscal	3.8
207-2	Gobernanza fiscal, control e xestión de riscos	3.8

Anexo II. Relación de ODS

Obxectivos de desenvolvemento sostible		Epígrafe da memoria RSU
	Fin da pobreza	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.5, 4.1.2, 7.3, 7.7
	Fame cero	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.5, 4.1.2, 7.3, 7.7
	Saúde e benestar	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.4.2, 3.4.3, 3.5, 3.7, 4.2.6, capítulo 6, 7.4, 7.7
	Educación de calidade	1.3, 1.4, 2.2, 2.4, 2.5, 2.6, 2.7, 2.8, 3.1, 3.2, 3.3, 3.5, 4.1.2, 4.1.3, 4.2.5, 4.4, 5.7, 6.8, 7.5, 7.6, 7.7
	Igualdade de xénero	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.5, 4.3, 7.7
	Auga limpa e saneamento	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.4.2, 3.5, capítulo 6, 6.8, 7.7
	Enerxía accesible e non contaminante	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.5, capítulo 6, 6.8, 7.7.
	Traballo digno e crecemento económico	2.2, 2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.5, 4.1.3, 4.2, 4.2.6, 4.7, capítulo 5, 5.7, 7.7
	Industria, innovación e infraestrutura	2.2, 2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4.1, 3.4.2, 3.4.3, 3.4.4 3.5, 4.1.2, capítulo 5, 5.7, 7.7
	Reducindo desigualdades	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.5, 4.1.2, 4.2.4, 5.7, 7.3, 7.7
	Cidades e comunidades sostibles	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.4.4, 3.5, capítulo 5, capítulo 6, 6.8, 7.7
	Produción e consumo responsable	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.4.2, 3.5, capítulo 5, capítulo 6, 6.8, 7.7
	Acción polo clima	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.5, capítulo 6, 7.7
	Vida submarina	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.4.1, 3.5, 7.7

Obxectivos de desenvolvemento sostible		Epígrafe da memoria RSU
	Vida de ecosistemas terrestres	2.5, 2.6, 2.8, 3.1, 3.3, 3.4.1, 3.5, capítulo 6, 7.7
	Paz, xustiza e institucións	1.3, 1.4, 2.1, 2.3, 2.5, 2.6, 2.7, 2.8, 3.1, 3.3, 3.4.1, 3.4.2., 3.4.3, 3.4.4, 3.5, 3.6, 4.1.1, 4.2.4, 4.3, 4.5, 4.6 capítulo 5, 6.8, 7.1, 7.2, 7.3, 7.5, 7.6, 7.7
	Alianzas para lograr os obxectivos	1.3, 1.4, 2.1, 2.3, 2.5, 2.6, 2.7, 2.8, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4.1, 3.4.2, 3.4.3, 3.4.4, 3.5, 4.1.1, 4.1.2, 4.4, 4.5, 5.7, 7.1, 7.2, 7.3, 7.7

Anexo III. Outras memorias e fontes

Memoria de actividades do Servizo de Estudo, Bolsas e Prezos públicos

Aliñada cos ODS 1, 2, 4, 5, 10 e 17 [dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memoria de actividades deportivas e saudables

Aliñada co ODS 5 [dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memoria de actividades da Unidade de Igualdade

Aliñada co ODS 5 [dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual sobre atención ao alumnado con diversidade

Aliñada co ODS 10 [dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual da Oficina de Medio Ambiente

Aliñada cos ODS 3, 6, 7, 11, 12, 13 e 15 [dimensión ambiental]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual sobre a pegada ecolóxica

Aliñada cos ODS 3, 6, 7, 11, 12, 13 e 15 [dimensión ambiental]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memoria anual do Campus do Mar

Aliñada co ODS 14 [dimensión ambiental]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe anual de auditoría e conta anual

Aliñada co ODS 16 [dimensión económica]

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/informacion-institucional/presupuestos>

Informe do impacto económico da actividade da Universidade de Vigo

Aliñada cos ODS 4, 8, 9, 10 e 17 [dimensión económica]

<https://consellosocial.uvigo.gal/es/publicacion/impacto-economico-da-actividade-da-universidade-de-vigo/>

Memoria de actividades do Consello Social

Aliñada cos ODS 16 e 17 [dimensión económica e dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Informe de actividades do Consello Social

Aliñada cos ODS 16 e 17 [dimensión económica e dimensión social]

<https://consellosocial.uvigo.gal/rsu-e-transparencia/>

Informe anual do sistema de xestión de queixas, suxestións e parabéns

Aliñada cos ODS 16 e 17 [dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/sistema-qsp>

Memoria de actividades da Unidade de Análises e Programas

Aliñada cos ODS 16 e 17 [dimensión social]

<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

Memorias de centros singulares de investigación

Aliñadas principalmente co ODS 9 [dimensión ambiental e dimensión social]

Memoria de actividades do Cintecx

<http://cintecx.uvigo.es/gl/cintecx/transparencia/>

Memoria de actividades do Cinbio

<https://cinbio.es/quen-somos/memorias-de-actividade/>

Memoria de actividades de Atlanttic

<https://atlanttlic.uvigo.es/gl/quen-somos/informes-anuais/>

Portal de transparencia [dimensión económica]

Informes sobre indicadores de xestión económica e contratación

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/39? locale=gl>

Información económica e orzamentaria

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/7? locale=gl>

Portal de transparencia [dimensión ambiental]

Informe sobre indicadores de medio ambiente

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/32>

Portal de transparencia [dimensión social]

Informes sobre persoal

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/4>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/37>

Informes sobre responsabilidade social

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/16>

Diversos informes no catálogo de datos da UVigo en cifras

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/5>

Anexo IV. Metodoloxía

A presente memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo está adaptada ao **estándar universal do Global Reporting Initiative (GRI) 2021**, concretamente aos documentos «GRI 1. Fundamentos 2021», «GRI 2. Contidos xerais 2021» e «GRI 3. Temas materiais 2021», que son de obrigado cumprimento para informes publicados a partir do 1 de xaneiro de 2023.

O **GRI 1. Fundamentos 2021** establece o propósito e o sistema dos estándares GRI, explicando conceptos clave para a elaboración de informes de sostibilidade. Define tamén os requirimentos e os principios que as organizacións deben cumprir para que os seus informes sexan conformes os estándares GRI.

Os **requirimentos de conformidade** detallados no estándar **GRI 1. Fundamentos 2021** son os seguintes:

Requirimento 1. Aplicar os principios para elaborar informes

A organización debe aplicar os principios de precisión, equilibrio, claridade, comparabilidade, exhaustividade, contexto de sostibilidade, puntualidade e verificabilidade para garantir a calidade e a presentación axeitada da información (apartado 3.2).

Requirimento 2. Presentar os contidos correspondentes a GRI 2. Contidos xerais 2021

É obrigatorio presentar toda a información requirida en GRI 2, que inclúe detalles organizativos, gobernanza, actividades, políticas e outros aspectos xerais.

Requirimento 3. Determinar os temas materiais

A organización debe identificar os temas materiais relevantes segundo as súas circunstancias e impactos, seguindo as directrices de GRI 3. No caso dunha universidade, isto céntrase na docencia, investigación e transferencia de coñecemento (artigo 2.1 da LOSU).

Requirimento 4. Presentar os contidos correspondentes a GRI 3. Temas materiais 2021

Debe informarse sobre o proceso de determinación dos temas materiais, a listaxe destes temas e a súa xestión. Pódese atopar a relación detallada no anexo co índice de contidos GRI e o apartado do GRI 3.

Requirimento 5. Presentar contidos dos estándares temáticos GRI para cada tema material

Véxase a relación detallada de cada indicador escollido no anexo co índice de contidos GRI.

Requirimento 6. Proporcionar os motivos para a omisión relativos ao contido ou ao requirimento que a organización non poida cumprir

No caso de que algún indicador temático GRI non puidese ser informado, a Universidade de Vigo xustifica a súa omisión nos anexos da memoria, especificando os motivos máis habituais: datos non dispoñibles, non aplicabilidade, confidencialidade, en fase de desenvolvemento.

Requirimento 7. Publicar un índice de contidos GRI

A memoria incorpora un **índice de contidos GRI** nos seus anexos, onde se desagrega a aplicación dos indicadores en cada apartado. Este índice permite localizar de forma rápida e transparente toda a información relativa a cada estándar e indicador, o que a revisión e a comparabilidade coas directrices internacionais.

Requirimento 8. Proporcionar unha declaración de uso

A Universidade de Vigo declara que a súa memoria de responsabilidade social foi elaborada de acordo cos estándares universais GRI 2021, cumprindo cos nove requirimentos do estándar GRI 1.

Na declaración de uso inclúese:

- **Nome da organización:** Universidade de Vigo
- **Período obxecto do informe:** (indíquense as datas de inicio e de fin do período informado; por exemplo: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024)

Requirimento 9. Notificarlle á GRI

A Universidade de Vigo notificoulle á Global Reporting Initiative (GRI) a utilización dos estándares e a súa declaración de uso, enviando a información requirida ao enderezo electrónico oficial: reportregistration@globalreporting.org

Namentres non se audite a memoria de responsabilidade social, non se pode afirmar con total certeza que a presente memoria cumpre fielmente os nove requirimentos de conformidade do estándar GRI 1, aínda que se tente aplicalos e se siga a metodoloxía recomendada. Por este motivo, a Universidade de Vigo indica que a súa memoria se adapta ao estándar do Global Reporting Initiative e que se elabora segundo a opción «Elaboración de informes utilizando como referencia os estándares GRI», tal e como recolle o apartado 3.1 do estándar.

Segundo este enfoque de referencia, a elaboración do informe require cumprir, polo menos, os seguintes pasos fundamentais:

- Publicar un índice de contidos GRI (requirimento 7)
- Proporcionar unha declaración de uso (requirimento 8)
- Notificarlle á GRI (requirimento 9)

O estándar universal **GRI 2. Contidos xerais 2021** establece os requisitos para que as organizacións presenten información clave sobre as súas prácticas de reporte, detalles organizacionais, actividades, gobernanza e políticas.

A estrutura do GRI 2 inclúe os seguintes bloques principais (véxase no anexo a desagregación detallada no índice de contidos GRI):

1. A organización e as súas prácticas de presentación de informes

Debe recollerse información detallada sobre datos de organización básicos, entidades incluídas no informe, período obxecto do informe, frecuencia de reporte e punto de contacto, actualización da información e posibles reexpresións de datos e, se procede, información sobre a verificación externa dos datos presentados.

2. Actividades e persoal traballador

A organización debe presentar unha descrición dos sectores nos que desenvolve a súa actividade e poden identificarse estes sectores mediante categorías xerais como público ou privado, ou ben por sectores específicos como o educativo. Ademais, debe describir a súa cadea de valor, incluíndo as actividades, os produtos e os servizos que ofrece, os mercados nos que opera, a súa cadea de subministración e as relacións comerciais relevantes. Tamén se require indicar calquera cambio significativo nestes aspectos respecto ao período anterior do informe.

En relación co persoal, a organización ten que informar do número total de persoas empregadas, desagregando estes datos por xénero e por rexión cando sexa relevante. Así mesmo, debe presentar o

número de persoal traballador que non é empregado directo pero cuxo traballo está controlado pola organización, así como aquel cuxo traballo non está baixo o seu control directo.

3. Gobernanza

A organización debe describir detalladamente a súa estrutura de gobernanza, incluíndo os comités do máximo órgano de goberno, enumerar os comités responsables da toma de decisións e da supervisión da xestión dos impactos da organización sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, así como describir a composición do máximo órgano de goberno e dos seus comités segundo diversos criterios, (véxanse os detalles no índice do anexo I).

4. Estratexia, políticas e prácticas

A organización debe presentar unha declaración sobre a importancia do desenvolvemento sostible para a súa actividade e a súa estratexia, así como os compromisos e as políticas de conduta empresarial responsable que ten adoptados. Debe informar tamén sobre os procesos establecidos para remediar impactos negativos, os mecanismos de asesoramento e cumprimento da lexislación e normativas, e a súa afiliación a asociacións relevantes.

5. Participación dos grupos de interese

A organización ten que informar sobre as prácticas de participación dos grupos de interese, incluída a negociación colectiva co persoal empregado, e os convenios de negociación colectiva (véxanse os detalles no índice do anexo I).

O estándar universal **GRI 3. Temas materiais 2021** proporciona unha guía detallada para que as organizacións determinen cales son os seus temas materiais, é dicir, os que representan os impactos máis significativos sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluídos os que afectan aos dereitos humanos. O estándar tamén explica como deben empregarse os estándares sectoriais GRI no proceso de identificación destes temas.

O estándar GRI 3 está estruturado do seguinte xeito:

1. Orientacións para determinar os temas materiais

No proceso de determinación dos temas materiais, a organización debe seguir catro pasos fundamentais:

Paso 1. Entender o contexto da organización

No caso da Universidade de Vigo, este contexto vén definido pola Constitución española e polas diferentes leis orgánicas universitarias, a máis recente a LOSU, que establecen que o sistema universitario ten como propósito garantir e prestar o servizo público da educación superior universitaria a través da docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento. Estes tres ámbitos constitúen a esencia e a razón de ser de calquera universidade española.

Ademais, a Universidade de Vigo concreta a súa visión e misión no seu plan estratéxico (apartado 2.8), así como nos seus estatutos, onde se recollen o modelo de negocio e as principais liñas estratéxicas da organización. As actividades principais da universidade inclúen a docencia (apartado 2.4), a investigación e a transferencia (apartado 2.5), pero tamén destacan outras áreas como o compromiso coa transferencia social e cultural (apartado 7.1), a colaboración cos axentes sociais

(apartado 7.2), a promoción do voluntariado e da cooperación (apartado 7.3), a saúde (apartado 7.4) e o compromiso coa lingua e coa cultura galegas (apartado 7.6).

A identificación dos grupos de interese é fundamental neste contexto. Os principais grupos de interese, segundo a lexislación universitaria, son o alumnado (apartado 4.1), o persoal docente e investigador (apartado 4.2), o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (apartado 4.2) e o persoal investigador (apartado 4.2). Esta listaxe amplíase á comunidade alumni ou antigo alumnado (apartado 4.4), a grupos vulnerables como as persoas con necesidades específicas (apartado 4.3.3) e ás empresas que prestan servizos ou subministracións á universidade (apartado 5.4).

Paso 2. Identificar impactos reais e potenciais

A organización identifica os seus impactos reais e potenciais sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluídos os impactos sobre os dereitos humanos, en todas as actividades e relacións comerciais. No caso da Universidade de Vigo, esta identificación abrangue o seu desempeño nas tres dimensións clásicas: a económica (capítulo 5), a ambiental (capítulo 6) e a social (capítulo 7), así como nunha dimensión específica que é a súa responsabilidade social na ensinanza e na investigación (capítulo 3).

O estándar GRI 3 concede unha enorme importancia a comprender as preocupacións dos grupos de interese e ao valor de consultar tanto persoas expertas internas coma externas, coma organizacións da sociedade civil e persoal investigador. Destaca, ademais, a necesidade de obter información relevante a través de mecanismos de queixas e reclamacións propios da organización. Neste sentido, a Universidade de Vigo dispón dun sistema de queixas, suxestións e parabéns como canle de comunicación cos seus grupos de interese (apartado 4.6.4), do cal se publica anualmente o informe correspondente.

A comprensión das necesidades dos diferentes colectivos está regulamentada legalmente mediante a súa participación nos distintos órganos e niveis de goberno da universidade, desde departamentos e centros ata o Consello de Goberno, o Claustro e o Consello Social (apartado 4.6.1), así como a través de órganos específicos como a Valedoría Universitaria (apartado 4.6.2) e a Unidade de Convivencia (apartado 4.6.3). Ademais, as diferentes enquisas de avaliación de satisfacción permiten coñecer de xeito continuado a percepción dos distintos grupos de interese (apartado 3.2.4).

Cómpre salientar, finalmente, a existencia do Consello Social nas universidades como un medio fundamental de participación das organizacións da sociedade civil e doutros representantes externos na vida universitaria, desempeñando funcións de gran relevancia para o bo goberno e a transparencia institucional.

Paso 3. Avaliar a importancia dos impactos

Unha vez identificados os impactos reais e potenciais, a organización debe avaliar a súa importancia para poder priorizalos. Esta priorización permite tomar medidas para tratar os impactos máis relevantes e determinar os temas materiais sobre os que debe presentar información, tal e como establece o estándar GRI 3.

No caso da Universidade de Vigo, a avaliación dos impactos realízase en función do seu efecto nos procesos de ensinanza (apartado 3.2), na investigación, na divulgación e na transferencia do coñecemento (apartado 3.3), así como na promoción da igualdade de xénero, na conciliación familiar e laboral, e nas medidas de apoio á inserción das persoas con necesidades específicas (apartado 4.3). Ademais, como institución encargada da investigación e transferencia do coñecemento, a universidade conta co Comité de Ética na Investigación (Cetic), que dispón de tres comités independentes especializados para avaliar os impactos na investigación e na experimentación, garantindo así a integridade científica e académica (apartado 3.3.5).

O desempeño de órganos como a Valedoría Universitaria (apartado 4.6.3) reflíctese anualmente no seu informe presentado no Claustro Universitario, así como nos informes da Unidade de Igualdade (apartado 4.3.1) e na actuación da Unidade de Convivencia (apartado 4.6.3), que permiten avaliar os impactos nos diferentes grupos de interese.

No ámbito ambiental, a avaliación dos impactos queda recollida no desempeño ambiental da Universidade de Vigo (capítulo 6), especialmente na medición da súa pegada ecolóxica (apartado 6.4) e na xestión de recursos e residuos (apartado 6.2). A importancia da redución das emisións de CO₂ queda reflectida nas medidas implementadas dentro do Plan Suvi (apartado 6.5). No ano 2023, a Universidade participou na ferramenta de autodiagnóstico da sustentabilidade ambiental das universidades españolas promovida por CRUE Sostibilidade e deseñada polo grupo GESU, que permite avaliar o desempeño na xestión ambiental en ámbitos como urbanismo, biodiversidade, enerxía, auga, mobilidade, residuos, compra verde e impacto ambiental das actividades universitarias (apartado 6.8).

A avaliación do impacto económico queda reflectida na sustentabilidade da xestión económica e na responsabilidade na cadea de aprovisionamento (capítulo 5), así como no informe externo anual realizado por unha auditora inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas. Ademais, durante os anos 2022 e 2023, o Consello Social presentou o primeiro estudo sobre o impacto económico e social da Universidade de Vigo (apartado 5.7), reforzando o control financeiro e a transparencia institucional.

No ámbito social, a avaliación do impacto maniféstase na valoración que a sociedade ten da Universidade de Vigo (capítulos 3 e 7) e na súa achega á transmisión de coñecemento científico, tecnolóxico, social, humanístico, artístico e cultural. Os indicadores que permiten valorar este desempeño e mellorar o rendemento de contas inclúen o fomento da transparencia (apartado 3.6) e o posicionamento en diferentes clasificacións nacionais e internacionais (apartado 2.7.2). Entre estas clasificacións destaca o GreenMetric IU (apartado 6.7), que avalía o desempeño en sustentabilidade con 51 indicadores, 30 evidencias e 6 criterios agrupados en contorno, infraestruturas, enerxía e cambio climático, residuos, auga, transporte, educación e investigación. A universidade elabora un informe de posicionamento nesta clasificación para coñecer o seu desempeño e impacto, comparándose con outras universidades no ámbito nacional e internacional.

Outra clasificación relevante é o The Impact Ranking (apartado 3.5), que avalía o desempeño nos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 das Nacións Unidas. A Universidade de Vigo participa nesta clasificación enviando información para os 17 ODS, con 75 métricas, 315 indicadores e 530 evidencias, o que permite avaliar o impacto en cada obxectivo e obter unha referencia externa

sobre o seu impacto social, ambiental e económico, así como o seu posicionamento respecto ao resto de universidades participantes.

Paso 4. Priorizar os impactos máis significativos sobre os que presentar información

Este proceso de priorización é clave para garantir que o informe se centre nos temas materiais de maior relevancia e impacto, tanto para a propia universidade coma para os seus grupos de interese.

Porén, para que se poida afirmar que se seguen plenamente os criterios do estándar GRI, é necesario que a memoria sexa auditada externamente, tal e como recomenda o estándar universal GRI 1 (recomendación 5) e o contido 2.5 do estándar GRI 2. Ademais, resulta fundamental que os grupos de interese participen activamente na definición da memoria, coa contribución de expertos/as internos e externos, en liña coas recomendacións do estándar universal GRI 5 e o paso 2 do GRI 3. Só deste xeito se garante que a priorización dos impactos reflicte as expectativas e as preocupacións reais dos colectivos implicados.

A priorización require ordenar os impactos de máis a menos significativos, establecendo un punto de corte ou límite para determinar cales serán obxecto de reporte. Este proceso pode basearse en metodoloxías que cuantifican a influencia de cada grupo de interese no desempeño económico, social e ambiental da universidade, así como o impacto da universidade sobre eses grupos, tendo en conta tamén a reputación, a percepción social e outros ámbitos relevantes.

Planificación estratéxica: obxectivos e metas

A planificación estratéxica da Universidade de Vigo concrétese no **Plan estratéxico 2021-2026**, no cal se establecen as liñas mestras para o desenvolvemento institucional e a mellora continua da universidade. Neste plan definíronse cinco eixes estratéxicos e tres eixes transversais que articulan a visión e a misión da universidade para este período. Así mesmo, identificáronse un total de 29 obxectivos estratéxicos, 117 accións concretas e 158 indicadores que permiten medir o grao de cumprimento das metas propostas.

Todos estes elementos son obxecto dunha avaliación anual que realiza unha comisión de seguimento específica. Os resultados desta avaliación preséntanse no Claustro Universitario, que é o máximo órgano de representación da comunidade universitaria, para garantir a transparencia e o rendemento de contas. Posteriormente, o informe de seguimento publícase na web institucional da Universidade de Vigo para facilitar o acceso á información e contribuír á xeración de coñecemento e á participación activa de toda a comunidade universitaria (apartado 2.8).



